



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 7

**Sesión plenaria**  
6 de outubro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

**Punto 1.** Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 18 de setembro de 2020, sobre as declaracións de actividades das deputadas e deputados da XI Lexislatura

**Punto 2.** Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2019 (doc. núm. 1744, 11/IVAL-000001)

Publicación do Informe anual, BOPG nº 15, do 16.09.2020

### **Punto 3. Comparecencias**

#### **3.1 1638 (11/CPP-000014)**

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar do inicio do curso 2020-2021 no ensino e na universidade en Galicia e as actuacións ante a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

Acumúlase na anterior a seguinte:

#### **3.2 1741 (11/CPP-000015)**

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o caos que se está a producir no inicio de curso e que cada día denuncian máis axentes da comunidade educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

#### **3.3 2607 (11/CPP-000018)**

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as liñas estratéxicas do seu departamento en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

### **Punto 4. Moción**

#### **4.1 2520 (11/MOC-000001)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da Atención Primaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1420, publicada no BOPG nº 12, do 08.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 22.09.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020



## Punto 5. Proposicións non de lei

### 5.1 1157 (11/PNP-000097)

#### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

#### Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a procura polo Goberno galego dun amplo acordo co sector turístico co fin de establecer un plan de choque para salvar o turismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

### 5.2 1507 (11/PNP-000138)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

### 5.3 1841 (11/PNP-000170)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

#### Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Comisión Europea en relación co impacto para a frota pesqueira de Galicia da decisión de inserir o marraxo dientuso no Apéndice II da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas da Fauna e Flora Silvestres, CITES

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

### 5.4 1932 (11/PNP-000177)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de recuperar para o patrimonio público as esculturas do Mestre Mateo, en poder da familia Franco, pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

### 5.5 2083 (11/PNP-000194)

#### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

#### Calvo Pouso, Diego e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de incluír as máscaras e os hidroxeles desinfectantes na listaxe de bens aos que se lles aplica o tipo reducido do IVE do 10% ou o superreducido do 4%

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020



**5.6 2147 (11/PNP-000203)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa dedicación e o esforzo de todas as persoas, entidades e institucións que fixeron posible a recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020

**Punto 6. Interpelacións****6.1 465 (11/INT-000005)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

**6.2 828 (11/INT-000033)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

**6.3 961 (11/INT-000037)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

**6.4 1435 (11/INT-000073)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias de persoas maiores privadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

**6.5 1966 (11/INT-000110)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 22.09.2020



## Punto 7 .Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

### 7.1 2601 (11/POPX-000003)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da crise municipal no Concello de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

### 7.2 2602 (11/POPX-000004)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para paliar a crise industrial que está a vivir Galicia, nomeadamente ante a grave situación de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

## Punto 8. Preguntas ao Goberno

### 8.1 1630 (11/POP-000128)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para posibilitar a viabilidade e o mantemento dos postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, no concello do Grove

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

### 8.2 2570 (11/PUP-000071)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Castro García, Daniel**

Sobre as actuacións que está a defender o Goberno galego diante da crise de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

### 8.3 2596 (11/PUP-000072)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego en relación coa situación de Alcoa, en San Cibrao, na provincia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

### 8.4 848 (11/POP-000254)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia para garantir a sostibilidade do sector do transporte público por estrada e para favorecer unha mobilidade segura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020



**8.5 2597 (11/PUP-000073)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da implantación do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área metropolitana de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

**8.6 1231 (11/POP-000082)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar o empeoramento ou supresión do servizo de comedor escolar do CEIP As Mercedes, de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

**8.7 1736 (11/POP-000147)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia na calidade da educación pública das alternativas ofrecidas ao alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria Frei Luis de Granada, de Sarria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 23.09.2020

**8.8 927 (11/POP-000273)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre as iniciativas que desenvolveu o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para prever os riscos derivados da pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 02.09.2020

**8.9 438 (11/POP-000001)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación actual de Galicia ante os gromos da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 4, do 19.08.2020

**8.10 1825 (11/POP-000281)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis**

Sobre o plan de conciliación integral elaborado pola Xunta de Galicia para o caso de que as familias deban exercer o coidado dos menores nos casos de suspensión da actividade lectiva a consecuencia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

*O señor presidente xustifica a inasistencia da deputada dona Sandra Vázquez Domínguez (P), por maternidade, e comunica que exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy Fraga. (Páx. 12.)*

### ***Proposta de alteración da orde do día***

*O señor presidente proponlle á Cámara a inclusión dun novo punto na orde do día cuxo contido sería o debate e votación, polo procedemento de lectura única, da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia e, se é o caso, debate e votación da referida proposición de lei. (Páx. 12.)*

*A proposta de alteración da orde do día apróbase por asentimento. (Páx. 12.)*

**Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 18 de setembro de 2020, sobre as declaracións das actividades das deputadas e dos deputados da XI lexislatura.** (Punto primeiro da orde do día.)

*Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión do Estatuto dos Deputados (Puy Fraga). (Páx. 12.)*

*O señor presidente propón a aprobación por asentimento. (Páx. 13.)*

*O Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados apróbase por asentimento. (Páx. 13.)*

***Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia***

*O señor presidente explica o procedemento de tramitación deste punto da orde do día. (Páx. 13.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 14.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 14.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 14.)*

*A proposta de tramitación polo procedemento de lectura única apróbase por asentimento. (Páx. 14.)*



### ***Debate e votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia***

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 15.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 16.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 16.)

*O señor presidente comunica que, de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda do Regulamento da Cámara, a aprobación desta proposición de lei que modifica parcialmente o Regulamento require maioría absoluta. (Páx. 17.) Así mesmo, informa de que, logo de consultar os Servizos Xurídicos da Cámara, se pode someter ao asentimento da Cámara, se todos os deputados e todas as deputadas están de acordo. (Páx. 17.)*

*A este respecto, a señora Pontón Mondelo (BNG) solicita que se someta a votación. (Páx. 17.) O señor presidente anuncia que, por solicitalo a señora Pontón Mondelo (BNG), a Proposición de lei que modifica parcialmente o Regulamento da Cámara será sometida a votación. (Páx. 17.)*

### ***Votación da proposición de lei***

Votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 18.)*

*O señor presidente agradece a colaboración e as achegas de todas as persoas que participaron na elaboración do texto que se acaba de aprobar. (Páx. 18.)*

### ***Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2019. (Punto segundo da orde do día.)***

*O señor presidente informa de que se vai expoñer o Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2019, conforme a norma terceira reguladora das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobada pola Mesa do Parlamento o 28 de maio de 1991. (Páx. 18.) A seguir, explica o procedemento deste debate. (Páx. 18.)*

Exposición da valedora do pobo: Sra. Fernández Galiño. (Páx. 19.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Abelairas Rodríguez (S) (Páx. 24.), Sr. Castro García (BNG) (Páx. 28.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 30.)





### ***Acumulación de dúas comparecencias***

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar do inicio do curso 2020–2021 no ensino e na universidade en Galicia e das actuacións ante a covid-19.** (Punto terceiro da orde do día.)

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o caos que se está a producir no inicio de curso e que cada día denuncian máis axentes da comunidade educativa.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 48.), *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 51.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 55.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 57.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 63.) *Nesta rolda interveñen o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 63.), *o señor Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 65.), *o señor Rodeiro Tato (P)* (Páx. 67.) e *o señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 69.)

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación co apoio ás persoas con fibrose quística e ás súas familias, que se aproba por asentimento.* (Páx. 72.)

**Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as liñas estratéxicas do seu departamento en materia de vivenda.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 73.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 78.), *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 81.) e *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 85.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 88.)



*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 91.) Nesta rolda interveñen o señor Arangüena Fernández (S) (Páx. 91.), a señora Fernández Gómez (BNG) (Páx. 94.), a señora Díaz Mouteira (P) (Páx. 96.) e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 98.)*

*A señora Prado del Río (P) solicita a palabra e intervén nunha rolda por alusións. (Páx. 100.)  
Suspéndese a sesión ás catro da tarde e retómase ás cinco e dezasete minutos.*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da atención primaria. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 102.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 103.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 106.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 109.)*

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 113.)*

### ***Votación da moción***

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da atención primaria: rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 115.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre a procura polo Goberno galego dun amplo acordo co sector turístico co fin de establecer un plan de choque para salvar o turismo. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 116.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Gallego Sanromán (S). (Páx. 116.)*

*Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Vereza Fraiz (P). (Páx. 119.)*

*Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Pérez López (BNG). (Páx. 121.)*

*A señora Gallego Sanromán (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)*



**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 125.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 127.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 130.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 133.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 137.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Comisión Europea en relación co impacto para a frota pesqueira de Galicia da decisión de inserir o marraxo dientuso no apéndice II da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres, CITES.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 139.)  
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 142.) e *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 144.)

*Nova intervención da señora Egerique Mosquera (P).* (Páx. 146.)

*Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia a deputada dona Sandra Vázquez Domínguez, por maternidade, e exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy.

### ***Proposta de alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Entraríamos, polo tanto, na orde do día. Pero antes de entrar no desenvolvemento deste pleno, eu propóñolles unha modificación da orde do día.

Someto á consideración da Cámara a modificación da orde do día consistente na inclusión dun novo punto para o debate e votación, polo procedemento de lectura única, da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia e, se é o caso, debate e votación da referida proposición de lei.

Propóñolles se o podemos aprobar por asentimento. (*Asentimento.*) Queda aprobado, polo tanto, por asentimento e trataremos este punto no momento en que proceda. Polo tanto, queda aprobada esta modificación da orde do día.

Entramos no primeiro punto, que é o ditame da comisión.

### **Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 18 de setembro de 2020, sobre as declaracións das actividades das deputadas e dos deputados da XI lexislatura**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra o seu presidente, que é don Pedro Puy Fraga, polo tempo que considere oportuno.

¿Quere facelo dende o escano? (*Afirmación.*) Cando queira.

**O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS (Puy Fraga):** Grazas, presidente.

A Comisión do Estatuto dos Deputados, na sesión do 18 de setembro de 2020 e logo do exame das declaracións de actividades presentadas polos deputados e polas deputadas que eran deputadas e deputados nese momento no Parlamento, desenvolveu o seu labor nos termos previstos no artigo 16.2 do Regulamento, e no exercicio da súa función de verificación confrontou as declaracións presentadas coas causas de incompatibilidade establecidas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a súa concordancia



co artigo 6 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño. Rematado o seu labor, por unanimidade emitiu o seguinte ditame:

As deputadas e os deputados da XI lexislatura do Parlamento de Galicia non están neste intre, a teor da documentación presentada, incurso en causas de incompatibilidade e, xa que logo, poden exercer con plenitude de dereitos os deberes inherentes ao cargo parlamentario.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Puy.

Proponse esta aprobación por asentimento, se non teñen ningún inconveniente. (*Asentimento.*) Pois queda aprobada por asentimento.

Moitas grazas.

Agora si entramos no punto que antes lles comentei, que é a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista e do Grupo Parlamentario Socialista de reforma do Regulamento.

### **Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento**

**O señor PRESIDENTE:** Serán dúas tramitacións. En primeiro lugar, imos tratar de aprobar o procedemento. Todo iso tendo en conta que o 2 de outubro se presentou no Rexistro da Cámara a Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia, por iniciativa dos grupos antes mencionados, para que se solicite a súa tramitación polo procedemento de lectura única, que foi admitida a trámite por Resolución da Presidencia do 2 de outubro e ratificada polo Acordo da Mesa do 5 de outubro, o que se incluíu como novo punto da orde do día, conforme o disposto no artigo 73.1 e 73.3 do Regulamento. A tramitación polo procedemento de lectura única desta proposición de lei farase consonte o disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Os grupos parlamentarios dispoñen, polo tanto, dunha rolda para fixar a súa posición, neste caso sobre o procedemento, que será dun minuto e trinta segundos, e poden facelo dende o escano. De seguido, proporemos a súa votación por asentimento. Co cal, daríase o trámite de lectura única.

De ser acordado isto, comezará o debate e a votación da proposición de lei, na que os grupos parlamentarios disporán dunha rolda de tres minutos para fixar a súa posición, tamén dende o escano.

Polo tanto, comezamos co procedemento. Teñen neste caso un minuto e trinta segundos para dar o visto bo sobre o procedemento de lectura única.

Comeza o Grupo Parlamentario Socialista, a través do seu portavoz, don Gonzalo Caballero.



**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

É evidente que corresponde adecuar todas as institucións aos tempos en que estamos vivindo e que, ademais das cuestións de fondo, esas adaptacións hai que facelas tamén nas maiores posibilidades de celeridade para respostar a calquera escenario que poidamos ter no futuro máis inmediato.

Modificar un regulamento é unha cuestión de alto calado e que require de todas as garantías regulamentarias; por iso temos tamén unha cuestión normativa moi regulamentista, protectora dos dereitos da Cámara. Pero existindo consenso e existindo unha garantía respecto dun texto que ten os informes xurídicos favorables deste Parlamento galego e coa necesidade de facer que este Parlamento estea en circunstancias de traballar ante calquera eventualidade, o Grupo Parlamentario Socialista é partidario da tramitación pola vía do procedemento de lectura única.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, grazas presidente.

No BNG estamos de acordo co procedemento. É excepcional, como tamén o é a situación. Non debemos en ningún caso abusar deste tipo de tramitacións rápidas, pero tamén urxe a necesidade de que entre en vigor canto antes, e entendemos que así cumpre tamén co que necesita esta Cámara.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Si, señor presidente. Grazas.

Nós estamos tamén de acordo co procedemento de tramitación porque se dan as circunstancias que entendemos que avalían este procedemento de urxencia e que se basean fundamentalmente nun feito, que é que estamos todos os grupos de acordo. Polo tanto, habendo unanimidade na Cámara, entendemos que canto antes se aprobe esta norma, mellor.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Polo tanto, tendo en conta o escoitado por parte dos grupos parlamentarios, sométese esta votación ao asentimento da Cámara, se lles parece. (*Asentimento.*) Entón, dámola por aprobada. Queda aprobada a forma de tramitala, que é por lectura única.

Entramos no que é en si a proposición de lei, e para iso establécese un debate, neste caso con intervencións de tres minutos por cada un dos deputados que interveñan, para posicionarse sobre a proposición de lei.





## Debate e votación da **Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza o Grupo Parlamentario Socialista, o seu portavoz, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Señoras e señores deputados, todos somos conscientes de que estamos vivindo elementos de incerteza e de imprecisión sobre o que vai acontecer ao longo das próximas semanas, meses..., dos próximos tempos, e hai que adecuar todas as institucións para que todo o sistema político poida estar operativo ante calquera eventualidade.

O Parlamento de Galicia, nun sistema parlamentario e dentro do noso estatuto, é unha institución fundamental que ten que amosar a súa capacidade de dar resposta aos problemas que se poidan dar en Galicia en calquera eventualidade. Por iso temos a necesidade de adaptar o Regulamento tanto nas cuestións de debates como nas cuestións de participación e de votación de cada un dos membros da Cámara parlamentaria, para cando en determinadas circunstancias de emerxencia sanitaria, de excepcionalidade ou de dificultades por unha pandemia non poidan participar; é unha cuestión de país. E querémolo facer, dende logo, dende esa vontade de consenso que nutriu todos os debates sobre esta modificación do Regulamento e respectando todo o espírito do Regulamento anterior, pero adecuándoo ás novas circunstancias e ás novas eventualidades que a todos nos preocupan. E querémolo facer tamén defendendo a importancia do Parlamento, porque cando este tipo de cuestións se fai pode tentar percibirse ou facerse percibir por parte de sectores populistas ou de sectores que están contra o sistema calquera tipo de apreciación, e o que temos que dicir é que a política é máis necesaria que nunca, que a política en tempos de pandemia é fundamental e que o Parlamento de Galicia, onde están a voz, as inquiredanzas e as demandas da nosa cidadanía, ten que estar sempre en condicións de traballar; de traballar polos galegos e polas galegas e de facer e permitir a operatividade, eliminando calquera risco ou situación que se poida dar ante unha eventualidade — que esperemos que non se produza — que dificultase o normal funcionamento do Parlamento, que na práctica sería tamén unha dificultade para o normal funcionamento do sistema político e do país.

Polo tanto, recollendo a proposta que se fixo dende un primeiro momento dende a Presidencia do Parlamento de Galicia, coa vontade de cooperar e, dende logo, seguindo tamén as normas e o que se está facendo en tantos parlamentos de todo o mundo e tamén dentro do noso Estado das autonomías, cremos que é precisa esta vía de apertura, de incorporación dun novo texto, no artigo que fai referencia á participación, que inclúa a participación por vías non presenciais. Cremos que se este texto, esta reforma, ten o aval dos servizos xurídicos da Cámara, é o momento de levala adiante para garantir que o Parlamento de Galicia sempre vai estar en condicións de poder dar respostas ás demandas do noso país.

Grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, a señora Rodil.



**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Si, de maneira breve.

Desde o BNG, primeiro, alédanos que hoxe esteamos a debater esta proposta de reforma como unha iniciativa conxunta de todos os grupos parlamentarios, con todas as forzas desta Cámara. Estamos a vivir unha situación excepcional que exige tamén que adoptemos medidas excepcionais coma esta que garantan o funcionamento do Parlamento a pleno rendemento e coa máxima seguridade xurídica no caso, por exemplo, de que se detecte un gromo entre os grupos parlamentarios.

E dicimos que nos aleda que poidamos debater hoxe esta iniciativa conxunta, que é resultado do diálogo e tamén do necesario debate entre os grupos e da capacidade de acordo, porque a maior parte da sociedade deste país espera, precisamente, iso de nós, capacidade de entendemento e, sobre todo, que esteamos á altura do enorme esforzo que están facendo e que levan facendo as galegas e os galegos desde que se decretou a emerxencia sanitaria.

A pandemia é unha cuestión sobrevida, iso a ninguén lle escapa. Estou convencida de que ninguén nesta Cámara nin fóra dela agardaba ter que vivir unha situación coma esta. E fomos quen de ir procurando fórmulas para que continuase a actividade da Cámara, por exemplo, no exercicio da Deputación Permanente durante o confinamento. Pero agora tamén temos claro que é necesario ir máis alá e blindar —insisto—, con toda a seguridade xurídica, o poder que reside nesta Cámara e, con iso, os dereitos e as obrigas de quen facemos parte dela.

Xa digo que imos apoiar esta proposta por dúas razóns fundamentalmente: a primeira, porque é necesaria, e a segunda, porque é moi concreta. Necesaria porque isto non é un búnker, e moito menos as deputadas e deputados que facemos parte da Cámara somos seres de luz; estamos expostas á covid igual que calquera. É a nosa obriga, polo tanto, como grupos parlamentarios, garantir que a Cámara poida continuar coa súa actividade, habilitando as medidas que sexan necesarias se algunha de nós —e oxalá que non— dá positivo ou se ve afectada en calquera dos termos polo coronavirus. Digo que é necesaria e tamén moi concreta, case cirúrxica, porque situacións excepcionais exixen medidas excepcionais, mais partindo da base de que a condición de deputadas e deputados outorga dereitos, pero tamén obrigas e responsabilidades, e esa condición é indelegable. A presenza física de todas e cada unha de nós non pode nin debe ser substituída por ferramentas telemáticas, agás —como aprobaremos hoxe— por razóns de extrema necesidade e saúde pública, como é o caso.

En definitiva, imos apoiar esta proposta de reforma do Regulamento —e tamén o digo, aínda que resulte un paradoxo— coa esperanza de que non teña que aplicarse. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Si, moitas grazas, señor presidente.





Eu, primeiro, quero expresar o agradecemento aos letrados da Cámara porque contribuíron á redacción técnica dunha reforma regulamentaria que, efectivamente, é moi precisa e moi dirixida ao obxectivo de manter o traballo da Cámara no caso hipotético —que desexamos que nunca se produza— de que parte dos membros desta Cámara, ou mesmo toda a Cámara, teña que ser confinada.

É un agradecemento que eu fago extensivo aos demais grupos porque é certo que isto se plantexou na Xunta de Portavoces que tivemos o pasado 15 de setembro —hoxe 6 de outubro— e, polo tanto, é certo que foi unha tramitación e unha procura dun acordo por parte de todos os grupos para lograr unha redacción que todos puidésemos asumir.

En segundo lugar, quixera tamén dicir que con esta reforma o Parlamento tamén está facendo un exercicio de exemplaridade, porque xustamente do que se trata nestes momentos de pandemia é de garantir que todas as persoas poidan desenvolver o seu traballo. Certamente, o noso ten unhas implicacións na sociedade —porque afecta a toda ela— diferentes ás que se poidan ter en calquera outro oficio. Sen embargo, é un exercicio de responsabilidade demostrar á sociedade que hai que convivir coa pandemia pero seguir adiante cos labores e, ao mesmo tempo, tomando todas as medidas de precaución que, como é evidente, esta Cámara está a tomar.

Con este exercicio de exemplaridade facemos tamén unha demostración de responsabilidade en xeral con relación á actitude fronte á pandemia. É certo que é un problema sobrevido, que é un problema excepcional, e se compartimos o obxectivo común de tomar medidas para minimizar os efectos da pandemia, somos capaces de chegar a acordos que serán bos para todos.

Por tanto, eu reitero o meu agradecemento e confío —ao igual que os portavoces que me precederon— en que esta reforma non teña nunca que ser aplicada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

O artigo único da proposición de lei modifica parcialmente o Regulamento da Cámara polo que, de conformidade co disposto na súa disposición derradeira segunda, a súa aprobación require maioría absoluta. Polo tanto, consultados os Servizos Xurídicos, pódese someter tamén ao asentimento da Cámara, se están todos de acordo. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non?

O letrado, por favor...

A señora Pontón di que debe de ser por votación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, el suxeriume que podía ser... Se se quere por votación, se o solicita, ten o seu dereito e facémolo por votación.

Polo tanto, sometemos a votación o artigo único da Proposición de lei que modifica parcialmente o Regulamento da Cámara, polo que, de conformidade co disposto na súa disposición derradeira segunda, a súa aprobación require a maioría absoluta.



Votamos.

*Votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. dos Socialistas de Galicia, de reforma do Regulamento.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición.*

**O señor PRESIDENTE:** Eu doullas as grazas a todos os grupos pola súa colaboración e polas súas aportacións tamén; e a todas aquelas persoas que non se citan agora aquí pero que nos axudaron a elaborar un texto, que é o que hoxe aprobamos consensuadamente.

Moitas grazas.

Continuamos agora co seguinte punto da orde do día.

### **Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2019**

**O señor PRESIDENTE:** O seguinte punto é o informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2019. Todo iso en aplicación da norma terceira, reguladora da relación entre o Parlamento e a Valedora do Pobo, aprobada pola Mesa o 28 de maio de 1991, *Boletín Oficial do Parlamento* 151.

O debate do Pleno do Informe anual axustarase ao seguinte procedemento: a valedora exporá un resumo do Informe debatido ante a Comisión de Peticións o 25 de setembro de 2020. Ao seu remate, a valedora abandonará o salón de sesións e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións. Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo de 10 minutos cada un para fixar a súa posición respecto do informe presentado.

Con motivo deste debate non poderán presentar propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo das posteriores iniciativas regulamentarias.

Procedemos, polo tanto, á tramitación.

Prégolle ao señor vicepresidente que acompañe a valedora para que acceda á tribuna de oradores e efectúe a súa intervención ante o Pleno.

*(O señor vicepresidente primeiro, Calvo Pouso, acompaña a valedora do pobo ao estrado de oradores.)  
(Pausa.)*

Grazas.

Ten a palabra a valedora do pobo, dona María Dolores Fernández Galiño.



Cando queira.

**A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño):** Presidente do Parlamento de Galicia, membros da Mesa do Parlamento, deputadas e deputados, bos días.

As miñas primeiras palabras deben ser para manifestar as condolencias da institución da Valedora do Pobo polas persoas falecidas pola covid-19 e o apoio a quen sufriu a enfermidade e ás súas familias. Tamén deben ser de recoñecemento ás persoas empregadas en todos os labores de coidado, tan necesarias para poder superar a lacra da pandemia. Manifesto tamén as condolencias da Valedora do Pobo polas mulleres asasinadas, vítimas da violencia de xénero, e polos seus fillos e fillas.

A continuación, quero lembrar que, conforme o Estatuto de autonomía de Galicia, a Valedora do Pobo é a alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da comunidade autónoma, dos dereitos comprendidos no título I da Constitución española.

Na miña toma de posesión en agosto do ano pasado comprométeme ante o Parlamento e ante a sociedade galega a desenvolver, en particular, un decálogo para a promoción dos dereitos fundamentais e liberdades públicas da cidadanía galega. O decálogo referíase aos seguintes dereitos humanos: igualdade e non discriminación por razón de xénero; loita contra a violencia de xénero; erradicación do acoso moral, laboral e escolar; loita contra a explotación humana; os dereitos das persoas con discapacidade; loita contra a discriminación das persoas LGBTI, da mocidade, das persoas maiores ou por motivos raciais, étnicos ou relixiosos; loita contra a pobreza; dereitos dixitais; dereito a institucións sólidas; e sustentabilidade ambiental.

Con este enfoque de dereitos humanos a Valedoría do Pobo despregou unha importante actividade no ámbito da promoción e defensa dos dereitos das persoas recollida no capítulo I do Informe. Este capítulo —que paso a expoñer a continuación— é unha das novidades do Informe do ano 2019.

Feminismo, loita contra a discriminación e violencia de xénero.

O feminismo, como sinal de identidade da institución, e a loita contra a discriminación e a violencia de xénero, son puntos esenciais e transversais do decálogo. No seu desenvolvemento, as actuacións máis salientables foron: aperturamos un espazo virtual na páxina web da institución para aportar reflexións cualificadas en materia de igualdade e contra a violencia nunha xanela que aparece no inicio baixo o título «Falamos de feminismo». Trátáronse temas tales como o negacionismo, o acoso sexual, referencias a personaxes históricos como Olympe de Gouges ou Concepción Arenal, a multidiscriminación en relación coas mulleres xitanas ou coas mulleres maiores e a perspectiva psicolóxica ou psiquiátrica das vítimas e dos maltratadores.

Fixemos achegas ás conclusións do XXIV Congreso da Federación Iberoamericana de Ombudsman sobre violencia de xénero e igualdade, referidas a cuestións tales como a necesidade de leis transversais de igualdade; a prevención do acoso sexual e do acoso sexista no



ámbito da educación, incluíndo a universitaria; a valoración da testemuña da vítima ou a garantía de inmunidade polo feito de denunciar. Estas achegas foron incorporadas na súa integridade nas conclusións da FIO, e esta institución, a Valedoría, foi felicitada por iso.

Asinamos un convenio coas tres unidades galegas para a convocatoria dos premios anuais Valedora do Pobo sobre igualdade de xénero para traballos de fin de grao e traballos de fin de másteres. Trátase tamén de recoñecer o traballo da mocidade na defensa dos dereitos humanos.

Publicamos comunicacións institucionais con ocasión de datas nas que se conmemora a loita contra a discriminación e a violencia de xénero: o Día da Loita contra a Violencia de Xénero, brecha salarial, saúde das mulleres e igualdade de xénero.

Avanzamos na transversalidade da dimensión da igualdade de xénero, en particular, en relación coa loita contra a pobreza e a súa feminización e en relación coas mulleres maiores con discapacidade para evitar a multidiscriminación.

Centralizamos nunha asesora as funcións en materia de xénero coa idea de que a organización da institución repercute na súa eficacia. Mantivemos reunións con colectivos de mulleres e organizamos xornadas e outros actos públicos relacionados coa igualdade de xénero. Iniciamos actuacións de oficio para garantir o dereito das mulleres ao acceso á xustiza, que se dirixiron aos colexios da avogacía de Galicia para verificar a capacitación en materia de xénero das e dos profesionais e para a asignación do mesmo letrado de oficio en todos os procesos de familia con menores.

A isto engadimos a satisfacción polo recoñecemento recibido polo labor no ámbito da igualdade dos sexos e na loita contra a violencia de xénero, o premio Meninas 2019, concedido pola Delegación do Goberno en Galicia.

Loita contra a violencia e o acoso.

Neste eido quero salientar a aprobación dun protocolo interno de actuación da Valedoría do Pobo fronte ao acoso sexual, o acoso por razón de sexo, o acoso discriminatorio e fronte a todas as formas de acoso e violencia. O protocolo fundaméntase no compromiso da Valedoría do Pobo de adoptar unha política de tolerancia cero con toda manifestación de acoso e violencia na institución. Introduce a figura da mediación confidencial, facendo así realidade a prevención na loita contra o acoso laboral.

O afondamento no coñecemento da lacra do acoso laboral, auténtico cancro dentro das organizacións laborais, e das medidas para combatelo, permítenos suxerir ás administracións públicas a conveniencia de introducir nos protocolos contra o acoso a figura do mediador ou mediadora confidencial, de xeito que poida ter eficacia a prevención do acoso antes de que se faga crónico ou se enquistase.

Loita contra a discriminación das persoas con discapacidade e a promoción da súa autonomía persoal.



Neste ámbito, realizáronse varias actuacións no ano 2019. Preparamos a nosa comparecencia ante a Comisión permanente do Parlamento de Galicia para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e a elaboración de novas propostas en favor da integración das persoas con discapacidade. Analizamos cuestións relativas a modificacións legais, educación inclusiva, emprego, dependencia e multidiscriminación en relación, por exemplo, ás valoracións da discapacidade no caso de enfermidades feminizadas como a fibromialxia ou á inaceptable esterilización non consentida de mulleres e nenas.

Fixemos comunicacións institucionais con ocasión do Día Internacional das Persoas con Discapacidade; mantivemos reunións e contacto fluído coas asociacións de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade; iniciamos actuacións de oficio en relación coa avaliación das discapacidades polos equipos de valoración, coa accesibilidade en estacións de servizo, coa atención sanitaria, coa obesidade mórbida, coa valoración durante a nenez dos casos con necesidade de atención temperá ou coa desatención a persoas con dependencia en xornadas festivas.

Loita contra a discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero.

Como actuacións máis salientables nesta materia mantivemos contacto fluído coas asociacións de defensa dos dereitos das persoas LGTBI e remitimos unha queixa ao Defensor del Pueblo con informe adxunto en aras a previr e evitar as represalias por denunciar agresións lesbófogas.

Dereitos das persoas pobres. Loita contra a aporofobia.

Tamén a institución realizou actuacións para garantir os dereitos das persoas pobres e a loita contra a aporofobia. O 17 de outubro a Valedoría acolleu o acto celebrado na sede da institución e organizado pola Rede Galega contra a Pobreza de conmemoración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, ao que asistiron persoas en situación de pobreza, marxinação e exclusión, representantes de asociacións dos dereitos humanos, representantes do Parlamento de Galicia, dos grupos políticos e da Xunta de Galicia.

A devandita reunión tivo continuidade no encontro xa este ano co relator de Nacións Unidas contra a pobreza, Philip Alston, do que saíron dúas actuacións de oficio en relación cos empadroadamentos das persoas sen fogar e coas solicitudes de identificación de persoas determinadas de determinadas etnias ou razas realizadas pola policía local en diferentes concellos.

Protección de menores e de persoas maiores.

Realizáronse actuacións de oficio en relación con estas materias; dúas delas arrincaron de visitas realizadas unha a un centro de menores e outra a unha residencia de maiores. Iniciouse unha terceira actuación en relación coa soidade de persoas maiores e coas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar as súas consecuencias máis devastadoras, entre elas o falecemento en soidade.

Discriminación das minorías étnicas.

Mantivemos unha reunión coa Fundación do Secretariado Xitano, reunímonos tamén na sede da institución cunha delegación do Consello de Europa para a Protección das Minorías



Nacionais e preparamos unhas xornadas —que se van celebrar este ano— sobre inclusión do pobo xitano en colaboración co Secretariado xitano e o Consello da Cultura.

Dereito ao medio ambiente.

No desenvolvemento do punto do decálogo sobre o dereito ao medio ambiente, realizáronse varias actuacións de oficio en relación coa xestión dos residuos sólidos sobre contaminación acústica en áreas de especial protección e control de verteduras en diferentes concellos.

Dereito a institucións fortes como un dos alicerces do Estado de dereito.

Os obxectivos de desenvolvemento sustentable de Nacións Unidas, Axenda 2030, contemplan promover institucións sólidas, eficaces, transparentes e inclusivas que respondan ás necesidades e rendan contas.

Neste punto do decálogo é salientable a aprobación da Carta de Servizos e o incremento en máis dun 30 % da atención directa, telefónica e presencial. A asociación Transparencia Pública, que aplica un ránking dinámico de transparencia, recoñece a Valedora do Pobo como a defensoría máis transparente de España. A institución foi cualificada desa forma desde a posta en marcha do ránking e segue sendo a máis transparente.

Área de dereitos lingüísticos.

A Valedoría é unha institución contemplada no Estatuto de autonomía de Galicia. No artigo 5 establece que a lingua propia de Galicia é o galego. Esta institución traballa intensamente na defensa do galego, intervindo incluso ante empresas ou entidades privadas sobre as que non temos competencias de supervisión, e precisando, ademais, que a colaboración destas institucións é boa. Neste eido e noutros é fundamental a colaboración coas institucións e entidades que exercen o labor de denuncia, abarcando un campo maior que os cidadáns individualmente.

Das 48 queixas relacionadas cos delitos lingüísticos recibidas no decurso do ano 2019, 24 fórono a instancias da Mesa pola Normalización lingüística ou do Observatorio de Dereitos Lingüísticos. Das queixas tramitadas o 49 % resolvéronse positivamente tras iniciar o expediente. Mantivemos unha reunión cos representantes da Mesa pola Normalización Lingüística e, como xa apuntei, actuouse mesmo respecto a entidades privadas ou fundacións, como mutuas médicas, establecementos comerciais ou entidades encargadas das recargas das tarxetas do transporte metropolitano.

Atención á cidadanía.

Entramos no eido das queixas e constatamos que milleiros de persoas, en efecto, presentaron queixas e acoden á Valedoría a facer as súas consultas. No ano 2019, 11.747 persoas pediron atención ou asesoramento. Delas 1.383 recibiron atención presencial e 4.114 recibiron atención telefónica. Tramitáronse un total de 6.250 queixas e inadmitíronse 257, fundamentalmente por tratarse de relacións xurídico-privadas, por non iniciar actuación administrativa previa ou por non ser da nosa competencia, o que resulta unha porcentaxe moi baixa en





consonancia co criterio *pro actione*, que inspira a actividade da Valedoría. Concluíronse 3.872 queixas e 2.043 estaban en trámite ao remate do exercicio.

No ano 2019 iniciáronse 67 investigacións de oficio, que abrangueron desde medio ambiente, persoas con discapacidade, menores, persoas maiores, avogados de oficio en procesos de familia, cursos de especialización en materia de igualdade e xestión de residuos ou accesibilidade.

En canto á distribución das administracións afectadas polas queixas, o 88,04 % son relativas á Administración autonómica, o 10,78 % aos concellos e o 0,37 % ás universidades. A distribución por áreas garda proporción coa demanda de servizos públicos como sanidade, política social, educación, medio ambiente, cultura e dereitos lingüísticos, esta como área propia estendida de cultura no Informe do ano 2019. Todas as áreas, en número de 21, están recollidas no capítulo III do informe.

Durante o ano 2019 producíronse un total de 95 resolucións, das que foron aceptadas o 80 %. Hai que precisar que en moitas ocasións, coa apertura da súa investigación, a Administración corrixe o motivo da queixa, atendendo, en definitiva, a demanda do cidadán, polo que se archiva a reclamación sen concluír con resolución ou recomendación. Por exemplo, en sanidade e en listas de espera, resolvéronse de xeito satisfactorio unha porcentaxe superior ao 40 % das queixas de particulares, o mesmo na área de desafiuzamentos e vivenda, cunha porcentaxe superior ao 50 %.

Outra das novidades do Informe do ano 2019 é a incorporación a cada área das táboas coas conclusións positivas.

Transparencia e bo goberno.

Finalmente, referireime ás funcións da Lei de transparencia e bo goberno atribuídas á Valedoría do Pobo. Para tal efecto, creouse unha comisión de transparencia como órgano colexiado adscrito. A transparencia é fundamental en calquera sistema democrático; un déficit de transparencia desvaloriza a democracia. A información pública é do cidadán e non é propiedade da Administración. A Comisión de Transparencia tramitou 185 asuntos e resolveu 182, cunha porcentaxe de queixas estimadas que supera en dobre as das desestimadas. Houbo un incremento respecto das tramitadas no ano 2017, que foron 132, e respecto das tramitadas no ano 2018, que foron 148. O incremento posiblemente se deba ao mellor coñecemento do dereito de acceso á información pública pola cidadanía. Son criterios e alicerces da Comisión a gratuidade no acceso á información, a aplicación restritiva dos límites legais e a consideración do carácter público sen necesidade de acreditación da condición do interesado para acceder a ela.

Aquí conclúo a miña exposición. Agradezo a súa atención e permanezo atenta tamén ás aportacións que poidan facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, valedora.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

*(O señor vicepresidente, Calvo Pouso, acompaña a valedora do pobo para que abandone o salón de sesións.)*

Grazas outra vez á valedora.

Como ben saben, o tradicional era que a valedora puidese seguir o debate dende a tribuna de invitados, pero, neste caso, como vén tamén co seu equipo colaborador, farao, excepcionalmente, desde unha sala anexa a este hemiciclo. Polo tanto, este é o motivo polo que hoxe non vai poder estar, como facía sempre, aí arriba, na tribuna.

Comezamos coa fixación dos grupos sobre este informe.

En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Abelairas.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** Señor presidente, compoñentes da Mesa, señorías.

Señora valedora, benvida, porque sei que está escoitando por aí.

Non vou cambiar case nada do informe que fixen, da avaliación que fixen no seu momento na Comisión de Peticións. Así como lle trasladei á valedora e ao seu equipo a miña felicitación polo traballo desenvolvido, quero recoñecer que ela empezou a traballar en agosto do 2019 e eu non son quen para avaliar un traballo que xa se veu facendo anteriormente e que foi obxecto dunha crise e do recambio na Valedoría.

Cando me tocou a responsabilidade de avaliar o Informe da Valedoría e vin o volume, a veridade é que quedei un pouco, non sorprendida, pero si preocupada, pola responsabilidade que supoñía facer unha avaliación sinxela, unha avaliación coherente e unha avaliación que tivera moito que ver co que alí se estaba escribindo e analizando.

Cando empezo a velo, doume conta da facilidade que supón encontrarse, primeiro, cun decálogo, e de que, a través dese decálogo, a Valedoría vén desenvolvendo cada unha das accións e das queixas e que ten como obxectivo fundamental a defensa dos valores humanos.

As miñas felicitacións fíxenas no seu momento e, repito, seguramente que as vou facer ao longo desta actuación.

Vendo o número de accións cidadás dirixidas á Valedoría no ano 2019, doume conta de que quizás foron debidas á crise que se protagonizou antes da súa chegada. Este decálogo do que falaba antes dá que pensar que as cousas se poden facer ben e se poden facer doutra maneira, que só hai que ser coherente e crer realmente no que se está facendo, sobre todo no valor das persoas.

Cómpre lembrar, ademais, ás administracións, e fundamentalmente a este goberno, que teñen o deber legal de colaborar e a obriga de responder e que de ningún xeito se entende





que a algunhas consellerías teña que insistírselles para que dean resposta aos requirimentos que a Valedoría traslada.

Gustaríame, en primeiro lugar, recoñecer —porque é unha área que, polo meu recorrido, valoro especialmente— a sensibilidade e o traballo que está a facer a prol dos dereitos das mulleres e da loita contra a violencia, cun capítulo novidoso de xénero e cunha xanela propia na institución, que se chama «Falemos de feminismo».

Tamén quero valorar positivamente iniciativas, como a posta en marcha, coas tres universidades galegas, dos premios fin de grao, coa perspectiva feminista.

A pesar disto, en materia de violencia e igualdade, non podemos nin debemos ser compradores, porque nos queda moito que facer, e a Valedoría ten que ser unha ferramenta máis e actuar de oficio, como ten feito xa, seguir incidindo nos atrancos e demoras da Administración, neste caso de xustiza, e seguir instando a Vicepresidencia e a Consellería de Xustiza para que dunha vez solucione os problemas na protección das mulleres vítimas de violencia machista, que en dependencias xudiciais teñen que compartir espazo cos seus maltratadores. É un deber, e nesta liña debe seguir actuando.

Así mesmo, esta Valedoría debe seguir actuando —e con máis contundencia facelo de oficio cando sexa preciso— cando aparecen discursos que pretenden atentar contra as liberdades e dereitos sexuais e de identidade. Observamos, precisamente con preocupación neste informe, unha queixa colectiva en relación coa distribución por parte da asociación ultradereitista Hazte Oír duns folletos en contra da realidade LGTBI, neste caso no eido da educación. Resulta paradoxal que as queixas —¡166, nin máis nin menos!, sobre este asunto— non puideron ser concluídas durante o exercicio 2019 ata o final pola falla de resposta da Consellería de Educación, que tardou en emitir o informe. Respondeu dicindo despois que fora responsabilidade dos centros educativos —coma sempre—, que non responderan no momento adecuado. Finalmente remitíronselle —temos entendido—, tras preguntarlle hai dúas semanas na Comisión como estaba, pero segue sendo inadmisíbel esta actitude por parte deste goberno. Inadmisíbel tratándose dun asunto tan vital e importante que atenta contra os dereitos das persoas LGTBI, e máis cando, derivada da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, se desprende a Estratexia galega de convivencia 2015-2020, que conta cun protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, co fin de que estes valores sexan reais e efectivos entre toda a comunidade educativa.

Existe tamén a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia e o Observatorio Galego contra a Discriminación pola Orientación Sexual e Identidade de Xénero. Non está aquí o conselleiro, pero atrévome a pedirlle e a dicirlle que a vulneración dos dereitos de identidade e liberdade sexual non pode ser abordada como un asunto menor e que as respostas teñen que ser áxiles e comprometidas. *(Aplausos.)*

O día 1 de outubro, unha moza quitouse a vida porque non foi capaz de seguir aguantando unha situación de acoso nos centros educativos, aquí ao lado, en Rois, en Bertamiráns. Pasou



por dous centros e foi acosada, e imaxino que tamén de pequena foi acosada en todos eles. Por iso me gustaría que o señor conselleiro de Educación estivera aquí, para que teña en conta a importancia de traballar no eido da igualdade, a importancia de traballar no eido educativo, a importancia de volver á educación en valores, que se está perdendo, para poder axudar a todas as nosas alumnas e alumnos, fillas e fillos que sofren situacións de acoso. Hai cousas que non se poden consentir, hai cousas que non se poden facer, e hai cousas, ademais, nas que non podemos mirar para outro lado, porque esa é a sociedade que estamos creando de cara ao futuro.

Hoxe, señora valedora, acaba de presentar o informe relativo ao ano pasado, ano en que ningún auguraba o que estaba por vir. Neste contexto de pandemia, moitos dos asuntos que protagonizaron o seu informe collen aínda máis valor. E sobre todo, porque 9 de cada 10 galegos se dirixen á Valedoría, 9 de cada 10 destes galegos teñen unha queixa dirixida ao Goberno galego e un 90 % dos asuntos teñen que ver coa Xunta e só un 10 % cos concellos, co cal, señoras e señores, creo que deben de reflexionar sobre isto.

Tendo en conta o número e a temática deste informe, é para tomalo moi en serio. Unha vez máis, observamos, lamentablemente, como a sanidade, a política social e a educación son as áreas máis representativas en canto ao tipo de asuntos que preocupan aos galegos e ás galegas. Este ano, todas e todos puxemos en valor como nunca o traballo que desenvolven os e as profesionais sanitarias. Pois ben, cando lemos no Informe do 2019 que é unha das principais fontes de queixas no plano laboral chega do persoal de Servizo Galego de Saúde, non temos máis que compartir dende o Grupo Socialista e mesmo elevar o ton das recomendacións recollidas neste informe sobre a responsabilidade, precariedade e eventualidade no Sergas.

A eventualidade, señora valedora, na sanidade galega, vén sendo un grave problema e este Goberno galego ten que abordala, e o novo conselleiro debe atender dunha vez por todas que a conciliación e a estabilidade que merecen os e as profesionais do Sergas dan unha mellor calidade de servizo aos galegos e ás galegas. Un ano máis comprobamos tamén como as listas de agarda na sanidade, a xestión que fan destas listas e o trato que lles dan ás persoas deben de ser rexeitados. Non as deriven á sanidade privada; trasladen a estas persoas a esta lista, que non teñen ningún tipo de información de cando serán intervidos, ou ás veces os abocan a unha especie de limbo. É un asunto que se salienta tamén neste informe, e entre outros temas vén afondar nesta demanda da necesidade de fortalecer a sanidade pública e de non seguir desmantelándoa.

Ademais da situación dos profesionais e da lista de agarda, tamén temos queixas de familias con nenos con problemas de acceso á pediatría, sobre todo no rural.

Mantendo o contexto que situaba antes da crise e da pandemia esta situación da sanidade no 2019, ten aínda máis importancia, igual que acontece na sanidade, como xa observamos, a xestión das residencias de maiores. Foi, e máis que nunca, un asunto capital, porque as queixas e actuacións destes anos pasados non foron nin máis nin menos que unha chamada de atención sobre o modelo nefasto das residencias. Agora evidénciase a vulnerabilidade dos nosos maiores, é terrible, e, polo que estamos a ver, non se está arranxando nin hai moita intención de arranxalo.



Negada neste Parlamento polo Partido Popular unha comisión de investigación ben merecida por vítimas e familias, quero trasladarlle á señora valedora a necesidade e a obriga de poñer toda a sensibilidade e razón de ser da institución que preside ao servizo da dignidade de todas e de todos, como así vén facendo.

Precisamente a covid paralizou unha investigación por mor dunha queixa iniciada na residencia de maiores DomusVi Barreiro —extensible a moitas delas— sobre o trato aos usuarios; unha investigación para indagar a utilización e o abuso do sistema de subxección dos internos, ou as medidas adoptadas pola Xunta para evitar o falecemento dos nosos maiores, que morrerán ou non de covid, pero do que morren é de tristeza.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** ...—permítame un minutiño máis—; unha investigación que vostedes están comprometidos a rematar e que debe ser extensiva a todas as residencias. Este goberno autonómico ten as competencias e a responsabilidade e, lamentablemente, polo contacto que mantemos cos familiares e coas traballadoras, esta situación segue a ser igual ou vai a peor.

Dende o Grupo Socialista, señora valedora, instámola a que sexa unha prioridade e a que a pandemia non só evite e paralice estas investigacións, senón que as impulse con máis motivo. Os nosos maiores merecen unha atención digna, os nosos maiores merecen morrer cos seus familiares e morrer na súa casa, se ten que ser así.

Falaba tamén da fenda dixital no medio rural e nas cidades. Os socialistas e as socialistas defendemos que os piares do noso traballo deben ser a defensa dos dereitos dos máis vulnerables, acabar coas desigualdades en todos os eidos —sanidade, política social, educación e igualdade—, a vivenda como dereito e traer á mocidade galega que está lonxe, e recuperar o talento que marchou, e para iso, señoras e señores, só hai dúas formas de facelo: facilitándolles emprego, emprego e emprego, e un acceso a unha vivenda digna..

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Abelairas.

**A señora ABELAIRAS RODRÍGUEZ:** Soamente un puntinho en canto á discapacidade, perdóeme.

Quero recordarlles aos responsables que vexan a forma de arreglar, de modificar a Lei de propiedade horizontal, para que unha persoa discapacitada non precise a unanimidade da comunidade de veciños para poder ter acceso á súa vivenda. Son cousas que son sinxelas e fáciles de facer. Unha persoa discapacitada non pode pasar a súa vida nun noveno piso por que alguén da súa comunidade se nega a facilitar o acceso.

Moitísimas grazas.

Pídlle desculpas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Abelairas.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Daniel Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Bo día.

Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, deputados e deputadas.

Bo día, señora valedora do pobo.

En primeiro lugar, gustaríame darlle a parabenización e o desexarlle que o seu traballo vaia o mellor posible, xa que canto mellor lle vaia a vostede e á institución mellor lle irá ao noso país. E de novo gustaríanos agradecer o intento e o compromiso que vostede mantivo á hora de expandir as políticas de igualdade.

Mais comezando coa análise do seu informe, vemos e alledámonos de que o 66 % das persoas que contactaron con vostede ou coa institución o fixesen en galego, e gustaríanos tamén —que sempre é bo contextualizar— que esta realidade do galego como lingua institucional se traspasase á realidade sociolingüística do noso país.

Aledámonos tamén de que as porcentaxes de queixas que proveñen do rural estean máis parellas ás do medio urbano, sen isto querer dicir que haxa que diminuír o grao de promoción da Valedoría do Pobo como institución entre o mundo rural e tamén entre o mundo urbano, porque isto segue sendo crucial e porque tamén segue existindo un gran descoñecemento da institución, desgraciadamente. E quizais isto pode observarse se atendemos á distribución por provincias das queixas, xa que as máis rurais fan un menor uso da institución se as comparamos coas máis urbanas. Así, se facemos unha pequena comparación entre Lugo e Ourense e Pontevedra e A Coruña, vemos como o 53 % da orixe das persoas que se queixan provén de Pontevedra, o 35 % provén da Coruña, o 6 % provén de Lugo e o 5 % provén de Ourense; polo que está claro que aínda queda traballo por facer.

Agora, centrándonos no que din os galegos e as galegas, se nos fixamos en a quen atinxen as queixas dos e das cidadás, vemos como 9 de cada 10 afectan a Xunta de Galiza, polo que algún problema —aínda que sexa mínimo—, nesta Galiza idílica, terá que haber. E isto é preocupante porque se o comparamos coas administracións municipais vemos que só o 10 % afecta os concellos; mais, non só iso, porque, atendendo ás áreas ou consellerías que se ven máis afectadas, dámonos conta de que as ditas áreas son aquelas que teñen unha relación máis directa co benestar dos e das galegas; é dicir, política social e sanidade, entre outras.

E precisamente centrándonos neste eido, destacamos a necesidade —que vostede salienta e do cal estamos agradecidos— do aumento de prazas residenciais. É un feito, e ao longo destes meses comprobámolo, sobre todo se temos en conta que a OMS leva dicindo varios anos que é necesario chegar a un punto de 5 prazas residenciais por cada 100 habitantes maiores



de 65 anos. E agora en Galiza, sumando a oferta pública e a oferta privada —desgraciadamente, moito maior que a pública—, contamos cunha media de só 3.

Outro dato do que nos alertou foi da enorme cantidade de queixas polas listas de espera en sanidade, xa que dos 409 expedientes neste eido 186 se relacionan coas listas de espera. E estas queixas fálannos de déficits en dúas direccións: desde que se solicita unha cita ata que se lle asigna unha data e desde que se asigna unha data ata que se leva a cabo, e sobre todo tendo en conta que estamos falando de casos de enfermidades graves, polo que non podemos falar de números á lixeira, xa que estas son persoas que están desesperadas. É moi importante que recordemos todos os deputados e deputadas desta Cámara que as persoas non somos cifras; por favor, recordémolo sempre. *(Aplausos.)*

Moi relacionado con isto tamén, gustaríanos destacar que incida —como xa fixo no anterior informe— na necesidade imperiosa de que se cree unha normativa que indique cal é o tempo máximo que pode transcorrer desde que se solicita unha cita até que se lle asigna unha data. Como xa dixeran, xa facía mención da importancia desta medida no informe do ano pasado, e consideramos que ante o contexto sanitario actual, no que aínda está a haber máis atrasos —e máis que haberá— á hora de dar citas, esta normativa faise aínda máis relevante.

A sanidade séguenos preocupando a respecto de moitas máis eivas como as da atención primaria e as da ausencia do servizo de pediatría en moitos concellos do noso país —sobre todo na miña comarca, na Mariña—. Polo que nos gustaría animala —dentro das súas competencias, sabémolo— a actuar de oficio contra estes impedimentos de acceso á nosa sanidade pública.

Se pasamos agora ao dereito de acceso ao transporte, vemos como vostede alerta sobre a necesidade dunha maior cobertura. E desde o BNG non podemos facer outra cousa que animala a seguir reclamando unha maior vertebración do transporte público no noso territorio, xa que é un problema do que o noso país leva adocendo desde sempre e que se fai máis palpable, coma sempre, no rural. E como case todo, tamén nos tempos actuais é cando se lle ven as eivas de maneira máis evidente.

Relacionado tamén co rural, observamos como houbo un gran número de queixas a respecto do acceso á cobertura e á conexión á internet no rural. Isto no contexto actual colle maior relevancia co teletraballo e coa telescola, e máis tendo en conta que o noso país ocupa os postos máis baixos do Estado español, só por diante de Estremadura, cando soamente o 61 % dos galegos e galegas se pode conectar a internet a máis de 100 Mbps. Isto, evidentemente, xerou, xera e vai xerar unha descompensación e unha desigualdade entre os alumnos e alumnas e traballadores e traballadoras que realicen a súa actividade desde o rural. Polo que tamén a animamos a reclamar un maior acceso á banda longa para que o noso país dunha vez por todas entre de cheo no século no que vivimos. *(Aplausos.)* E non só porque o diga o BNG, non estamos pedindo aquí unha panacea, non, non, trátase basicamente de cumprir as porcentaxes indicadas pola tan radical Unión Europea.

E, ¿como non?, facemos tamén conta das necesidades en igualdade de xénero que sinala, e vemos moi necesario e atinado formar en perspectiva de xénero nos colexios de avogados e no Imelga, por exemplo. Mais tamén animamos a Valedoría do Pobo a actuar de oficio con





máis forza nesta cuestión, xa que isto só pode traer beneficios para o noso país e para a nosa sociedade, porque a covid parou o mundo pero non parou o machismo e o patriarcado. *(Aplausos.)*

Finalmente, gustaríanos saber cal é o estado —como xa dixo a compañeira do Partido Socialista— das queixas contra a asociación homófoba, tráfuga, de ultradereita e fascista, entre outras moitas cousas, Hazte Oír, xa que a área de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero é a que máis reclamacións en trámite ten. Desde o BNG cremos que é necesario actuar con toda a forza e desde todas as institucións —ao igual que se fixo nas rúas— contra este tipo de asociacións —por chamalas dalgunha maneira— que soamente se dedican a espallar o odio entre a nosa sociedade. E facemos isto porque, desgraciadamente, temos exemplos recentes do que ocasiona este odio, como é o da rapaza de Rois, menor de idade, que se quitou a vida recentemente polo acoso que sufría, entre moitas outras cousas, por ser bisexual. Polo que desde o BNG queremos enviar o noso apoio á familia e achegados e dicirlles a estes individuos que non nos van facer retroceder no que temos avanzado. *(Aplausos.)* Non imos dar un paso atrás. E igual que fixeron os galegos e as galegas, queremos deixar claro que non tedes sitio no noso país. *(Aplausos.)*

Por último —e remato—, gustaríame animar a valedora a que reclame sempre que sexa necesario a maior e a mellor das colaboracións por parte das institucións autonómicas, xa que vemos preocupados e preocupadas como moitas consellerías recibiron un número importante de recordatorios e advertencias en relación coa súa pouca colaboración coa Valedoría do Pobo en determinadas ocasións. E así podemos enumerar as seguintes: Consellería de Educación, 6 veces; Cultura e Turismo, 4; Economía, Emprego e Industria, 14 reclamacións; Política Social, 5; Sanidade, 2; e Medio Rural, 5. Polo que, señora valedora, recomendámoslle que exixa cun maior grao a responsabilidade tamén das institucións autonómicas.

Sen máis, quero agradecer o seu esforzo e o de toda a institución, animar a todas as traballadoras e traballadores da Valedoría do Pobo a ter unha maior actuación de oficio e desexarlles en nome do BNG o maior atino e éxito posible porque, como dixen ao comezo da miña intervención, o seu acerto e o da súa institución vai ser o acerto do noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora valedora, en primeiro lugar, queremos agradecer o seu traballo e o do seu equipo; un traballo que merece todo o noso respecto porque fai grande a institución.



Coincidimos coa valedora en priorizar as cuestións que marcou no seu decálogo dende o primeiro día que se presentou nesta Cámara polo seu nomeamento, partindo do dereito fundamental da igualdade de oportunidades, pasando pola erradicación da violencia de xénero; a prevención no acoso moral, laboral e escolar; a trata de persoas, o tráfico de órganos ou a mendicidade; a defensa dos dereitos das persoas con discapacidade; a prestación de atención aos colectivos económica e socialmente máis desfavorecidos; os emigrantes retornados; e a loita contra calquera tipo de discriminación, sexa LGTBI, mozos, maiores, de raza, etnia ou nacionalidade.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos reiterar a nosa felicitación á valedora polo seu traballo na loita pola igualdade de oportunidades e contra a violencia de xénero. Onte mesmo presentaba nesta Cámara o Fiscal Superior de Galicia a súa memoria, que tiña datos moi preocupantes polo elevado número de delitos nesta materia. Polo tanto, é fundamental seguir traballando neste eido e cremos que ese traballo que está facendo dende a Valedoría é fundamental para axudar entre todas as institucións a erradicar a violencia de xénero. Non só ese Premio Meninas 2019, senón esa xanela na súa web de «Falemos de feminismo» cremos que é fundamental, e tamén o convenio coas universidades para poder seguir sensibilizando a xente máis moza da loita pola igualdade de oportunidades e da erradicación da violencia de xénero; é fundamental esa comunicación constante e permanente cos colectivos de mulleres para concretar as súas necesidades e tamén para prestar solucións a esas demandas e reivindicacións que se fan dende os colectivos.

Como comisionada da transparencia tamén queremos felicitala por ser recoñecida como a defensoría máis transparente de España; un modelo para todas as institucións que fiscaliza, empezando por unha mesma, dando exemplo, como tamén acaba de expoñer coa introdución da figura do mediador confidencial, que é modelo non só para outras administracións, senón tamén —cremos— para as empresas en Galicia.

Quero dicir tamén que se falou aquí da necesidade de separar nos xulgados as vítimas e os agresores. O Plan de infraestruturas xudiciais de Galicia, que leva dez anos en marcha dende a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Xustiza, leva investidos máis de 100 millóns de euros en novos edificios xudiciais que xa contan con esa separación, pero tamén en remodelación de edificios xudiciais antigos, e naqueles que o permiten teñen salas separadas, pero naqueles que non o permiten tamén temos que contar coa colaboración da xudicatura, que ten a posibilidade de citar separadamente o agresor e a vítima para que non coincidan nas instalacións xudiciais.

En canto á accesibilidade, creo que tanto a lexislación estatal como a autonómica permiten esas modificacións nos edificios; e mesmo a lexislación galega permite a expropiación incluso de baixos ou de parte dos pisos para poder facer posibles eses ascensores ou esas áreas de accesibilidade.

No eido da estatística do traballo feito, é certo que as persoas non son cifras, pero é que as cifras son as que nos dan os datos para poder mudar políticas públicas, para poder adoptar medidas e para poder adoptar solucións naqueles casos onde é preciso. E neste sentido eu quería destacar a boa saúde da que goza a nosa sanidade, xa que sempre ten porcentaxes elevadas e neste informe apenas pasa do 6 % de reclamantes: 409 queixas fronte ás 8.437



do ano pasado. Isto era un 40,55 % do total de queixas do ano 2018, fronte a un 6 % do ano 2019. Ao igual que o número de asuntos, quitando o que son as queixas colectivas, este ano, 348, fronte ás 446 do ano 2018, isto é un 22 % menos.

É certo que as listas de espera son unha preocupación pero, como di o documento, é moi complexo axustar a oferta e a demanda dos servizos sanitarios debido fundamentalmente a que as patoloxías médicas revisten diferente gravidade, polo que non se pode ter en conta unicamente un criterio cronolóxico, xa que a priorización ten que ter en conta tamén o criterio da gravidade e da efectividade da actuación, de xeito que se pode dar lugar a atrasos ou anulacións de citacións dunhas patoloxías para dar prioridade a outras, causando, lóxica-mente, un malestar a aquel paciente ou doente que se lle atrasa. Pero, neste sentido, confirma a valedora no seu informe que se están a cumprir os tempos de atención máximos garantidos, con atención prioritaria para as patoloxías máis graves.

Nós imos reiterar unha petición que fixemos na Comisión de Peticións. A nós preocúpanos —e xa llo trasladamos á valedora— que cada vez sexan máis o número de cidadáns que son vítimas da usurpación de vivendas. Por unha banda, está o que sofren as persoas que se ven privadas ilegalmente do desfrute da súa propiedade privada e, por outra, as persoas que residen nos inmobles onde se producen ocupacións ilegais de vivendas, e mesmo nas rúas e barrios enteiros, que se convierten en focos de delincuencia, producindo un forte quebranto da convivencia veciñal, creando evidentes prexuízos e limitando e vulnerando o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos, algo que non se pode permitir nun Estado de dereito.

Os datos son alarmantes. Os datos do Ministerio do Interior do primeiro semestre de 2020 poñen a Galicia como a comunidade autónoma que sofre un maior incremento de ocupacións ilegais; hai un 33,9 % máis de denuncias no 2019. E estas ocupacións non son froito dunha necesidade social, ou non deberían de selo, xa que hai recursos sociais para atendelas. Están realizadas por mafias que convierten a ocupación nun negocio, xa que exixen diñeiro a cambio de desalojar a vivenda ocupada ilegalmente, ou mesmo utilizan a persoas vulnerables para introducilas na vivenda previamente ocupada a cambio dunha cantidade de cartos considerable.

Onte mesmo o alcalde de Santiago e o vicepresidente primeiro da Xunta explicaban que non só preocupa o número elevado de ocupacións, senón que son os problemas de convivencia que isto ocasiona no barrio, e a preocupación lóxica que xera nas persoas que son lexítimas propietarias, que ven ameazado o seu dereito á propiedade privada.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, ten á disposición da cidadanía o programa Bono de Alugueiro Social, que actualmente financia ao cen por cento e que conta cun parque de vivendas á disposición das persoas en situación de exclusión social para dotalas dunha vivenda digna. Descoñecemos os recursos habitacionais sociais dos que dispoñen as grandes cidades en Galicia e tampouco coñecemos como se traballa dende os servizos sociais dos concellos coas persoas que non teñen unha vivenda ou con aquelas que viven ocupando, sobre todo no caso de familias con menores ao seu cargo, que cremos que están mellor nunha vivenda de xeito legal que nunha de xeito ilegal, porque tamén isto favorece a aporofobia. Tendo en conta a crise que está a causar a pandemia, cremos que estes casos van ir en aumento.





Nós trasladamos esta cuestión á Comisión de Peticións, porque, máis aló das consecuencias penais ou policiais, queremos insistir neste asunto no ámbito da protección ás persoas máis vulnerables e en risco de exclusión social, ao igual que abordamos outras cuestións sociais con consecuencias penais, como son a violencia de xénero, o acoso laboral ou sexual, a explotación sexual das mulleres ou mesmo a discapacidade como segundo motivo de delito de odio en España. Cremos que — insisto —, máis aló das consecuencias penais, debemos de buscar solucións a estas situacións con fórmulas de prevención ou atención ás persoas máis vulnerables.

O artigo 47 da Constitución establece o dereito fundamental a unha vivenda digna e adecuada, pero esta vivenda digna e adecuada non se pode coller pola forza e con violencia, senón que ten que ser a Administración a que a ten que garantir, porque o artigo 33 da Constitución tamén establece que a propiedade privada é un dereito fundamental que temos a obriga de garantir.

Pois ben, nós, como alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos comprendidos no título I da Constitución, queriamos animar a valedora, co ánimo de atender as persoas con risco de exclusión social e co ánimo de erradicar de Galicia as mafias de ocupación que se están a aproveitar das persoas mais vulnerables, á elaboración dun informe extraordinario sobre esta cuestión no que se aborden tres puntos:

En primeiro lugar, que se faga un diagnóstico do mapa de recursos sociais destinados a atender as necesidades de vivenda de que dispón tanto a Comunidade Autónoma como os concellos nos que se producen maioritariamente as ocupacións ilegais, as grandes cidades.

En segundo lugar, o informe debería realizar unha análise sobre a realidade da ocupación ilegal en Galicia, sobre as consecuencias dramáticas tanto para os titulares lexítimos da vivenda, que sofren un calvario para recuperar a súa propiedade, como para os veciños que residen nos barrios e nos edificios afectados e que ven gravemente quebrantada a convivencia, como para as persoas en risco de exclusión social e máis vulnerables, e sobre cales son as canles das que dispoñen nos servizos sociais municipais para acceder ao parque de vivendas en alugueiro; do concello, se é que o ten, e da Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

E, en terceiro lugar, partindo da casuística e do calvario que teñen que sufrir propietarios, vítimas e persoas en risco de exclusión social, queremos que se desgrane a normativa vixente actual e se analice a súa suficiencia ou insuficiencia para abordar o problema, así como se hai marxe de mellora na aplicación das normas vixentes.

En definitiva, falamos dun informe extraordinario como os que se teñen feito en ocasións anteriores, con cuestións de tanta relevancia como a accesibilidade en Galicia, a seguridade vial, adolescentes e internet ou os dereitos das persoas con discapacidade intelectual.

Creemos que a situación actual require dun esforzo de todas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora PRADO DEL RÍO:** ...as institucións e cremos que a Valedoría pode abordar esta cuestión con rigorosidade e con seriedade, e por iso a animamos a facer este informe extraordinario sobre a ocupación ilegal en Galicia, para que coas súas conclusións axude a poñer en marcha medidas para erradicar esta situación en Galicia, de xeito integral e implicando a todas as administracións, á Xunta, aos concellos, ás deputacións e á Delegación do Goberno.

Remato xa, señorías, agradecendo unha vez máis o traballo feito pola Valedoría do Pobo e por todo o seu equipo, que sabemos que non son moitos e que traballan arreo con esta inxente cantidade de queixas, tanto presenciais como virtuais como aquelas que se están facendo de oficio, que nós tamén valoramos moitísimo tanto no ámbito da inclusión social como no ámbito da xustiza ou mesmo do medio ambiente. E xa os felicitamos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...na comisión polo tema da xestión dos residuos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

### **Acumulación de dúas comparecencias**

**O señor PRESIDENTE:** Á comparecencia do señor conselleiro de Cultura, por petición propia, acumúlase a solicitada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar do inicio do curso 2020-2021 no ensino e na universidade en Galicia e das actuacións ante a covid-19**

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o caos que se está a producir no inicio de curso e que cada día denuncian máis axentes da comunidade educativa**

**O señor PRESIDENTE:** Para intervir nesta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moi bos días.

Grazas, presidente.

Señorías, na última década vén sendo unha constante que o titular da Consellería de Educación compareza a petición propia nesta Cámara para abordar o inicio do curso. Eu mesmo tiven ocasión de facelo varias veces no pasado e retomo hoxe esta responsabilidade.



Aínda así, todos somos conscientes de que hoxe non estamos ante unha comparecencia ordinaria; non o é. E non o é porque o curso 2020-2021, tanto no que é o ensino non universitario como no referido ao sistema universitario de Galicia, está clara e directamente influído polos tempos excepcionais derivados da pandemia da covid, na cal estamos todos inmersos.

Como sociedade, como persoas, temos que ser conscientes de que mentres non apareza unha solución sanitaria debemos aprender a convivir co coronavirus e de que temos que adaptarnos a unha nova realidade; unha realidade que obriga a ser prudentes, a aplicar o «senti-diño» e a respectar dun xeito moi escrupuloso as indicacións sanitarias.

A verdade é que docentes, alumnos e familias teñen amosado claramente unha gran responsabilidade e unha gran prudencia; responsabilidade e prudencia para afrontar xunto coa Administración educativa o reto de país que supón poñer a funcionar o sistema de formación das novas xeracións de galegos e galegas. O meu recoñecemento, o recoñecemento de todo o Goberno galego, e a miña gratitude, a gratitude de toda a Xunta, pola súa colaboración e comprensión, a familias, a docentes e ao conxunto da sociedade.

O noso sistema educativo é unha ferramenta de calidade que é fundamental para a cohesión social e para xerar igualdade de oportunidades. Desde o comezo da pandemia sanitaria, Galicia tivo sempre unha postura de colaboración e lealdade institucional cos ministerios de Sanidade, de Educación e Universidades. Ao tempo, tamén exerceu as competencias propias, atribuídas tanto no Estatuto de autonomía como no previsto tamén na Constitución.

Pódolles asegurar que cando retomei as responsabilidades á fronte da Administración educativa, atopei que había un valioso traballo feito e, como non podía ser doutro xeito, puxémonos a traballar e a impulsar novas medidas co novo equipo,

Permítanme abordar primeiro as liñas de actuación seguidas para arrancar o curso escolar, para a continuación concretar a colaboración mantida entre a Xunta de Galicia e as universidades á hora de afrontar esta apertura.

Comecemos, entón, polo ámbito non universitario. É coñecido —non digo nada novo— que a organización e o arranque dun curso escolar ordinario sempre é un momento complexo, un momento de tensión, un momento de cambio e un momento de certa incerteza, pero tamén é obvio que poñer en marcha o actual curso, o curso 2020-2021, coas incertezas sanitarias derivadas da actual situación, supuxo un reto e, sen dúbida, un reto aínda maior. Na data de hoxe podemos afirmar que o ensino non universitario galego conta neste curso cun total de 344.362 alumnos, que, na súa inmensa, na súa inmensísima maioría, acoden de forma presencial a clase. Contamos tamén cunha serie de indicadores que dan conta da potencia do sistema educativo: máis de 77.000 prazas de comedor, entre as prestadas directamente pola Xunta, as ANPA ou os concellos; e transporte escolar, practicamente 87.000 usuarios para 764 centros educativos.

Ademais destes datos, os centros educativos están a aplicar os protocolos establecidos polas autoridades sanitarias con medidas tanto preventivas como con medidas que modifican, ob-



viamente, o xeito de actuar cando se detecta un caso de covid-19 en persoas vinculadas aos centros.

A principal conclusión, xa cunhas semanas despois do inicio de curso, é que o curso se está desenvolvendo cunha gran normalidade dentro dunha enorme excepcionalidade, ¡unha gran normalidade dentro dunha enorme excepcionalidade! Agás casos moi concretos, cunha normalidade moi destacada, por certo, semellante ao que sucede tamén nestes casos concretos noutras comunidades autónomas do resto de España.

Polo tanto, recuperar en setembro as clases, como se está a facer, debe entenderse como un logro colectivo. Houbo que salvar —poderíamos definilo así— un pecado orixinal que afectou a planificación do inicio deste curso, fundamentalmente nos ámbitos de secundaria, bacharelato e formación profesional.

Ninguén en España entendeu que na data do 27 de agosto, a poucos días do inicio de curso, se celebrase unha conferencia sectorial que modificou dun xeito radical a planificación executada e levada a cabo e o traballo levado a cabo nos centros educativos de secundaria, bacharelato e formación profesional. Houbo un cambio de criterio que trastocou todo o traballo feito polos centros educativos neste ámbito. Así, en primaria mantivéronse as medidas polas cales os centros educativos, os equipos directivos e o profesorado estiveron traballando gran parte do verán para acondicionar, para adaptar os centros educativos á pandemia. Non se modificaron, polo cal, en primaria e en infantil, o curso puido empezar cunha gran normalidade. Non pasou así en secundaria. En secundaria estívoise traballando cunha medida de 1 metro de distancia interpersonal —por certo, a defendida pola Organización Mundial da Saúde— e con máscara.

Sen embargo, o 27 de agosto modifícanse estes parámetros e introdúcese un novo dato: 1,5 e mais máscara. Co cal, iso quere dicir que todo o traballo de organización, planificación, distribución dos espazos dentro dos institutos de repente muda, e muda dun xeito radical. É obvio que as cousas serían ben distintas se esta conferencia sectorial se realizase antes e con tempo.

Farei un breve relatorio da dinámica e da evolución que tiveron os protocolos para que nos deamos conta do impacto tan importante e tan potente que tivo esta medida, adoptada, como xa digo, a finais de agosto, uns días antes do inicio de curso.

Unha vez que remata o curso anterior, a Xunta comeza a planificación do actual curso. En xuño comeza a redactar un documento, seguindo as recomendacións do Ministerio de Educación, que están baseadas en 14 puntos xenéricos que foron acordados na Conferencia Sectorial de Educación celebrada, neste caso, o 11 do mes de xuño.

En xullo queda aprobado o calendario escolar e tamén neste mesmo mes foi a Mesa sectorial o primeiro Protocolo covid para o ensino galego; por certo, neste mes, en xullo, os sindicatos educativos renunciaron a facer melloras deste documento, xa que se levantaron do órgano de coordinación e planificación.

A finais de agosto, como xa dixen, celébrase a famosa Conferencia Sectorial do 27. Modifícanse as condicións en secundaria, non así en primaria, e obriga a unha replanificación total



do traballo levado a cabo nos institutos. Levou tamén á Xunta de Galicia a atrasar unha semana o inicio de curso para poder facer fronte aos mandatos ou aos requirimentos impulsados e fixados nesta conferencia sectorial; por certo, algo non inédito en Galicia, porque outras comunidades autónomas moi próximas e con outras formacións políticas —por exemplo, Asturias, co Partido Socialista— fixeron practicamente o mesmo, e Asturias comezou o curso en secundaria, bacharelato e formación profesional máis tarde do que o fixo Galicia.

Como saben, o 7 de setembro constitúese un novo goberno —por certo, estamos hoxe a un mes menos un día da constitución do novo Goberno—, e tivemos que comezar a traballar co resultado que todos coñecemos. O resultado que todos coñecemos é que o inicio do curso, pese a algúns cantos de sirena, se levou a cabo e se desenvolveu cunha gran normalidade, dentro da excepcionalidade que supón un curso tan atípico, como son agora en xeral todos os aspectos da sociedade, tan atípicos, como este que temos encima da mesa neste momento.

Quixera tamén expor o traballo desenvolvido dende a Administración educativa galega. Este traballo estivo sempre marcado por tres principios básicos: a seguridade, por suposto, nestes momentos, pero tamén a calidade e a equidade; señas de identidade do noso sistema educativo.

Quixemos dende o primeiro momento facer partícipe ao conxunto da comunidade educativa do gran reto que significa e está significando organizar este curso. Por suposto, mantivemos un diálogo interadministrativo coa Administración xeral do Estado e con outras comunidades autónomas e tivemos a colaboración total, e fundamental neste caso, da Consellería de Sanidade e tamén doutros organismos da Xunta de Galicia, como a Amtega, e sempre pensamos que era fundamental e que é fundamental aunar vontades.

Tivemos unha intensa axenda de contactos coa comunidade educativa. O primeiro foi xa o 8 de setembro, ao día seguinte da toma de posesión. Tivemos unha reunión de traballo cos xefes territoriais, cos inspectores xefes de Educación das catro provincias, cun obxectivo fundamental, que era e é asegurar o retorno do alumnado ás aulas e garantir que os centros educativos sexan o que son, espazos seguros.

O 9 de setembro houbo unha reunión cos membros do Consello Escolar de Galicia, o máximo órgano de representación e participación de Galicia, que serviu para escoitalo e avanzar que a Consellería se comprometía a facer todo o posible para paliar os efectos da covid no ensino galego. A Consellería escoitou ao Consello Escolar e tamén anunciou a posta á disposición dos centros de secundaria dunha serie de solucións organizativas —obviamente validadas co aval de Sanidade— para adaptarse ás condicións fixadas o 27 de agosto.

O 11 de setembro tivemos unha reunión coa Xunta Autonómica de Directores, no ámbito de secundaria, e adoptamos a decisión ese día de atrasar unha semana, como xa dixen, o inicio neste ámbito para que os centros educativos tivesen tempo de adaptarse á nova situación.

O 14 de setembro tivemos unha reunión coas asociacións de atención á diversidade para avanzar nun protocolo específico para o alumando con necesidades educativas especiais.



Tamén o 21 de setembro se constituíu e tivo lugar a primeira reunión do Comité Educativo, un órgano asesor do Goberno galego en materia educativa no contexto específico da pandemia da covid 19. Este órgano, o Comité Educativo, articula o seu traballo en catro subgrupos: organización escolar, ensino virtual, inclusión e formación profesional e ensinanza de réxime especial.

Quero agradecer publicamente, en sede parlamentaria, aos 35 membros que integran este comité que asumisen unha responsabilidade moi importante para levar a cabo un traballo multidisciplinar, con diferentes perspectivas que marcan un compromiso co ensino nesta situación tan excepcional.

Este comité creouse para sumar e para aportar reflexións e asesoramento e para plantexar novas propostas que axuden ao bo funcionamento do sistema educativo, ao tempo que tamén favorece a participación e o maior consenso posible en cuestións que afectan o eido educativo.

Por suposto, ao longo deste mes menos un día, houbo tamén múltiples encontros con diferentes colectivos por parte do equipo directivo. Tamén quixera salientar que o 25 de setembro mantivemos unha reunión de traballo cos representantes das principais organizacións de pais e nais do ensino galego, Confapa Congapa e coa Confederación das ANPA de Galicia; un encontro que serviu para expor as medidas da Consellería e para coñecer as preocupacións destes colectivos.

Houbo tamén contactos con colectivos das ANPA, como Foanpas ou Fanpa, para mellorar as medidas dirixidas aos comedores escolares e deseñar un protocolo específico neste ámbito para comedores escolares.

Todos estes encontros cos axentes educativos foron adoptados cunha clara vontade, coa vontade de escoitar e de afrontar, de implicar nun traballo conxunto, e creo que todos ou case todos soubemos afrontar esta fase de urxencia cunha actitude participativa e cunha actitude cooperativa. Sinceramente, agardo que poidamos seguir así, traballando conxuntamente, dentro da discrepancia —obvia, necesaria e ata positiva—, pero que sigamos traballando para garantir a máxima seguridade sanitaria e, por suposto, para asegurar o dereito á educación e para manter a inmensa fortuna que ten o noso sistema educativo no ámbito da calidade dos resultados e no ámbito tamén da equidade na integración das persoas.

Comento outro bloque de actuacións, o tocante á adaptación constante do Protocolo e tamén ás medidas organizativas que se levaron a cabo. Como xa dixen, a organización dun novo curso comeza practicamente o día posterior de rematar o último curso. E así se fixo, fíxose un plan antes do verán, un plan anual de formación para o profesorado, un plan de formación con medidas educativas para as distintas ensinanzas e tamén ditando instrucións. E tamén a nivel de alumando se plantexaron plans de reforzo e de recuperación, elaborados dun xeito personalizado polos equipos docentes, para recuperar as aprendizaxes imprescindibles que non foron adquiridas no curso anterior polas razóns obvias que todos coñecemos.

Señorías, temos que afrontar con serenidade, pero tamén con intensidade, unha pandemia que afecta o conxunto da sociedade e, por suposto, o ensino. Pero tamén temos que garantir un ensino e unha formación de calidade —como se estaba facendo ata o momento— para o





noso alumando. E neste punto quero agradecer aquí, no Parlamento, o gran esforzo que todos os equipos directivos e a inmensa maioría do profesorado fixeron para adaptar os centros escolares ás medidas organizativas previstas nos protocolos.

Os principios básicos e filosóficos que fundamentan o Protocolo covid, que é defendido e plantexado tanto no ámbito estatal polas autoridades sanitarias e educativas como tamén nos ámbitos autonómicos, baséanse e fundaméntanse nunha serie de principios:

O primeiro é a aposta decidida e clarísima pola necesidade de acudir aos centros, pola presencialidade.

O segundo é a conciencia de que é posible que xurdan brotes en diferentes momentos que obriguen a adoptar medidas. Está sucedendo tanto en Galicia como no conxunto de España como no conxunto de Europa.

O terceiro é a adaptabilidade e a flexibilidade á hora de adoptar decisións organizativas ou sanitarias. Temos que evolucionar en función da evolución tamén da pandemia.

O cuarto é a necesidade de coordinación —demandamos máis— entre as comunidades autonómicas e os ministerios tanto de Sanidade como de Educación.

E o quinto é a posta en marcha, a xeneralización de medidas hixiénico-sanitarias nos propios centros educativos, nas propias aulas.

O Protocolo é un documento dinámico que ten que adaptarse ás necesidades do sistema e que ten que adaptarse á situación sanitaria, concreta e específica de cada momento.

A súa cronoloxía xa a expuxen anteriormente: mes de xuño, mes de xullo e 27 de agosto. Neste momento é cando aparece o dato do 1,5 metros para institutos, que realmente obriga a mudar dun xeito radical a planificación feita, a adaptación feita nos centros educativos deste ámbito os meses e as semanas anteriores.

Galicia, o 31 de agosto aproba o Protocolo que xorde desta Conferencia Sectorial do 27 de agosto, e foi a primeira comunidade autónoma de España en facelo. Ante o inminente inicio do curso, obviamente, adoptáronse medidas e foi preciso darlles amparo xurídico. O 24 de setembro a Consellería publica unha nova actualización do Protocolo, que se mellorou coa incorporación de medidas, tanto para a ESO e bacharelato como para FP, para as cales escoitamos as aportacións da comunidade educativa. Falamos de semipresencialidade, falamos do uso, naqueles espazos que así sexa preciso, de mamparas, e foron estas medidas organizativas amparadas polas autoridades sanitarias; medidas co aval da autoridade sanitaria e que foron absolutamente imprescindibles e son absolutamente imprescindibles en certos casos puntuais dalgúns centros moi concretos para dar cumprimento aos parámetros da Conferencia Sectorial do 27 de agosto. Estas novas medidas foron coñecidas polos centros con tempo suficiente, sendo comunicadas aos seus representantes, primeiro, no Consello Escolar, o 9 de setembro, tamén o 11 de setembro na Xunta Autonómica de Directores do Ámbito de Secundaria, e, por suposto, aos xefes de inspección das catro provincias. Ademais



—como xa dixen— estas medidas foron avaladas polo Comité Clínico do 16 de setembro; e ao día seguinte, o 17, publícanse no DOG para dar seguridade xurídica.

Certamente, as principais cuestións recollidas no Protocolo covid a estas alturas creo que son coñecidas por todos vostedes. Por exemplo: en primaria, os grupos burbulla, o uso obrigatorio de máscara para os alumnos de máis de seis anos, ou outras que creo que son xa sobradamente coñecidas e que non me deterei a expoñer.

O que si é tamén certo é que o Protocolo xeral fixa un marco común de medidas en cada centro; marco que, posteriormente, cada centro, en función das súas características e das súas necesidades, desenvolve tanto no ámbito puramente organizativo, a través dos plans de adaptación, como tamén no ámbito do ensino semipresencial, ou a distancia —no caso hipotético de que sexa preciso—, a través dos plans de continxencia.

Ademais, este documento estase a complementar con protocolos máis específicos que desenvolven aspectos concretos dentro do ámbito educativo; por exemplo, os xa citados comedores escolares. Deseñamos e aprobamos un documento específico para comedores escolares, no cal contamos coas achegas dos colectivos que prestan este servizo. E quixemos con isto, primeiro, reforzar a seguridade sanitaria, e, segundo, ofrecer seguridade xurídica ás entidades que xestionan este servizo dun xeito complementario.

Tamén aprobamos xa un protocolo para o alumnado con necesidades educativas especiais, para artellar unha resposta o máis axeitada, concreta e precisa para os alumnos que precisan atención á diversidade e que teñen un comportamento máis complexo desde o punto de vista organizativo. Escoitamos os diferentes colectivos de atención á diversidade e seguimos as recomendacións e pautas sanitarias para crear e aprobar un documento que axuda, neste caso, a reforzar a seguridade nas aulas para este tipo de alumnos.

A Consellería, por suposto, seguirá a axustar e seguirá a complementar o Protocolo xeral con aqueles outros documentos específicos que a comunidade educativa precise. Contamos coa colaboración do Comité Educativo, e xa estamos neste ámbito traballando en protocolos específicos para a adaptación á covid-19 con cuestións moi significativas no ámbito educativo, como poden ser a xestión dos recreos nalgúns centros específicos onde hai limitacións obxectivas de espazo físico, de espazo arquitectónico, como poden ser as actividades extraescolares, como poden ser os centros que imparten ensinanza de réxime especial ou o alumnado en prácticas de FP.

Neste punto, quixera tamén referirme a outro momento importante, xa citado, como foi a decisión de adiar unha semana o inicio de curso —en secundaria, refírome— e comezar o 23, 24 e 25 de xeito escalonado. ¿Por que se tomou esta decisión? A resposta é: para dar tempo aos centros de secundaria a adaptarse aos novos parámetros acordados na Conferencia Sectorial do 27 de agosto; é dicir, á obriga da distancia interpersonal de 1,5 metros. Esta distancia trastocou os plans preexistentes e levou a que un número concreto —non moi significativo, pero concreto— de institutos, fundamentalmente urbanos, tivesen unha gran dificultade —junha enorme dificultade!—, absolutamente obxectiva, de poder dar cumprimento a esta medida que se introduciu, como digo, o 27 de agosto. Se pensamos en





institutos que están en espazos urbanos consolidados, en institutos de carácter histórico, en institutos que teñen unha oferta funcional e unha oferta educativa tremendamente importante, con ESO, con ciclos de FP, con bacharelato e incluso con nocturno, vemos que neses institutos era imposible, obxectivamente, poder dar cumprimento a estas medidas. Por iso, plantexamos unha serie de solucións alternativas e, por iso, atrasamos o inicio de curso esta semana.

Ao mesmo tempo que tomamos estas decisións, comezamos a traballar, de xeito paralelo, na principal medida proposta pola Xunta. Tal como se fixo con anterioridade en infantil e primaria, nos pasados días procedeuse á contratación de profesorado a maiores para atender ás necesidades dos centros de secundaria, de bacharelato e de FP. Puxemos en marcha, no conxunto de Galicia, 847 desdobramentos só para ESO, bacharelato e FP. Ante as dificultades obxectivas de carácter físico, arquitectónico e urbanístico e ante a oferta funcional potente e densa de moitos centros educativos, plantexamos outras medidas que vostedes xa coñecen: a opción da semipresencialidade en bacharelato e en FP —por certo, en liña coa inmensa maioría das comunidades autónomas de España, practicamente a metade, onde se alonga a posibilidade da semipresencialidade a partir de segundo da ESO; mentres que en Galicia só se plantexa en ensino non obrigatorio, en bacharelato e en FP— e a instalación de mamparas naqueles espazos, fundamentalmente en aulas específicas —pensemos nas aulas de informática ou en talleres de FP—, onde a separación física se sitúa entre 1 metro e 1,5, de forma que se reforzan as medidas de seguridade: distancia de 1,5, máscara e mampara. E, por suposto, aproveitamos este tempo para incrementar as accións formativas dirixidas ao profesorado para adaptar o xeito de traballar á nova situación.

Neste punto da intervención, quero centrarme nunha cuestión de especial relevancia neste curso escolar, que é na dotación de recursos, tanto materiais como humanos. Así, quero concretar a dotación de equipamentos prevista para a execución do Plan de continxencia para a educación non presencial ou semipresencial. Como saben, contamos para este curso cun plan de continxencia que porá á disposición dos axentes educativos as ferramentas tecnolóxicas e os recursos formativos necesarios para activar o ensino a distancia se fose necesario. Poñemos á disposición do alumnado galego, neste novo curso, arredor de 55.000 novos dispositivos, 34.000 deles a través do programa E-Dixgal e uns 20.000 para ofertar novos ordenadores aos alumnos máis vulnerables. Temos xa 1.000 en stock, coas súas pertinentes conexións á wifi; estamos en proceso de contratación de 2.000 máis; temos tamén, nos CFR, nos Centros de Formación e Recursos do profesorado, 600 ordenadores á disposición da comunidade educativa e acabamos de asinar un convenio con Red.es polo cal se subministrarán 17.000 novos ordenadores calculamos que sobre finais deste ano ou principios do que vén.

O obxectivo deste plan, por unha parte, é manter a calidade educativa nos escenarios hipotéticos e posibles de que non haxa un ensino presencial; por exemplo, no caso de aulas que están afectadas por gromos, ou tamén para facilitar a opción da semipresencialidade, tanto en bacharelato como en FP.

En definitiva, o que queremos é anticiparnos e queremos estar preparados para dar resposta a un curso excepcional, que non sabemos como vai evolucionar. Ninguén o sabe, pero queremos estar preparados, queremos anticiparnos, e queremos, por unha parte, ter equipa-



mentos e dispositivos electrónicos orientados ás familias máis vulnerables e a quen o precise, e, por outra, lograr, en cuestións puramente organizativas e académicas, se é preciso, que o sistema educativo se resinta o menos posible por esa situación. Este plan, que foi elevado ao Consello da Xunta hai moi poucos días, ten medidas dirixidas ao alumnado, ao profesorado, aos centros e ás familias.

Por outra banda, a principal medida, a principal e máis importante medida da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do actual curso, e para que se poida desenvolver coas máximas garantías de seguridade, calidade e equidade, é o reforzo da plantilla de profesorado. A prioridade da Xunta de Galicia é apostar polo ensino presencial, en todas as etapas educativas; por iso, a principal medida deste curso foi e é o reforzo do profesorado. Estamos falando dunha contratación de arredor de 2.300 novos docentes, algo máis de 1.300 para atender os desdobrementos e o incremento da oferta, e arredor tamén de 1.000 para reforzar, dun xeito específico e exclusivo, a atención aos alumnos máis vulnerables.

Os datos xerais que temos son os seguintes: falamos de arredor de 1.100 profesores para as etapas de ESO, bacharelato e formación profesional. Destes 1.100, 847 son para dar cobertura aos desdobrementos, para dar seguridade nas aulas, e 260 para atender o incremento da oferta. Falamos tamén de 240 novos docentes de infantil e primaria e duns 1.000 —990— docentes de apoio, que están distribuídos a partes iguais entre primaria e ESO e que se están contratando a través do Programa ARCO, de reforzo educativo, orientado, fundamentalmente, a reforzar as situacións vencelladas á dinámica da pandemia.

Con este reforzo dos equipos docentes, primeiro, dáse resposta á principal demanda da comunidade educativa, e, segundo, aténdense as necesidades do profesorado expostas polos centros e pactadas con Inspección para este curso ante a nova situación. Ademais, tamén se reforzou a formación permanente do profesorado; fixemos formación específica para os equipos covid —1.500 en toda Galicia aproximadamente; 4.300 docentes aproximadamente—. E quixera agradecer, neste proceso de formación, aos equipos covid a participación leal e moi importante, neste caso da Consellería de Sanidade. Ademais, todo o profesorado de Galicia poderá acceder a un curso de actualización de ferramentas didácticas para docentes para que poidamos ter un manexo das ferramentas institucionais para o ensino mixto.

Todo isto ten un soporte orzamentario. Desenvolveuse, e estase desenvolvendo, un moi potente investimento vencellado directamente ao efecto covid ao longo do actual ano, ao longo do actual exercicio. Podemos dicir que o investimento no actual exercicio vencellado ao efecto covid se sitúa, tanto no ensino non universitario como no SUG, en arredor de 162 millóns de euros. Nestes 162 millóns de euros introducimos os fondos provenientes do Estado a través do Fondo covid —aínda que aquí fago unha salvedad, retraemos dos 93 millóns, sobre 12 millóns de euros que van ser xestionados por Política Social, porque cobre o ensino de 0 a 3 anos; é dicir, estamos a falar de 93 menos 12, estamos precisando aínda estes datos— e tamén, de fondos de xestión directa da Xunta, o restante, uns 81 ou 82 millóns de euros.

Creo que son datos significativos, datos que destacan o enorme esforzo investidor que supón para este curso o incremento de profesorado, sen dúbida, a partida máis significativa, tanto en infantil e en primaria como na ESO, bacharelato e formación profesional; vencellado, como



xa digo, fundamentalmente, aos desdobramentos. Son desdobramentos; estamos a falar de 58 millóns de euros que se adican este curso ao pagamento dos profesores necesarios.

Por suposto, nesta cantidade de 162 millóns, hai outras partidas moi significativas, por exemplo, hai máis de 9,4 millóns para equipamentos informáticos, tanto para E-Dixgal como para aqueles orientados a reducir a brecha dixital; houbo tamén obras en infraestruturas e equipamentos moi importantes, estamos a falar practicamente de 24 millóns de euros, onde temos unha partida moi significativa dentro do Plan de reactivación económica que se impulsou no seu momento pola Xunta de Galicia para facer fronte á covid-19. Outras partidas poden ser a reserva de garantía educativa, 7 millóns, absolutamente novos, que chegan aos centros educativos, ou os fondos transferidos á universidade. Xa temos 3 millóns enriba da mesa e estamos actualmente en negociacións cos equipos reitorais para trasladar a parte correspondente ao Fondo covid.

Se agrupamos estas cantidades, podemos dicir que Galicia adica 93,9 millóns a recursos humanos: profesorado, bolsas específicas, reforzo de persoal de comedores, reforzo de persoal de limpeza... —unha cantidade moi significativa, practicamente 94 millóns de euros, 93,9—. Para obras e equipamentos estamos a falar de 43,5 millóns de euros. Xa falei da gran partida, por exemplo, de obras, vencellada ao Plan de reestruturación e de reactivación da covid-19, e para servizos, 25 millóns de euros. É dicir, son datos que falan do significativo esforzo que estamos a facer como sociedade para apoiar e para posibilitar que o curso educativo se poida desenvolver coas máximas garantías de seguridade.

Queremos, por suposto, agradecer a transferencia que recibimos do Estado, que recibiron todas as comunidades autónomas. Sen embargo, así como dicimos claramente que o agradecemos, tamén dicimos claramente que é discriminatoria e inxusta para Galicia. Xa se dixo publicamente que non cumpre e non contempla o custo efectivo da prestación do servizo educativo en Galicia. Fíxose cunha simple regra de tres, un sistema inxusto e que sisou a Galicia arredor de 36,3 millóns de euros; imposibilitou que este fondo chegase a Galicia con 36,3 millóns de euros. Así foi comunicado polo propio presidente na recente Conferencia de Presidentes que tivo lugar —creo— na Rioxa. Ademais, este fondo está pensado para executar no ano 2020, só no ano 2020.

Seguimos demandando e demandamos un esforzo proporcional por parte do Estado para poder facer fronte aos sobrecustos económicos da pandemia, e estimamos que estas cantidades non poden ser inferiores a 30 millóns de euros para o ano 2021. É un gran esforzo, sabémolo; é un gran esforzo, asumímolo; e é un gran esforzo, executámolo, pero necesitamos que as administracións —todas as administracións— estean á altura das súas responsabilidades.

Se pasamos ao sistema universitario, quixera dicir que neste ámbito se partiu sempre, por unha parte, do respecto á autonomía universitaria, pero, por outra, dunha colaboración e dunha cooperación moi leal entre as tres universidades e, neste caso, a Xunta de Galicia.

Ao igual que no caso anterior, o curso estase a desenvolver nas tres universidades sen incidencias importantes, ou sen nada que non estea pasando noutras universidades de España



ou do mundo. Isto demostra que o traballo de planificación e o traballo de colaboración leal entre as universidades e a Xunta está funcionando.

En Galicia, as actuacións para o desenvolvemento do curso universitario foron previstas e comunicadas aos alumnos das universidades galegas. As universidades aprobaron e publicaron os seus plans de continxencia, con escenarios diferentes, en función da situación sanitaria. Tamén se fixeron plans de prevención para cada centro universitario, os plans de adaptación que se fixeron nos centros non universitarios. Houbo un traballo compartido, pactáronse instrucións para unificar a actuación académica, tanto para pechar o curso pasado, cuns estándares e uns requisitos mínimos de calidade e vencellados á docencia non presencial, a través do que se denominaron «as guías docentes», como para a apertura do actual curso, como xa dixen, co deseño dunha serie de escenarios. Todo isto fíxose con base nunhas instrucións pactadas e negociadas entre a Secretaría Xeral de Universidades e, neste caso, os equipos reitorais. Na dita Instrución do 30 de xullo establécense os requisitos mínimos para garantir a calidade da docencia neste ano académico.

Ademais, cada universidade elaborou un plan xeral de prevención e un plan de control sanitario para cada unha das súas institucións, con medidas adaptadas a cada un dos centros, que, obviamente, son moi diferentes en función das tipoloxías construtivas dos centros e en función das necesidades educativas das diferentes áreas de coñecemento. Obviamente, teñen que ser situacións diferentes. É dicir, foi un gran traballo, que posibilitou que en Galicia unha declaración —neste caso do ministro de Universidades— moi desafortunada non xerara unha desazón na comunidade educativa. Todos recordamos aquela declaración onde se lle dicía á comunidade universitaria que había que sobrevivir e que non existía un plan B. Afortunadamente, estas palabras en Galicia levounas o vento sen maior importancia porque se tiña o traballo feito e se traballara con moita precaución e cunha importantísima colaboración. E seguímolo facendo.

O 17 de setembro mantiven unha xuntanza cos tres reitores na que analizamos o inminente inicio de curso, que se producía unha semana máis tarde, neste caso o 25. Naquela xuntanza fixamos de xeito inmediato a aprobación dun convenio por 3 millóns de euros que vai orientado a cubrir gastos extraordinarios das universidades en diferentes materias: medidas de control sanitario, cuestións de dixitalización, infraestruturas menores... E tamén hai que dicir que neste momento xusto estamos en plena negociación con estas institucións para transferir a porcentaxe dos fondos comprometidos —neste caso, polo Goberno central— para os alumnos que están no ámbito da educación superior.

Despois desta exposición, desta exposición do traballo feito para iniciar un curso escolar e universitario absolutamente atípico, quero tamén, dende esta sede parlamentaria, apelar á prudencia, á responsabilidade e ao «sentidiño». É certo que fixemos moito, a comunidade educativa fixemos moito, pero tamén é certo que queda moito por facer e que non podemos baixar a garda en ningún momento. Debemos ser conscientes de que ao longo do curso teremos moitas continxencias —estámolas tendo—, de que teremos problemas e de que teremos circunstancias non desexadas, porque non digo nada novo, señorías: o risco cero non existe, nin no contorno escolar, nin no conxunto da sociedade. Os protocolos que foron establecidos polas autoridades sanitarias están a detectar aqueles casos positivos de covid-19



en persoas vinculadas aos centros educativos e tamén, por suposto, ás escolas infantís, aínda que estas últimas son xestionadas dende o ámbito da política social.

Quixera dar os datos actuais, de hoxe, vencellados coa situación sanitaria nos centros educativos. No día de hoxe temos 427 casos. Se comparamos co sábado, temos 52 casos máis. Se falamos por áreas sanitarias, vemos que a peor área e a que ten máis número de positivos é Ourense, con 143, seguida da Coruña, con 93, de Pontevedra, con 54, de Santiago, con 46, de Lugo, con 45, de Vigo, con 37 casos e de Ferrol, que é a área sanitaria que presenta uns mellores datos, só 9 casos positivos. Temos 23 aulas pechadas, cinco menos que o sábado, e non temos ningún centro pechado.

¿Por que falo do sábado? Porque a Xunta de Galicia, neste caso a Consellería de Educación, aporta datos diarios de martes a sábado; é dicir, os datos de hoxe fálannos dos datos do luns e dos da fin de semana e os datos do sábado falan do venres. É dicir, é un exercicio de transparencia practicamente inédito en España, e, por certo, o Ministerio de Sanidade non aporta en ningún caso datos comparativos ata o momento. Si empezou agora, como explicarei máis adiante, pero non aporta datos neste sentido.

Estes datos lévannos a dicir que os centros educativos —podémolo dicir, con precaución, con prudencia e con respecto— son espazos seguros e que se están a cumprir dun xeito escrupuloso os protocolos sanitarios. Obviamente, detrás desta afirmación, hai un enorme esforzo, un enorme traballo, fundamentalmente dos equipos docentes, dos equipos directivos, tamén do persoal non docente que convive nos propios centros, das familias e dos nenos e das nenas, que se adaptan —non queda outra— aos requirimentos hixiénico-sanitarios fixados e, por suposto, ao sistema sanitario galego.

E quero tamén facer un chamamento á responsabilidade, á responsabilidade de toda a comunidade educativa, profesorado, persoal non docente, alumnado e familias. É fundamental manter a seguridade nos centros educativos de Galicia.

Quixera tamén presentar e compartir con vostedes, señorías, os datos acumulados dos últimos sete días, da última semana. Estes datos indícanos que nos centros de ensino a situación é mellor, afortunadamente, que no conxunto da sociedade. Nos datos acumulados dos últimos sete días podemos dicir que a ratio por cada 100.000 habitantes nos centros educativos é de 44 casos por cada 100.000 habitantes. O dato xeral de Galicia está en 52 casos por cada 100.000 habitantes.

Obviamente, insisto, cautela, precaución e esforzo. Estamos vendo que o esforzo está pagando a pena, que os centros educativos son espazos seguros.

Outro dato máis que quero poñer encima da mesa: todos somos conscientes de que os centros educativos son espazos abertos; cada día entran e saen, á marxe do ensino universitario, preto de 450.000 persoas: alumnos, estudantes, persoal de servizo, profesores..., arredor de 450.000 persoas. Se facemos unha comparativa dos casos co número de persoas que interactúan nos centros educativos, vemos que o número de casos activos é menor do 0,1 % en Galicia, en concreto é do 0,09 %. Creo que estes datos evidencian o esforzo e son un reco-





ñecemento ao gran traballo que se está facendo nas comunidades educativas para preservar a seguridade sanitaria.

Tamén quero dicir que na inmensa maioría dos casos activos, salvo algún caso moi excepcional, dentro dos 1.300 centros educativos, identificamos un caso ou dous por aula, e en moitas ocasións eses dous son irmáns. Estamos a falar de que máis do 80 % dos casos detectados teñen un ou dous casos por aula. Iso acredita que hai unha moi reducida transmisión comunitaria no contexto educativo e acredita unha correcta aplicación dos protocolos sanitarios.

E tamén quixera facer e compartir con vostede, señoría, uns datos comparativos a nivel estatal, que creo que deixan quedar en bo lugar as comunidades educativas galegas. Como xa dixen, en Galicia damos datos diarios, co parón da fin de semana. Teño que dicir que é complexo, moi complexo, facer comparacións a nivel global con outras comunidades autónomas, porque o Ministerio ata o momento non publicou ningunha estatística que poida ter estandarizada e que nos posibilite vernos e compararnos, porque é posible que algunhas comunidades autónomas estean desenvolvendo moi ben o seu traballo, e ao mellor podemos mirar para elas para aprender, pero non existe ese dato; de feito, na última Conferencia Sectorial eu mesmo lle plantexei — neste caso á ministra de Educación — a necesidade de ter un sistema informativo comparado entre as diferentes comunidades autónomas. É certo que con posterioridade a esta conferencia sectorial se nos enviou unha ficha Excel para que enviemos datos e para que o Ministerio, o Goberno de España, poida aportar datos comparativos un día á semana, o mércores.

Pois ben, é difícil, como xa digo, facer comparacións, pero temos dous datos, un aportado pola propia ministra na Conferencia Sectorial do 24 de setembro, e outro desta fin de semana dun medio de comunicación, que o tomaremos coa precaución necesaria por ser un medio de comunicación, pero que tamén nos aporta certa luz comparativa neste ámbito.

Se facemos caso ao dato aportado na Conferencia Sectorial, neste caso polo Ministerio de Educación, vemos que en Galicia ese día tiñamos 27 aulas pechadas; o 24 de setembro tiñamos en Galicia 27 aulas pechadas. En España había 2.852. É dicir, Galicia tiña ese día o 0,9 % das aulas pechadas do total de España, cando a poboación escolar nosa está nun 5 %; para que vexamos o bo traballo que se está a facer nos centros.

Se collemos a información desta fin de semana dun medio de comunicación — coas salvedades necesarias, pero como o Ministerio non dá datos, collamos este dato como referencia —, vemos que España ten 4.759 aulas pechadas — con cautela, que é o dato que temos —; Galicia, 28; é dicir, temos o 0,5 % do total das aulas pechadas. Nas comunidades autónomas: Andalucía, 530; Aragón, 270; Castela e León, 142; Extremadura, 84. E fíxense que falo de comunidades de todos os partidos políticos para que non pensen que estamos utilizando datos interesados.

En definitiva, a media de España é de 1,6 aulas pechadas; a media de Galicia é de 0,18; 1,6 fronte a 0,18. Obviamente, estes datos falan ben das medidas implementadas, falan ben dos protocolos, falan ben das familias, falan ben do profesorado, falan ben do conxunto da comunidade educativa, e permítennos unha certa marxe de prudencia, pero tamén nos permiten poder estar orgullosos do bo traballo que estamos facendo todos en Galicia para manter algo fundamental nestes momentos, como é a seguridade. *(Aplausos.)*



Certamente, moitas voces das comunidades científicas sanitarias, pediatras de prestixio ou o propio ministro de Sanidade din —estannos comunicando— que os centros educativos e as aulas non son lugares de transmisión, senón que, ao contrario, funcionan como cortalumes dentro da cadea de expansión do virus. É normal —é e vaino seguir sendo en Galicia, en España e en Europa— que xurdan casos afectados vinculados a centros educativos: profesores, alumnos, persoal de servizo, etc. O que se ten que facer é que o centro non sexa vehículo de transmisión. En Galicia non temos ningún centro pechado; tivemos un a principio de curso, pero neste momento non temos ningún. Descoñecemos os que hai en España, pero o 24 de setembro a ministra nos dixo un bo número deles. E temos que dicir que é necesario recoñecer o esforzo e é necesario lanzar unha mensaxe de tranquilidade. Somos conscientes de que levamos pouco menos dun mes en primaria e en infantil e pouco máis de dúas semanas en secundaria, ESO e BAC, pero por agora, como xa dixer, na inmensa maioría dos casos, estamos a falar de 1 ou 2 por aula, porque se corta a cadea de transmisión.

¿Van xurdir casos? Sen dúbida. O máis importante é actuar coa máxima dilixencia cando xorde un caso, cortalo, informar ás familias e cumprir os protocolos sanitarios. Van xurdir, pero hai que ter unha reacción rápida e cortar a cadea de transmisión, e facelo con total transparencia informativa cara a fóra e cara a dentro das comunidades educativas.

Puxemos en marcha dúas iniciativas —creo que moi importantes— para lograr o que estamos dicindo da xestión da información. Por unha parte, a plataforma Educovid, que é unha plataforma deseñada por Sanidade, por Educación e pola Amtega e que é unha canle de comunicación entre o mundo sanitario e o mundo educativo; é, en definitiva, unha aplicación de alarmas para qu, cando se detecta un caso no sistema sanitario, se traslade a información ao sistema educativo, o sistema educativo traslade a información ao sistema sanitario e os sanitarios poidan decidir que medidas adoptar en cada caso con base na información que existe nos centros; e trasládase aos servizos sanitarios a través de Educovid.

E unha medida creo que moi importante para reducir o estrés das familias, para diminuír o tempo de resposta e o tempo de sospeita nos diagnósticos, tamén para reducir a presión sobre a atención primaria e sobre os pediatras é a creación do autocovid escola; é dicir, que nos espazos covid-auto exista unha liña específica orientada ao persoal educativo: alumnos, profesores, persoal de servizo... E no caso hipotético de que se decida que é necesario facer unha PCR, se poida facer de xeito inmediato, como xa digo, reducindo o estrés nas familias e facilitando unha resposta rápida, contundente e áxil, que permita diminuír o momento de sospeita e o momento de diagnóstico.

Quero dicir tamén que as propias universidades nos trasladan que a incidencia da pandemia é mínima nestes momentos —insisto, coa prudencia e coa cautela necesaria que hai que ter—, e é unha incidencia mínima entre o alumando, entre o profesorado e entre os PAS neste momento.

Tamén coinciden neste caso as autoridades universitarias coa percepción e co diagnóstico certo que temos nós, e é que os contaxios veñen de espazos de fóra do ámbito universitario, igual que veñen de fóra do ámbito educativo.

Remato xa.





Nesta exposición quedou de manifesto que a Xunta e o Goberno galego puxemos todo o que estivo e está na nosa man para afrontar do mellor xeito posible o inicio dun curso absolutamente atípico, absolutamente complexo, nun escenario absolutamente excepcional. Quero dicir que o inicio deste curso é un logro, pero un logro non da Administración autonómica en exclusiva, nin moito menos, é un logro colectivo, que se fundamenta e se basea no esforzo constante de equipos directivos, de profesorado, de alumando e de familias, que están dando exemplo e están demostrando que somos unha sociedade madura e que somos unha sociedade responsable.

Neste contexto apelo —como levo facendo en todos os contactos que tiven e seguirei tendo cos diferentes membros da comunidade educativa— a que sigamos traballando xuntos —dentro da discrepancia, pero traballando xuntos— por un obxectivo común, que pasa por garantir a máxima seguridade sanitaria, que pasa por asegurar o dereito á educación, pola calidade e pola equidade, que pasa por asegurar o dereito educativo e que pasa polas máximas garantías sanitarias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, permítanme que as miñas primeiras palabras non vaian dirixidas ao señor conselleiro, senón á familia, aos pais desa menor recentemente falecida —falecida é un eufemismo, porque, en realidade, parece ser que se tratou dun suicidio—; unha menor vítima dun presunto caso de acoso escolar relacionado coa súa identidade sexual. Francamente, resúltame imposible pensar nunha dor maior que na duns pais que perden a un fillo nunhas circunstancias tan tráxicas como esta e, evidentemente, esa dor creo que tamén a compartimos todos como sociedade. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, é unha mágoa que esta comparecencia non tivese lugar no primeiro pleno desta XI lexislatura, porque, cando menos, podería ter vostede solicitada a súa comparecencia o día 22. Claro que nese momento a comparecencia non era prudente, posto que non se sabía como se ía iniciar o curso. E, como se ve, non fago a máis mínima valoración sobre o apazamento das interpelacións, posto que se adoptou a decisión correcta —ou vostede adoptou a decisión correcta— con respecto á súa asistencia a este pleno.

Pero, repito, creo que dentro desta Cámara e da opinión pública se esperaban tres comparecencias no primeiro pleno desta lexislatura, a súa, a da conselleira de Política Social e a do conselleiro de Sanidade, e todo iso, señor conselleiro, señorías, por razóns obvias relacionadas coas máximas preocupacións da cidadanía, pero ningunha se produciu. Mal empezamos, porque neste pleno seguen a faltar dúas desas tres comparecencias.



Con carácter previo, permítame dicirlle que con respecto á súa extensa comparecencia, chamo a atención sobre dous detalles non menores. O primeiro é que dixo vostede que o Goberno de España lle «sisou» —literalmente— á Comunidade Autónoma de Galicia 36,3 millóns de euros nunha repartición feita por regra de tres. Bueno, regra de tres simple polo menos, non, posto que vostede sabe que foi un sistema ponderado, tendo en conta o 80 % da poboación de entre 0 e 17 anos e o 20 % da poboación de entre 17 e 24, que sería, digamos, a correspondente ao ensino superior. En todo caso, repito que creo que iso de «sisar» está fóra de lugar, porque se parece moito a «España nos roba».

E, en segundo lugar —creo que vostede valorará particularmente esta feliz coincidencia—, temos por primeira vez, ou por unha das primeiras veces na historia, un dato fehaciente de cando se iniciou a hecatombe e de quen a iniciou, e iso creo que para un historiador coma vostede é algo moi relevante. Todo empezou o día 28 de agosto do ano 2020, orixe da crise máxima da Consellería e orixe de todos os problemas que arrastrou este inicio de curso.

Porque no día de hoxe é necesario máis que nunca recoñecer a profesionalidade tanto dos docentes como dos equipos directivos, xa que, pese á súa improvisación, á súa indefinición e á súa indolencia, foron quen de arrancar co inicio de curso; iso si, en primaria en data e en secundaria cunha semana de atraso. (*Aplausos.*) Porque, evidentemente, o curso pode estar neste momento funcionando con certa normalidade, pero, desde logo, non foi grazas á súa previsión e á súa anticipación.

Mire, vostedes publicaron un calendario inicial o día 9 de xullo. O día 1 de setembro publicaron unha resolución para a incorporación gradual do alumando, porque, evidentemente, había que facelo dunha forma pautada, cousa que non se podía prever de ningunha das maneiras.

O día 17 de setembro publican unha nova modificación do calendario escolar, e ata o día 30 de xullo resulta que non publicaron vostedes unhas instrucións, que podían ter publicado antes; instrucións que nada ou pouco teñen que ver co Protocolo ao que vostede aludiu durante moito tempo da súa intervención, porque estas instrucións inclúen determinacións tan relevantes para os centros educativos como a elaboración do Plan de continxencia para o caso de suspensión da actividade lectiva. Todos sabiamos que iso era necesario telo elaborado. Creo que sería un exercicio de prudencia normativa por parte da súa consellería publicar esas instrucións con suficiente antelación para que, cando menos, no período de xuño e xullo os departamentos didácticos e o profesorado dos colexios de educación infantil e primaria puidesen elaborar ese plan de continxencia.

O día 24 de setembro vostedes envíanlles un correo a todos os docentes do sistema público galego que contén un protocolo de actuación ao contexto covid nos centros de ensino non universitario para o curso 2020-2021 —estou a falar, señorías, do 24 de setembro—; protocolo que é a versión 3.2, porque o borrador do Protocolo versión beta ou versión 1 foi presentado en xullo —por certo, catro días despois das eleccións autonómicas, e non antes—; e agora imos —como vostede dixo e niso concordo— cun protocolo dinámico que debe ser adaptado permanentemente.

Tamén contén ese correo un protocolo de prevención para a transmisión da covid nos comedores dos centros —porque tampouco se sabía que os comedores eran un lugar que debía



ter un protocolo específico—; contén tamén un protocolo exiguo para os alumnos con necesidades educativas especiais —e digo exiguo no sentido de que ten 6 folios, e se o protocolo versión beta era boísimo porque tiña case 90 folios, Feijóo *dixit*, entón, este debe ser moi malo porque só ten 6; vamos, é unha cuestión de proporcionalidade, aí si, señor conselleiro, regra de tres simple—; a última enquisa de autoavaliación para as familias, seguindo o modelo que se aprobou polo Ministerio de Sanidade o día 10 de setembro; e así sucesivamente. Pero non vou falar do Protocolo porque mañá teremos tempo de falar del, aínda que a súa intervención practicamente nos despexou todas as dúbidas.

No escaso tempo que me queda —oxalá tivese a cuarta parte do que dispón vostede, non o digo polo seu carácter ilimitado, xa que, evidentemente, vostede forma parte do Goberno e ten que ter tempo para explicarse, pero 10 minutos a cada grupo parlamentario para falar dun asunto tan transcendente como o curso escolar é máis ben pouquiño tempo— quero dicir que preocupan moitas cousas con respecto ás familias e ao profesorado. En primeiro lugar, preocupa a situación tecnolóxica do alumnado. Pouco dixo vostede ou practicamente nada diso, excepto ese acordo do Consello da Xunta de Galicia da semana pasada no que se deu noticia de que se ían adquirir 20.000 novos equipos para os alumnos. E, mire, máis ou menos 20.000 igual é algún menos, dada a súa tendencia a ir á alza cando de bonanza se trata. E 34.000 existentes en E-Dixgal sonlle preto de 54.000 e non preto de 55.000, porque 1.000 de diferenza é moi relevante, sobre todo tendo en conta que a súa consellería fixo un alarde de que repartira 900 equipos entre o alumnado que o necesitaba durante o peor da pandemia; é dicir, cando se suspendeu a actividade lectiva ordinaria no mes de marzo. Son 54.000.

Tamén hai unha cousa que me chamou moitísimo a atención, porque din vostedes que no programa E-Dixgal vai haber 200 aulas e que supón 8.000 novos equipos para o alumnado e 2.000 para o profesorado. Todo, todo, todo son múltiplos de 10 e case de 1.000. Pero, mire, se son 200 aulas, son 8.000 equipos para o alumnado; nunha división saíame que hai 40 alumnos por aula, ratio que creo que non se corresponde coa realidade.

¿Analizaron vostedes, señor conselleiro, as necesidades —ou coñecen— de atención do alumnado no ámbito dixital? ¿Con que criterios van repartir eses equipos? ¿Son exclusivamente para o novo E-Dixgal? ¿Pode contestarme a algunha destas preguntas?

Señor conselleiro, axudas para a repartición de máscaras do alumnado. Dentro desa reserva de garantía educativa que dotaron con 7 de millóns de euros, resulta que lle van repartir máscaras ao alumnado cos mesmos criterios cos que se reparten os libros de texto. E isto xérame algunha dúbida, cando menos, e non é que sexa particularmente sagaz, pero é que ¿como os van repartir?, ¿con que criterios? ¿Vanlle repartir a un alumno 4 e a outro 2, como fan cos libros? ¿Pode vostede garantir que esa repartición se vai facer en condicións de igualdade en todos os centros? É dicir, ¿vanlles vostedes dar algunha instrución aos centros sobre como proceder a esa repartición ou vai ser: aí che vai esta caixa, reparte como vexas? E non estou facendo nin pretendendo facer un chiste fácil, é unha situación ben dramática, e vostedes votaron en contra dunha iniciativa do BNG no pleno anterior sobre a repartición de máscaras gratuítas.

Xeraron vostedes un problema co transporte escolar do alumnado de bacharelato porque, evidentemente, algúns centros —vostede fixo referencia a iso—, acertadamente, decidiron



trasladar as ensinanzas de bacharelato á quenda vespertina e, polo tanto, deixaron os alumnos sen transporte escolar. Teremos ocasión de debater sobre este asunto.

Con respecto ao profesorado, o baile de cifras xa é de antoloxía: primeiro, en agosto, eran preto de 1.000, agora son preto de 2.300, onte eran preto de 2.000. Señor conselleiro, creo que debe ser un pouco máis serio á hora de trasladar as cifras sobre o profesorado contratado nesta comunidade autónoma, porque sabemos —porque así se dixo en sede parlamentaria a unha pregunta deste grupo parlamentario na Comisión 4ª, Educación e Cultura— que, en realidade, para atender novas necesidades derivadas das medidas que hai que adoptar nos centros para cumprir ese protocolo e garantir as condicións sanitarias axeitadas son pouco máis de 1.100 os profesores que se van incorporar ao sistema educativo.

Non quero abrir ningún melón —e remato, señor presidente—, pero non estaría de máis que fixera vostede algún tipo de referencia aos centros concertados porque os centros concertados, como centros sostidos con fondos públicos, requiren financiamento.

E hai unha cousa que me chamou poderosamente a atención ao longo de toda esta xa case esgotadora crise —e, desgraciadamente, o que nos queda—, que é: ¿como é que nos centros concertados non houbo ningún problema nin coas distancias, nin coas instalacións, nin co profesorado? ¿Como é que por parte da Consellería de Educación non se lle trasladou en ningún momento á opinión pública que se estaba atendendo aos milleiros de alumnos que se escolarizan neses centros? ¿Pode vostede darlle algunha información a esta Cámara sobre este particular?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Remato, señor presidente.

En fin, señor conselleiro, demasiadas preguntas abertas, demasiadas preguntas sen resposta. Francamente, gustárame que, dado que esta comparecencia se realiza a petición propia, tamén a petición, cando menos deste deputado, dese vostede algunha información sobre estes asuntos sobre os que lle acabo de preguntar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Presidente, señorías.

Señor conselleiro, permítame, antes de nada, trasladarlle a nosa ledicia porque, finalmente, hoxe vostede si pode estar aquí. Agardamos que a corentena e as causas que a provocaron tivesen un resultado satisfactorio, como así parece.



E, como non pode ser doutro xeito, nós cremos tamén que é de xustiza reincidirmos no noso apoio e trasladar todos os nosos folgos aos membros da comunidade educativa —como así fixeron as persoas que me precederon—, que están a dar un exemplo á hora de afrontar a covid e as súas consecuencias. Sodes un exemplo e precisamos máis ca nunca de todas e de todos vós. (*Aplausos.*)

Porque se algo temos claro, señor conselleiro, é que esa comunidade educativa, ese grupo humano, está a dar un exemplo de dignidade e é a quen nos debemos por riba de todo; é a que debe ser a referencia constante e a que debe ter todo o noso empuxe para seren atendidos cunhas garantías, cunha seriedade e cuns niveis de responsabilidade que, ao noso xuízo, dende a Consellería de Educación, tristemente, non se amosaron en ningún momento.

Por iso, señor conselleiro, eu, despois de escoitar a súa intervención, o primeiro que lle quería dicir é que resulta abraiante o nivel de autocompracencia e o nivel de desconexión que, ao noso xuízo, está a amosar coa realidade do noso sistema educativo. E dicimos isto porque a súa intervención parte dese pecado orixinal que vostede mencionaba —que é a cerna da súa liña argumental— cando dicía que todas as dificultades que xurdiron no sistema educativo xurdían no 31 de agosto. Pero é que vostede parte dunha premisa que non é certa, señor conselleiro; vostede sabe que no día 22 de xuño xa había unhas indicacións da OMS nas que se establecía 1 metro de distancia entre pupitres, e vostedes cambiaron ese mecanismo e estableceron 1 metro de distancia entre o eixo da cadeira. Polo tanto, cando vostedes o día 22 de xullo fixeron o seu protocolo poderían ter implementado 1 metro e medio de distancia, que era o que dicían os organismos sanitarios, e non o fixeron. ¿Saben por que? Porque lles permitía aforrar profesorado. (*Aplausos.*)

E tamén chama a atención, señor conselleiro, que vostede veña aquí dicir que, claro, eses criterios de repartición do Fondo covid son inxustos, e nós compartímolo absolutamente. Pero, como o compartimos absolutamente, nós no debate do Congreso votamos en contra dos criterios de repartición dos fondos covid, pero vostedes, señores do Partido Popular, votaron a favor, (*Aplausos.*) e agora veñen aquí dicir que, bueno, esa repartición é inxusta. (*Aplausos.*) Miren, o que non se pode é defender os intereses deste país en réxime de semi-presencialidade porque teña claro que a comunidade educativa non o entende.

E, dende logo, o que queremos trasladarlle é que aquí hai dúas opcións: por unha banda, está a lóxica do relato e a lóxica da propaganda; e, pola outra, a lóxica que cremos que é a que nos demanda a comunidade educativa, que é a lóxica da realidade dos centros de ensino. Polo tanto, nós imos tratar de centrar a nosa intervención en todas esas demandas —e contrastalas coa súa intervención— que nos traslada a comunidade educativa; realidades, señor conselleiro, como as que afectan o profesorado. Negamos a maior: unha mentira repetida mil veces non se converte en verdade. Vostede sabe perfectamente que, cando trae eses datos dos 543 docentes do Programa ARCO, están contratados a media xornada. Vostede cando trae os datos dos 543 profesores de educación infantil sabe que é profesorado para cumprir coas ratios de educación infantil e primaria que terían que ser contratados, igualmente nun contexto que non fose o da pandemia e que, polo tanto, non son computábeis nestes termos. E sabe perfectamente que co Fondo covid vostedes poderían ter contratados máis de 2.300 profesores e contrataron menos da metade.





Polo tanto, señor conselleiro, como nós si cremos que a comunidade educativa nos exige estar á altura das circunstancias, fronte á propaganda, propostas. (*Aplausos.*) Proposta primeira, señor conselleiro: contraten vostedes profesorado, garantan o acceso ao ensino presencial dende xa mesmo no bacharelato e rematen coa vergoña que están a vivir os 17 centros de ensino que teñen ensinanzas de bacharelato e que non están en igualdade de condicións.

Proposta dúas, señor conselleiro: xestionen os espazos para permitir que este ensino presencial se faga efectivo.

Proposta tres, señor conselleiro: deixen de discriminar o alumnado de educación infantil e primaria e implementen medidas para que non teñamos que ver a vergoña que vimos de padecer, por exemplo, no CEIP Barcelos, de Pontevedra, e en tantos outros centros do país, que é que en plena pandemia se duplican as ratios de educación infantil.

Proposta catro, señor conselleiro: díganos cal é a porcentaxe da partida covid que foi executada, cantos profesores están contratados a cargo desta partida e cal é a disposición de crédito actual que temos para implementar medidas en defensa da educación pública.

Señor conselleiro, outro tanto do que acontece coa contratación do profesorado podemos dicir das distancias de seguridade. O que aconteceu coas ratios e cos protocolos creo que é unha ladaíña de bandazos e de improvisacións que non merece ser repenicada. Pero o que si é evidente —é así llelo trasladamos antes— é que vostedes tiveron dende o 22 de xuño para tomar esa decisión e non a tomaron. A OMS deixáboo claro; foi a interpretación interesada que vostedes fixeron do que aparecía nas recomendacións da OMS o que motivou o caos de principio de curso.

Eu creo que iso é algo que todo o mundo percibiu na comunidade educativa, señor conselleiro, e simplemente o que lle trato de trasladar é que se vostede non cre o que lle di este deputado vaia aos claustros, que eles lle explicarán perfectamente cal foi a situación que padeceron.

Polo tanto, creo que na comunidade educativa hai un hartazgo. Hai claustros que están fartos de que se deleguen neles responsabilidades que non lles corresponden. E por iso creo que é tamén de xustiza trasladar neste claustro toda a nosa solidariedade coa dirección do CEIP Luís Seoane, de Oleiros, aos que vostedes pretenden incorporarlles responsabilidades que non lles corresponden, (*Aplausos.*) nunha actitude absolutamente impúdica. Vaia por diante que queremos trasladar toda a nosa solidariedade coa directora e coa súa comunidade educativa.

Como tamén prexudicados estaremos, conselleiro, se non somos capaces de artellar solucións inmediatas para o que está acontecendo co ensino a distancia. É que vostede —se lle entendín mal, corríxame— di que estas medias van estar implementadas en decembro-xaneiro, pero é que as necesidades xa as temos enriba da mesa, señor conselleiro; xa estamos a ter esas necesidades enriba da mesa, e sabe que tiveron, ademais, dende o 12 de marzo para planificar unha situación que eu creo que non era tan difícil de prever.

Proposta, señor conselleiro: comprométase aquí a resolver os problemas que se van dar co ensino a distancia, que se van producir, como vostede mesmo vén de indicar, e indíquenos





se hai un protocolo claro para garantir o proxecto educativo e a equidade no ensino a distancia dos centros.

Señor conselleiro, son problemas que tamén se reproducen coa limpeza e desinfección dos centros. O que nos trasladan en moitos centros educativos é que están a ter problemas gravísimos de persoal e que isto chega a motivar mesmo dimisións de equipos directivos, como entendo que vostede coñece. Polo tanto, esta precarización no persoal e este deixamento de funcións, ao noso xuízo, está a provocar problemas que afectan a salubridade e o dereito ao ensino das nosas fillas e fillos.

Proposta, señor conselleiro: comprométase a dotar os centros do persoal suficiente, do persoal que demandan para limpeza e desinfección dos centros e comprométase tamén a cumprir co establecido no informe da Fegamp e da Deputación da Coruña para que asuma a Xunta de Galiza as súas competencias e deixe de descargar a súa responsabilidade noutras administracións.

E remato, señor conselleiro, facendo referencia a dúas cuestións: a primeira, ao Protocolo de necesidades educativas especiais, e a segunda, a relativa á conciliación.

Abordouse en comisión e abordarase tamén neste pleno, pero, dende logo, cremos que é absolutamente impropio dun goberno serio que apareza nun protocolo deste tipo como un punto que se extremarán as medidas de precaución e que as mamparas serán un mecanismo para atender estes alumnos, cando os expertos están sinalando que iso non é o recomendábel.

E o mesmo acontece, señor conselleiro, coas medidas de conciliación. Vostede falaba da relación que tivo coas ANPA, e eu non deixaba de lembrarme destas declaracións do señor Pérez Ares cando estaba reunido coas ANPA de Vigo, ás que lles dixó, por demandar seguridade nos comedores escolares, que estaban a politizar a súa actuación. Isto díselles a persoas que levan anos exercendo voluntariado e que son imprescindíbeis para a pervivencia do noso sistema educativo. É unha infamia, señor conselleiro, e deberían pedir desculpas por estas declaracións. *(Aplausos.)*

E remato novamente tendendo a man para aportar todo o que sexa posíbel, pero exixindo a esta consellería que estea á altura das circunstancias e que asuma as súas competencias. Lembrábame nestes días do que dicía o tristemente falecido Quino nunha das súas bandas deseñadas na que Felipe lle dicía a Mafalda: Non deixes para mañá aquilo que poidas empacarlle a outro no día de hoxe. Tristemente, poucos retratos máis fidedignos do vivido nestes meses por parte da Consellería de Educación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodeiro Tato.



**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, ao igual que fixo o conselleiro e tamén fixeron os voceiros do BNG e os do PSdeG, quero tamén ter unhas palabras nesta intervención de ánimo e de agradecemento a toda a comunidade educativa, que deu sobradas mostras do seu compromiso e responsabilidade coa nosa educación pública.

Grazas tamén ás nais e aos pais, ás alumnas e aos alumnos e ao persoal non docente pola práctica unanimidade á hora de contar coa súa cooperación. Mais tamén quixera destacar a gran implicación dos equipos directivos e docentes, que levan traballando intensamente para organizar en cada un dos centros o inicio do curso escolar nunha situación, como xa escoitamos aquí, excepcional como a que estamos vivindo. A todos estes magníficos profesionais que ten a educación pública de Galicia quixera agradecer, en nome do Grupo Parlamentario Popular, a súa enorme capacidade de adaptación a esta nova situación, e tamén quero resaltar que coa exemplaridade do seu traballo os docentes galegos están dando a súa primeira gran lección do curso escolar aos seus alumnos e alumnas. A cada un dos membros da comunidade educativa, grazas, porque estamos ante un reto como ata o de agora nunca experimentado e faise necesario o traballo de todos e todas para manter os piares do noso sistema educativo, un dos máis equitativos e inclusivos do Estado.

Señor conselleiro, quero agradecer a súa comparecencia a petición propia para abordar o inicio deste curso escolar; un curso que, como todos sabemos, parte dunha situación excepcional; é o maior reto ao que se enfronta a Administración educativa en todas as comunidades. De aí a importancia de que os tres grupos que compoñemos esta Cámara de representación da cidadanía galega poidamos contar coa información que nos trasladou e que nos permite coñecer a folla de ruta que vai seguir o seu departamento.

O primeiro que me gustaría destacar e poñer en valor da súa intervención é a actitude de man tendida que ten o Goberno galego para escoitar as propostas de mellora para o noso sistema educativo e pedir tamén a colaboración dos membros desta Cámara. Deste xeito, a través do debate, poderemos aportar ideas e medidas novas que enriquezan a propia acción da Administración.

Do mesmo xeito, tamén me gustaría felicitar a exquisita lealdade institucional que tivo e está tendo o Goberno galego cos diferentes ministerios do Goberno central, que deberían estar liderando tamén esta crise; unha lealdade que non sempre foi correspondida. Vostede, señor conselleiro, expuxo aquí unha serie de medidas que a Xunta de Galicia adoptou para poñer en marcha este curso escolar coa máxima normalidade que nos permite esta crise sanitaria. No seu discurso podemos comprobar o intenso traballo de elaboración de protocolos para a volta ás aulas, protocolos que se van actualizando seguindo sempre os criterios do Comité Clínico da Xunta de Galicia; un comité clínico con expertos que teñen currículos e nome e apelidos. E todo este traballo que desenvolveu a Xunta de Galicia fíxoo tendo como dificultade engadida colaborar con lealdade co Ministerio de Educación, e a verdade teñen que recoñecer que bandazos houbo uns poucos.

Na Conferencia Sectorial do mes de xuño, efectivamente, establecíanse uns criterios; criterios que cambian á volta das vacacións, o 27 de agosto. E, ademais, esa xuntanza conside-



ramos, tal e como foi pedida por outras comunidades gobernadas por outros partidos, que se tiña que celebrar bastante antes do 27 de agosto.

Polo tanto, iso, efectivamente, provocou unha serie de dificultades e unha xestión que, polo menos nós, non imos aplaudir. Tampouco a aplaudiu parte do Goberno do Estado, que tamén fixeron críticas firmes cara á actuación da ministra porque primeiro dixo unha cousa, despois dixo outra e posteriormente dixo o contrario da segunda para dicir a primeira, para, ao final, acabar dicindo que cada comunidade autónoma fixera o que quixera. Desde logo, parécenos que é unha falta de liderado no ámbito de todo o Estado. A verdade é que —por botar unha brincadeira— a ministra si que ten un gran compromiso cos protocolos covid porque non fai máis que lavar as mans ante estes problemas de coordinación.

Xa que logo, hai outro dato que nos sorprende e que vén destrozando os traballos do pacto educativo, que se creou para estudar fórmulas de entendemento para unha nova lei educativa. Veñen imponer un criterio sectario e ideolóxico, como acabamos de coñecer no Consello de Ministros a semana pasada, a través dun decreto que se vai traducir nunha educación peor e de menor calidade.

Polo tanto, creo que acabar coa cultura do esforzo e do pensamento crítico non é a mellor forma de actuar coa nosa educación senón que é fomentar a mediocridade das futuras xeracións de españois.

Señor Álvarez, efectivamente, non todo se fai ben e sempre hai moitas cousas que facer e que mellorar, pero tampouco recibimos nada por parte do seu partido, que se dedicaron algo de tempo a alentar tamén aos concellos onde gobernan a incumprir as competencias de limpeza utilizando a Federación Galega de Municipios e Provincias nese sentido. Están moi claras as competencias de limpeza dos centros de educación infantil e primaria, por moito que queiran utilizar a Fegamp para dicir o contrario ou facer outra propaganda. Polo tanto, creo que todos estes esforzos son necesarios, pero quero recordarlle, con base nos criterios de repartición dos que se falou aquí neste pleno, o que dicía o señor Lambán, presidente socialista de Aragón, que dicía que eran criterios inxustos os da repartición dos fondos covid. Tamén dicía o señor García Paje: «*No me parece que el cambio de criterio sea justo, no lo puedo compartir*».

Efectivamente, é moi sinxelo, señor voceiro do BNG, dicir que vostedes defenden, pero, ao final, o resultado da súa defensa acaba sendo sempre nulo. Polo tanto, creo que houbo, efectivamente, moitos bandazos que viñeron dificultar o comezo do curso escolar. Señor Lourenzo, quero recordarlle que vostede vén aquí cunha intervención moi encendida, pero a verdade é que —xa llo dicía o primeiro día— xa son a segunda forza de Galicia desta comunidade autónoma. Polo tanto, teñen vostedes máis responsabilidade; responsabilidade que estaría ben que tamén a aplicaran con ese sindicato amigo que teñen vostedes. Efectivamente, todas as propostas que vostede trouxo aquí non as fixeron o día 16 de xullo na reunión sectorial onde se presentaba o Protocolo covid, aí non dixeron nada porque se levantaron da mesa. E o 17, na mesa sectorial, presentando o programa de prevención de riscos, tamén se levantaron da mesa. Aí tiñan unha gran ocasión tamén para propoñer. E, ¡home!, o primeiro que fan é propoñer alentar unha folga xeral. A verdade é que cun goberno



en funcións tamén nos parece unha gran aportación, (*Aplausos.*) Que non tomara posesión o novo Goberno e que vostedes xa lle fixeran unha folga preventiva, antes, nada máis e nada menos, de coñecer os protocolos, antes da celebración da Conferencia Sectorial do 27 de agosto, eu creo que iso acredita unha forma de traballar e di que nada cambiou con respecto ao que viñan mantendo ao longo de todos os últimos anos.

Polo tanto, conselleiro, tivo vostede que organizar un comezo de curso complicado, difícil, efectivamente, o máis difícil de todos os que houbo que poñer en marcha. Eu o que lle quero trasladar, por parte do noso grupo, é o apoio para poder implementar todas as medidas que sexan necesarias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro Tato.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para a réplica, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, vostede pídeme un imposible. Inténtame tirar das orellas dicindo que non comparecín no primeiro pleno para explicar o inicio de curso, pero era literalmente imposible porque nese primeiro pleno aínda non se iniciara o curso en secundaria, en bacharelato, en FP e nas universidades. (*Aplausos.*) Fíxese se lle temos respecto a esta Cámara, fíxese vostede se lle temos respecto a esta Cámara, que nas miñas responsabilidades como conselleiro de Educación sempre, todos os cursos, viñemos comparecer para explicar o inicio de curso, cousa que outros goberno próximos a vostede en ocasións non fixeron. Fíxese vostede que estamos vindo practicamente a menos dun mes do inicio de curso en primaria e infantil, a pouco máis de dúas semanas, dúas semanas e uns días, en secundaria, BAC e FP e o 25 foi a inauguración do curso universitario. Vostede sabe que nos inicios de curso sempre hai procesos de axustes e algún dato que evoluciona, que cambia, pero entendemos que esta situación había que explicala, pero hai que explicala cando é posible, non antes porque, se non, viriamos absolutamente con datos parciais e nese momento vostede me estaría recriminando que somos incapaces de calquera cousa e que estamos informando de datos que non están constituídos, porque non empezamos en secundaria e nós xa rexistramos a petición propia vir a esta Cámara, polo máximo respecto que lle temos, a explicar este inicio de curso, que, como estou dicindo e como todos sabemos, é o máis complexo, sen dúbida, dos últimos anos.

Fala vostede da repartición dos fondos do Goberno. Galicia perdeu, perdeu fondos aí, e outras comunidades autónomas tamén, porque se fixo unha regra de tres. Non se tivo en conta o custo efectivo da prestación dos servizos, e aí ímoslles pedir axuda a vostedes, que nos axuden a convencer, neste caso ao Ministerio de Educación ou a quen sexa responsable, de que teña en conta o custo efectivo do servizo. Porque vostede sabe que Galicia, pese a ter só o 5 % do alumnado, ten o 20 % do transporte escolar, é a comunidade autónoma que máis



transporte escolar ten de España, xunto cos servizos de comedor, que temos máis do 10 % de España. Creo que iso hai que telo cuantificado para facer unha repartición xusta, se non, faise inxusta. Non é que desprezemos os 93 millóns, nin moito menos, non os desprezamos, pero si pedimos que haxa un trato xusto con Galicia.

Respecto do que vostede plantexa aquí, intentando minimizar o impacto da medida do 27 de setembro, eu simplemente lle digo que vou traer a esta Cámara unha frase creo que moi significativa que lle escoitei a un director dun gran centro educativo, neste caso de Ferrolterra. Este director dixo literalmente, cun enorme sentido común e cunha gran axilidade: «Nunca pensei que medio metro dese para tanto». Foi a clave absolutamente, a clave das dificultades organizativas que houbo no ámbito de secundaria, BAC e FP. Porque se o comparamos con primaria, onde o 27 non se modificaron eses criterios, vemos que o curso empezou con normalidade. En FP, BAC e ESO tamén, pero en primaria e secundaria con total tranquilidade e total normalidade. Creo que iso foi moi importante. E cando se fala de improvisación, claro, se o Ministerio, o Goberno do Estado, modifica as regras de xogo antes de empezar o partido, haberá que facer algún cambio. En primaria non se modificaron, non pasou nada, en secundaria, si. Co cal, non houbo improvisación, houbo capacidade de adaptación a unha situación que xerou unha enorme dificultade de estruturar e de organizar os espazos dos centros educativos, e máxime nalgúns institutos onde as tipoloxías arquitectónicas, o espazo físico, a realidade urbanística e a oferta funcional deixaban sen marxe, sen ningunha marxe de posibilidade de adaptar en dez días, en pouco máis de dez días, os centros educativos a esta norma, que se coñeceu —insisto— o 27 de agosto.

¡Home!, señor Álvarez, temos falado nesta Cámara en ocasións e sabe que teño un respecto persoal cara a vostede, pero eu creo que neste caso o Partido Socialista tiña que ser un pouco máis humilde, tremendamente humilde, porque intentar trasladar á sociedade mensaxes erradas, información absolutamente inxusta, mentiras, creo que neste momento concreto é unha enorme irresponsabilidade.

Voulle poñer un exemplo, un documento do Partido Socialista, está cheo de perlas, pero só vou poñer unha para que se vexa a irresponsabilidade dunha formación política que di —fíxese o que di—: «Galicia debería haber contratado 2.000 docentes en lugar de los 240 anunciados; es decir, ha contratado 8,3 veces menos de lo esperado». Este é un documento do Partido Socialista. ¡Home!, se o Partido Socialista di que son 240 os profesores despois do dito e do coñecido, pois, realmente, perdóenme, pero creo que a credibilidade desta formación política queda moi xustiña.

Igual que cando vostedes fan un decálogo de propostas. Isto é do Partido Socialista, do PSdeG, (O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade amosa un documento.) e fan 10 puntos. Ben, poderíamos estar de acordo. ¿Que sucede? Que cando imos ás comunidades autónomas onde gobernan vostedes, nalgunhas con maioría absoluta, vemos que o que din aquí vostedes non o cumpren nas súas comunidades autónomas. Vou poñer dous ou tres exemplos. Por exemplo, en Castela-A Mancha vostedes anunciaron que ían contratar 3.000 docentes. ¿Saben cantos contrataron? Algo máis de 700. En Aragón contrataron aproximadamente 400 profes, un 3 %; Galicia máis dun 6 %. Falan de medidas de prevención, e, por exemplo, a medida de facer test aos docentes moi poucas comunidades autónomas socialis-





tas a levaron a cabo. Falan de gastos de limpeza. Castela-A Mancha e Estremadura non asumen os gastos de limpeza en primaria, e vostedes aquí fixeron unha campaña absoluta para intentar non cumprir coa súa responsabilidade. Falan de liñas de conciliación. En Castela-A Mancha, Aragón e outras máis non aparecen. Co cal, está moi ben facer un decálogo, pero, cando se faga un decálogo, téñense que asegurar de que as súas comunidades autónomas o cumpren, porque, se non, queda nun desiderato moi bonito pero en nada máis, e iso desacredita, neste caso, a formación política.

Fala vostede da repartición das máscaras. Non teña a menor dúbida de que se van facer instrucións precisas e claras para que os centros saiban o que teñen que facer; e non só coa repartición de máscaras aos alumnos máis vulnerables economicamente, seguindo os parámetros do sistema de repartición de libros, senón que ademais teremos un fondo de continxencia nos propios centros, teremos uns equipos de emerxencia nos propios centros, para cando sexan precisos, e teremos tamén unha dotación de material, de hidroxelos, etc., necesaria para que os protocolos se poidan facer e se poidan implementar cun total apoio por parte da Xunta de Galicia aos propios centros, porque os centros educativos son da comunidade autónoma, son unha parte máis da Administración. Os colexios e o seu profesorado non son uns entes autónomos que andan por aí, non, non, son parte da Administración.

Fala vostede dos profesores. Mire, nós en ningún momento —nin hoxe mesmo— negamos que hai dúas partes: unha parte de profesorado novo para desdobrementos e nova oferta e unha parte para os profesores ARCO; pero é que non o negamos en ningún momento, dicímolos nós. Iso si, cos profesores ARCO fixemos modificacións nas instrucións para que fagan un cumprimento claramente orientado a dar saída ás necesidades derivadas da covid.

Sorpréndeme —eu véxoo positivo, é unha novidade— que vostede plantexe aquí os centros concertados; é unha liña argumental diferente á que se fai en Madrid, onde vostede sabe que o PSOE —ben, o Goberno en xeral—, en Madrid, aos centros concertados non os quere nada. Se os pode —voulle dicir unha palabra...— enterrar, enterraos, ¿non? Ao mellor, non é a palabra axeitada, pero todas as normas que están ditadas no ámbito estatal respecto dos concertados van atacando esta modalidade de ensino, que, por certo, a creou un goberno socialista, que foi Felipe González; foi na época de Felipe González. Pero creo que as mensaxes que xorden do Goberno de España son que os concertados son absolutamente terribles —polo menos terribles— e que xeran unha enorme inquietude.

Pode estar seguro, señor Álvarez, de que estamos traballando cos centros concertados para prestarlles os mesmos plantexamentos ou moi semellantes aos dos centros públicos, porque aquí non falamos de centro concertado que é sostido con fondos públicos ou de centro público que tamén é sostido con centros públicos, aquí falamos de nenos e de nenas, de alumnos, e temos que, no ámbito da nosa responsabilidade, ser conscientes de que temos que darlles un tratamento semellante, e estámolles dando. Estamos en plena negociación con este ámbito para xerar un paquete de accións orientadas a que os centros concertados teñan capacidade tamén para adaptarse claramente a esta situación.

¿E como que non se están atendendo? Sanitariamente absolutamente, igual que se foran un centro público, exactamente igual, porque aquí importan os nenos, os alumnos, as alumnas





e os profesores. De feito, o único centro que pechou en Galicia como centro foi un centro concertado en Pontevedra, o primeiro, antes do inicio do curso, por un brote que xurdiu entre os profesores previo ao propio inicio de curso; co cal, hai unha atención idéntica.

Respecto da intervención do portavoz do Bloque Nacionalista Galego, dígolle que é a primeira vez que teño a sorte de debater con vostede, espero que ao longo desta lexislatura poidamos seguir debatendo. Nós temos modelos diferentes e creo que é bo sabelo e dicilo, é moi bo, porque a sociedade é así, somos diferentes. Eu só lle pido prudencia nunha serie de aspectos que lle vou trasladar. Creo que a súa liña argumental é que todo o que se fixo foi para aforrar profesores. Acabamos de dicir que contratamos practicamente 2.300 e acabamos de dicir que hai un investimento de arredor de 162 millóns de euros. Pero é que, claro, vostedes fan unha regra moi sencilla: todo fondo covid, para profesorado, e xa está, quedan tan anchos; trasládano por aí e quedan tan anchos. ¿Vostedes pensan de verdade que a adaptación do sistema educativo á actual situación sanitaria se resume só e exclusivamente en meter máis profesores nos centros? Se o pensan, están absolutamente errados, ¡absolutamente errados! (Aplausos.)

Tamén lle digo que non me escoitou moito. Eu dixen claramente a cantidade de desdobramentos, por exemplo, en secundaria, dixen exactamente a cantidade económica vencellada ao Fondo covid que se adica ao profesorado, 56 millóns, e a recursos humanos, máis, porque hai máis recursos para vixilancia, máis recursos para transporte, máis recursos para comedor, máis recursos para limpeza escolar, etc. E, claro, vostede fálame de 16 centros de BAC que teñen semipresencialidade. O dato está desactualizado, entendo que iso non é culpa súa, porque aquí van evolucionando os datos día a día, pero neste momento estamos a falar practicamente de 8, incluso de menos de 8. Isto evoluciona día a día porque os equipos de inspección, xunto cos equipos directivos, están constantemente buscando solucións, que non é fácil, porque nos podemos topar, por unha parte, coa necesidade de conciliación das familias, podemos toparnos, por outra parte, coas dificultades obxectivas físicas e arquitectónicas de moitos espazos construtivos e podemos toparnos tamén coa necesidade de deseñar, por exemplo, un sistema que posibilite compaxinar a vida nos centros coa vida fóra da aula. En definitiva, o dato que vostede plantexa é moito menor.

E tamén lles quero dicir aquí claramente que vostedes están facendo como unha liña de ataque respecto da semipresencialidade. Galicia só ten semipresencialidade en ensino non obrigatorio. Outras comunidades autónomas gobernadas pola esquerda teñen semipresencialidade dende 2º da ESO en adiante. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Efectivamente, ¿e que? Esa é a filosofía do Bloque, ¿e que? ¡Está ben! (Aplausos.)

Prosigamos cos «¿e que?». Dixen tamén claramente, señor portavoz, que dos 93 millóns unha parte a vai xestionar Política Social, de 0 a 3, porque é a que xestiona as residencias. Claro, vostede case plantexa aquí unha emenda á totalidade referente ás distancias físicas fixadas e aos parámetros hixiénico-sanitarios fixados polas autoridades sanitarias. É vostede valente, moi valente, e tamén creativo porque vostede nos di que dende o 12 de marzo tivemos tempo para planificar o curso actual. Ben, está ben. O 12 de marzo foi cando se pecharon as aulas. Entenderá vostede que cuantificar e acusar a Xunta de Galicia de non planificación porque o 12 de marzo non comezamos a traballar na planificación do curso actual é polo menos curioso.



E, claro, despois, vostede, ademais de creativo —e perdóeme que utilice estes adxectivos, que non os utilizo desde o punto de vista político—, tamén é pesimista porque case nos está plantexando un escenario no cal os centros educativos van pechar todos, como no confinamento. Saiba que iso non está na folla de ruta de ninguén, nin do Ministerio, nin da Xunta, nin de ninguén. Haberá que adoptar medidas segundo haxa que adaptalas, en función da evolución da pandemia, pero esperemos —esperemos, esperemos— que a situación non chegue a ese extremo. Por iso digo que é un plantexamento político moi pesimista.

E sorpréndeme que vostede traia aquí unha das estratexias do Partido Socialista nestas últimas semanas. Foi o Partido Socialista, amparándose, por unha parte, na Fegamp —tamén nalgúnhas deputacións e nalgúns concellos— quen está a dicir que o incremento obxectivo que existe na limpeza dos centros educativos de primaria non o deben pagar os concellos. Ben, eu entendo que iso é unha estratexia política do Partido Socialista porque o fixeron en moitísimos sitios e o plantexaron en moitísimos sitios, pero é pouco prudente. E é pouco prudente tanto dende o punto de vista do plantexamento en si como da afirmación que fan, amparándose en informes xurídicos. Eu teño un informe xurídico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia —que vou poñer á disposición do presidente da Cámara— no cal non queda dúbida, pero é que ningunha dúbida, de que a competencia de limpeza dos centros de primaria é dos concellos. Eu entendo que, ao mellor, prefiren adicar os recursos —escasos— a outras cousas ou non queren participar nun proceso e nun reto colectivo, pero intentar lavar as mans, como se dixo aquí, e intentar tamén con informes feitos polas deputacións, gobernadas polo Partido Socialista, (*Murmurios.*) escaquearse da súa responsabilidade, creo que non é o mellor, que realmente é mellor aportar sensatez e, nese sentido, aporto este protocolo ao presidente. (*O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, entrégalle ao presidente do Parlamento o citado protocolo.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, ¡por favor! Un momento. Perdón, saben como está a situación, non podemos lanzar gritos ao aire, porque isto está como está. (*Murmurios.*)

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Á parte, o portavoz de sanidade...

**O señor PRESIDENTE:** Claro, está como está. Non, coidado. Non tomemos isto de broma, non o tomemos de broma. Estamos facendo esforzos aquí para que isto estea absolutamente ventilado, porque é un dos asuntos que ten moita máis importancia, non podemos empezar a... Por iso lle pido certa moderación tamén. Estamos na situación que estamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, eu non provocho a ninguén, eu soamente estou falando dunha situación especial que estamos a vivir todos e pídolle prudencia, nada máis. Imos ser sensatos nisto.

Cando queira.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Tamén, señor portavoz, fala vostede do Protocolo que aprobamos, despois de consultar e traballar conxuntamente cos diferentes colectivos, referente aos alumnos con necesidades



educativas especiais, e vén vostede cuestionar que se usen mamparas. Eu preguntolle: ¿vostede coñece algún centro de educación especial? ¿Foi algunha vez a algún centro? ¿Entrou algunha vez nalgún centro de educación especial? Porque se me di iso, realmente dá a sensación de que descoñece en gran medida —ademais, polo que acaba de dicir— como é un centro de educación especial e como son as necesidades de atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.

En todo caso, vostede rematou falando de que tendía a man ao Goberno. Non sei como tomalo, porque dá a sensación de que no Bloque hai dúas mans e, neste caso concreto, víronse as dúas mans do Bloque. Porque, por unha parte, veñen aquí tender a man, cousa que os honra, se foran sinceros, (*Risos.*) pero, por outra, no caso concreto do que estamos a falar, vostedes foron, digamos, non vou dicir os instigadores, pero si o elemento que apoiou claramente unha folga, desde a miña perspectiva, absolutamente irresponsable, porque o primeiro día do inicio de curso facer unha folga, cando non se coñeceran aínda os parámetros de desenvolvemento do mesmo curso, é realmente algo no que dá a sensación de que hai dúas mans, ¿non? A cuestión é: ¿a que man lle facemos caso do Bloque Nacionalista?, ¿á que quere ser sensata ou á que prefire estar sempre nas barricadas? Non o sabemos. Supoño que ao longo deste período de sesións iremos vendo cal é a súa postura. Pero ben, nesa folga, afortunadamente, tamén en Galicia, se demostrou que a comunidade educativa é tremendamente sensata, porque en primaria tivo un 12 % de apoio e en secundaria, un 3 %. Creo que aí outra vez máis a comunidade educativa deu mostras da súa sensatez, da súa responsabilidade e das súas ganas de facer as cousas como hai que facelas, da necesidade de facer as cousas ben.

Obviamente, tamén o vimos na Mesa sectorial. Cando se comezou a falar do Protocolo xeral, os sindicatos marcharon sen tan sequera unha soa explicación, e despois criticaron. É máis fácil poñerse por fóra, criticar, que meterse dentro do problema e axudar. Creo que nese sentido estes momentos difíciles e complexos nos van ensinar, vanlle ensinar á sociedade galega, quen se pon por fóra a criticar e quen se mete dentro a axudar.

Tamén me sorprendeu —e xa remato— que por parte do Bloque Nacionalista houbera cero críticas ao Goberno do Estado nesta materia. Parecen socios fieis do Goberno socialista e do Goberno de Podemos en Madrid. Mire, fíxense como están as cousas que creo que ata foi máis crítico o señor Álvarez. Fíxese o que chegou a dicir o vicepresidente do Goberno respecto, neste caso, da ministra de Educación. ¡Inaudito, absolutamente inaudito!

Nós temos unha postura respecto do Goberno central de lealdade, de colaboración, pero que non nos tomen por tontos. Imos reclamar o que temos que reclamar, fixémoslo e facémolo nos diferentes ámbitos. Imos pedir —xa o pedimos— que se poñan en marcha medidas importantes neste momento, como un sistema comparado de datos, e que haxa unha flexibilidade normativa, pero que esa flexibilidade normativa non supoña o que plantexa o Ministerio, unha especie de: ben, imos pasar de curso sen ningún tipo de problema, con independencia das asignaturas. Non, iso non nos parece correcto, e pedimos que haxa coordinación. ¿Para que? Para evitar despilfarro de recursos. ¿Por que? Porque se hai que dar unha solución a un problema, déase, chámesenos aos conselleiros autonómicos, pactemos unha solución, pero non deixemos que os 17 gobernos autonómicos pacten ou elaboren decisións propias que son co-



múns para todos. É ao que me refiro con evitar despilfarro de recursos e de esforzos. E aí houbo un «lavar as mans» absoluto neste caso por parte do Ministerio.

En definitiva, eu fago un chamamento e fágolles un chamamento, señorías, a que vexan o positivo do sistema educativo galego, que non é responsabilidade exclusiva, nin moito menos, do Goberno galego nin do conselleiro nin do equipo directivo da Consellería, é un mérito colectivo da comunidade educativa. Vexan —linos antes— os datos comparativos con España, a situación hixiénico-sanitaria comparativa e os afectados de Galicia comparándoos cos de España. En todas partes se di que comezamos o curso con normalidade dentro da excepcionalidade, pero os datos comparativos de Galicia son tremendamente mellores que os da media de España, sen dúbida ningunha. E vexan tamén o que caracterizou dende sempre o noso sistema educativo, que é a calidade e que é a equidade, e os resultados están encima da mesa.

Pídolles —e xa remato— o máximo respecto ao traballo feito pola comunidade educativa, tamén lles pido prudencia, moita prudencia, e tamén lles pido moita responsabilidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas de novo, señor presidente.

Señor Rodeiro, señor conselleiro, ¿animamos os concellos a incumprir as súas obrigas de limpeza?

Señor Rodeiro, vostede foi alcalde e vostede, como alcalde, sabe que os concellos se ven obrigados a adicar unha cantidade considerable de fondos adicionais non previstos para as tarefas que teñen que levar a cabo como consecuencia de cumprir o Protocolo; protocolo necesario e limpeza necesaria, evidentemente, claro que si. E ninguén está cuestionando que sexa competencia dos concellos a limpeza dos centros de educación infantil e primaria, jata aí chegamos! Pero, evidentemente, concordará vostede comigo, aínda que sexa na súa parte de exalcalde, en que cando a unha administración local se lle impón unha obriga adicional é xusto que se financie de forma coordinada e correspondente con esa nova obriga que se lle impón, *(Aplausos.)* porque, se non, estaríamos xa meténdonos no sempre dubidoso ámbito das competencias impropias da Administración local. Creo que demandar un financiamento xusto non é o mesmo —aínda que vostedes intenten facelo ver— que chamar á insumisión.

Señor conselleiro, fixo vostede unha primeira intervención, nesta comparecencia, descritiva, unha segunda parte, ofensiva, no sentido —enténdaseme ben— de atacar, non de ofender,



e a terceira parte di que será de man tendida; o clásico esquema de introdución no desenlace levado á política neste Parlamento por parte do Partido Popular.

¿Como que era imposible comparecer se vostede tiña rexistrada unha comparecencia, igual que o resto dos membros do Goberno, para falar das liñas xerais de actuación? Podería ter comparecido, claro que si; evidentemente, o curso non estaba iniciado, pero, por suposto, a máis mínima prudencia política aconsellaba non comparecer nese pleno do día 22 de xaneiro.

E o certo —con independencia de que sei que isto non lle vai servir absolutamente para nada, porque vostedes van seguir coa matraca de que lles faltan trinta e pico millóns de euros— é que os fondos covid —e sábeo vostede perfectamente— están destinados a reforzar as medidas necesarias para o alumnado. E non me mesture aquí o argumento de que pese a ter o 5 % do alumnado temos o 25 % do transporte escolar, ¿ou é que vai haber que levar os alumnos varios días ao colexio e varias veces no mesmo día? Que me meta vostede o transporte para falar de que faltan fondos é un argumento absolutamente falaz, e o peor é que vostede o sabe e que intentan confundir a opinión pública con ese tipo de afirmacións. (*Aplausos.*)

¿Que mentiras trasladei eu na miña intervención? Mentira ningunha, fíxenlle preguntas. Fíxenlle preguntas, a algunha das cales contestou tanxencialmente e a outras non contestou absolutamente nada.

Alégrome moitísimo de que dentro da súa afección lectora estean os documentos que edita o Partido Socialista Obreiro Español; de verdade que o cerebro, pero tamén podía dicir —xa que o trouxo a esta Cámara ¡caramba!— que o documento é do día 21 de agosto, de cando vostedes soamente dicían que ían contratar 240 mestres. (*Aplausos.*) Nada máis, e, polo tanto, eran os datos dos que se dispoñía. Sexa vostede coherente na súa intervención. Porque, ademais, outras comunidades autónomas xa sabían cantos profesores adicionais ían contratar. Outras comunidades autónomas sabían canto profesorado de secundaria ían ter nos institutos a partir do mes de setembro, outras comunidades autónomas xa tiñan un protocolo que contemplaba distintos escenarios de presencialidade, semipresencialidade ou ensinanza a distancia, outros protocolos xa tiñan o metro e medio de distancia interpersonal entre os alumnos, e xa sei e coñezo a frase de que «metro e medio é moito» —tamén depende de para que, imos deixalo en que metro e medio para tomar distancia entre alumnos trastorna severamente a organización escolar, porque ata aí chegamos—, pero, insisto, outras comunidades autónomas xa o tiñan e sabe vostede perfectamente que outras comunidades autónomas xa tiñan ese protocolo.

Con respecto aos centros concertados, a única resposta que me deu foi un ataque a unha suposta posición do Partido Socialista con respecto ao réxime de concertos. Mire, señor conselleiro, xa sei que o Regulamento xeral de réxime de concertos é dun goberno socialista. Evidentemente, había que responder a unha necesidade que tiña o país. Iso non quere dicir que esteamos demonizando os centros concertados. Eu pregunteille se había algunha medida adicional tomada con este tipo de centros, porque lle dixen que me chamaba moitísimo a atención que dentro de todas as polémicas que houbo ao longo de todas estas semanas en ningunha delas aparecen os centros concertados. ¿E como non van estar os centros concertados e os privados non concertados suxeitos ás mesmas medidas hixiénico-sanitarias





que ditou a Consellería de Educación? É que ninguén cuestionada iso. O que me pregunto é como están facendo fronte a esas necesidades sobrevidas, que as teñen igual que os outros centros, e a súa resposta no día 6 de outubro é que están negociando un paquete de medidas, cando en educación infantil e primaria levan un mes de clase e cando en educación secundaria levan semana e media-dúas semanas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Agora remato, señor presidente, e agradézolle a súa flexibilidade con este humilde deputado.

En todo caso, señor conselleiro, diga o que queira, pero non nos pida, polo menos ao Partido Socialista e creo que tampouco ao Bloque Nacionalista Galego, que teñamos o máximo respecto pola comunidade educativa, porque, non confunda, non é o mesmo cuestionar a dirección política da Administración da Xunta de Galicia que que esteamos cuestionando como funcionan os nosos centros.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a vostedes coas intervencións que vimos traer a este Parlamento pásalles exactamente o que lles aconteceu en todo este tempo coa comunidade educativa, que simplemente non escoitan. Vostedes veñen aquí, empregan a famosa estratexia do home de palla, a de poñer na nosa boca cuestións que en ningún momento sinalamos, e —teño que dicirillo— iso o único que traslada é a debilidade deste goberno de ter que implementar actuacións que nós en ningún momento dixemos para xustificar a desfeita na súa actuación.

Pero vaíamos ao concreto, señor conselleiro, ¿é certo ou non é certo que o día 22 de xuño a OMS declaraba que era necesaria no ensino a distancia dun metro entre pupitres? ¿É certo ou non é certo? ¿É certo ou non é certo que vostedes o que implementaron foi o dun metro entre o eixo da cadeira? Pois esa é a diferenza, ese é o eixo da súa actuación, ese é o seu pecado orixinal, que vostedes tiveron que escoller entre implementar un metro e medio de distancia, como indicaba a OMS ou un metro, como vostedes finalmente estableceron no seu Protocolo do 22 de xullo. E todos os bandazos a posteriori foron froito desa irresponsabilidade con maiúsculas.

E, de verdade, cando vostede di que a nosa liña argumental xira arredor da contratación do profesorado, eu dígolle que me crea que non, señor conselleiro; a nosa liña argumental e as nosas críticas foron coa manipulación dos datos de contratación de profesorado que vostedes





dan, porque vostedes están computando 543 profesores do Programa ARCO, por exemplo, que saben perfectamente que están contratados a media xornada e están computando 241 profesores de educación infantil, que saben perfectamente que son para cumprir coas ratios de educación infantil; ratios que, por certo, non tocaron en toda a pandemia, e, xa que tanto miran para outras administracións, pois vexan como noutras administracións si que se rebaixaron as ratios, por certo tamén, como recomendaban os organismos sanitarios.

Polo tanto, que eu vaia traer aquí os datos da OMS non me converte, créame, nin en máis nin en menos valente ca ninguén. O que si creo que máis que valente é ousado é ter o profesorado durante meses saltando dun metro ao metro e medio de distancia e que non fose ata o día 9 de setembro cando por fin acordan, caen da burra e se decatan de que as distancias que había que cumprir eran as que estaban establecidas. *(Aplausos.)*

Respecto da Fegamp, a min tampouco deixa de sorprendeme algo —de verdade que é curioso, ¿verdade?—: os documentos que fai a Xunta de Galiza teñen validez absoluta, son a verdade revelada, pero os documentos que fan outras administracións adoecen —non sei, dígamo— dunha sorte de partidismo. Ademais, é que non o dicimos nós, dino os seus compañeiros alcaldes dos concellos, eles asumen perfectamente... Lamento que algún non o teña tan presente, pero vaia falar con tantos dos seus alcaldes e xa verá como lle explican perfectamente que ese gasto é impropio.

Señor conselleiro, claro que coñezo os centros de educación especial, e traballei neles; polo tanto, leccións, as xustas nese sentido. ¿Sabe co que nunca me atopei nun centro de educación especial? Pois, por exemplo, con que nos protocolos non se contemplase a necesidade de profesorado; por exemplo, con que nos protocolos non se establecese un principio básico, como é o da inclusión. ¿Sabe o que non atopei nunca neses centros? Que, por exemplo, como se di no artigo 10 do seu Protocolo, as persoas deben acompañar ao alumnado, pero en ningún momento se di que persoas deben acompañalo. ¿Por que? Porque saben perfectamente que é papel mollado, que novamente o que están é primando o criterio economicista por riba do dereito á educación dos nosos nenos, e créame que é algo que na comunidade educativa ninguén entende.

Nós non somos un organismo sindical, nós somos unha organización política, que lle pode gustar máis ou menos, pero quero dicir que, ademais, esas faltas de respecto —que entendemos e que non lles temos en conta— están fóra deste contorno, ¿verdade? Pero voulle dicir unha cousa, cando vostedes din: é que convocan folgas sen coñecer os protocolos; eu dígolle: é que vostedes non se enteraron de nada; é que claro que se convocaban folgas sen coñecer os protocolos, porque as folgas eran precisamente por iso, porque non había protocolos na comunidade educativa e porque vostedes crearon un caos no inicio de curso absolutamente impropio. *(Aplausos.)*

E mire, señor conselleiro, con respecto ao que dicía da nosa crítica ao Goberno do Estado, eu dígolle que nós as críticas ao Goberno do Estado as facemos alá onde temos que facelas; fíxémolas cando vostedes, por exemplo, estaban votando a favor da iniciativa que establecía a repartición dos fondos covid e non lles parecía nada mal. ¿A que foron os seus dez deputados do Partido Popular alí?, ¿a votar a favor desa iniciativa? ¿E agora vostedes veñen aquí dicir que esa repartición é inxusta?



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Remato, presidente.

Miren, remato dicindo algo que me dicía o señor Rodeiro sobre a vehemencia da miña intervención —a miña humilde vehemencia—, pero é que, se cadra, algunhas persoas, porque estivemos os últimos meses na trincheira dos claustros, na primeira liña contra a covid, coñecemos cal é a situación que se viviu e coñecemos o absoluto desamparo que viviu a comunidade educativa da Consellería de Educación —que coñecemos tamén—. Créame que a miña vehemencia non é outra que a vehemencia dos claustros e da comunidade educativa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodeiro Tato.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Nós estamos encantados, señor portavoz do BNG. Se están contentos coa súa folga, pois nós estamos encantados de que estean contentos. A nós parécenos ben, non imos aquí cuestionar iso. Eu creo que aquí estamos todos para sumar, para traballar e para sacar adiante o sistema educativo. E, nese ánimo de suma, señor Álvarez, efectivamente, vostede dixo aquí que eu fora alcalde, e encantado de selo. A verdade é que tamén me sumo a que vostede e o seu grupo..., porque quen nos declara a nova competencia —a través do estado de alarma, onde se reforza a limpeza dos centros educativos, e, efectivamente, as administracións locais non son entidade educativa, pero si tiñan esas competencias delegadas— é o Estado; entón, creo que temos que sumar forzas entre todos os grupos desta Cámara para que lle aporten fondos necesarios para que os concellos poidan desenvolver esa tarefa tan importante, como é a limpeza e a desinfección dos centros, o que supón un traballo a maiores.

A verdade é que, escoitadas as intervencións de todos, tamén quero dicirlle, conselleiro, que me gustaría recoñecer e resaltar, sobre todo, o esforzo realizado pola Consellería por establecer un diálogo permanente e unha actitude de escoita con todos os axentes —aínda que ás veces as aportacións non son as que se requirirían para poder aplicarlas—, tamén o diálogo co Goberno central, co Consello Escolar de Galicia, co tecido asociativo de nais e pais, coa Xunta Autonómica de Directores e esa gran colaboración coa Consellería de Sanidade e coa Amtega, que está poñendo en marcha un asesoramento especial para implementar que Galicia sexa unha comunidade ben tecnolóxica.

Tamén me gustaría felicitar esa boa idea de crear por primeira vez un comité educativo, que nos vai permitir traballar de forma multidisciplinar e transversal, onde poidamos escoitar a todos os profesionais do ámbito educativo e tamén da sanidade, para tratar de ir resolvendo



aquelas dúbidas que se vaian plantexando no conxunto dos centenares de centros educativos da nosa comunidade.

Somos conscientes de todo o traballo que se leva facendo en materia de planificación de protocolos para iniciar o curso 2020-2021; un traballo que xa comezou antes de finalizar este curso escolar; un traballo que xa finalizou o anterior conselleiro e o seu equipo de traballo e un traballo que permitiu poñer enriba da mesa ese protocolo do mes de xullo, que foi o primeiro protocolo tamén do Estado. E ese protocolo, evidentemente, nace desas recomendacións, por moito que o portavoz do BNG se canse aquí de dicir que as distancias non cambiaron. Pois si que houbo un cambio radical, e ese cambio radical, evidentemente, veu dado despois da Conferencia do 27 de agosto, nada máis e nada menos. Poucas críticas lle escoitei a vostede respecto de se lle parece normal que a Conferencia Sectorial fose o 27 de agosto, cando foi demandada por moitísimos presidentes doutras comunidades autónomas doutros partidos distintos ao noso. Desde logo que era unha reunión básica para seguir traballando. E ese cambio de criterio, evidentemente, como explicou aquí o conselleiro, levou a cambiar radicalmente as regras do xogo no último minuto. Polo tanto, iso provocou que se tiveran que modificar as condicións dun protocolo, que ademais era de obrigado cumprimento e que provocou tantos quebradeiros de cabeza aos equipos directivos, ás familias e á comunidade en xeral.

Aínda así, eu creo que, grazas a ese traballo previo, a comunidade autónoma foi, como dicía o conselleiro, a primeira en traspoñer ese protocolo único do Estado ao ámbito territorial o 31 de agosto, e ademais outras moitas medidas, como esa primeira repartición de 400.000 máscaras aos centros educativos, ese cribado de 40.000 docentes, a remisión de todas as máscaras necesarias para atender ás 100.000 familias con nenos con máis dificultades... Hoxe estamos nun momento do sistema educativo complicado, pero creo que vai ser unha fortaleza para que o noso sistema educativo se siga mantendo como un dos sistemas educativos pioneiros: 2.300 novos profesores, baixa a ratio a 9,3, que nos sitúa na terceira comunidade España e na quinta en máis contratación de profesores; imos ben na taxa de abandono escolar, baixando do 25 % ao 12,6 % actual; e estamos facendo un bo traballo no desenvolvemento da tecnoloxía, do plurilingüismo e no incremento da formación profesional.

En definitiva, máis inclusión, máis universidade e mellor satisfacción nas familias co noso sistema educativo. Creo que este ten que ser o camiño de todos os que hoxe estamos aquí neste pleno.

Polo tanto, señorías, remato. Nada máis quero dicir que non temos na nosa comunidade malos bois para labrar o futuro dos nosos nenos e nenas a través da súa educación, por moito que o repitan o BNG e o PSdeG, que se desacreditan a si mesmos desacreditando a ensinanza pública de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro Tato.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Para o peche desta comparecencia, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):**  
Moitas grazas, presidente.

Levamos unhas semanas dende o inicio de curso, case un mes dende que iniciamos primaria, arredor de dúas semanas en secundaria, bacharelato e formación profesional, un mes tamén menos un día dende a constitución do novo Goberno galego, e creo que no mes de setembro, e no que levamos tamén deste mes de outubro, se fixo un traballo dende a Consellería e dende o conxunto do sistema educativo para afrontar dun xeito decidido e tamén dun xeito urxente o inicio de curso.

Houbo que resolver, resolvéronse e están resolvéndose inxedanzas, dificultades, nun inicio de curso absolutamente atípico e absolutamente excepcional, polo menos no século XXI.

Temos que ter un relato certo, non usar relatos falsos, como os que aquí escoitamos en ocasións —non sempre, pero en ocasións— por parte dos líderes da oposición, e a verdade é que temos que recoñecer que non está todo feito e que quedan aínda moitas cousas por estruturar, por organizar, pero camiñouse bastante, avanzouse bastante.

Por suposto —díxeno publicamente—, estamos aínda negociando cos concertados, coas universidades e temos cousas que estamos aínda axustando en determinados centros, pero estabamos e estamos nunha fase de urxencia que, afortunadamente, está remitindo. Unha vez superada esta fase de urxencia da organización do curso máis atípico da historia recente, vainos tocar normalizar o funcionamento do sistema educativo a favor, obviamente, da capacidade que ten o noso sistema de cohesionar a sociedade e de xerar igualdade de oportunidades. Obviamente, temos que ser moi conscientes —e, dende logo, o Goberno galego éo— de que a pandemia e esta situación non pode en ningún momento implicar ningún retroceso nos avances acadados na última década en Galicia no sistema educativo. A crise sanitaria —e, se se quere, tamén a crise económica que vai vir— non pode —non debemos tampouco permitilo e non imos permitilo— derivar nunha crise educativa.

Explicamos nesta comparecencia un importante número de medidas que se levaron a cabo neste mes menos un día para o inicio de curso. Todas buscan, por unha parte, garantir a seguridade hixiénico-sanitaria das nosas aulas —creo que o estamos logrando con toda a prudencia e con toda a responsabilidade— e tamén garantir o dereito á educación do alumnado galego.

Que se recuperasen en setembro as clases na inmensa maioría dun xeito presencial e coas medidas anticovid é, sen dúbida, un logro colectivo; que practicamente todos os días arredor de medio millón de persoas, sumando ensino non universitario e universitario, entren e saian dos centros educativos é un logro colectivo da sociedade galega; que sexan estes espazos —os espazos educativos— seguros é un obxectivo compartido e un obxectivo absolutamente permanente ao longo do curso. E temos que ser conscientes, señorías, de que o risco cero non existe. Dicir que non existe este risco sería mentirlles aos cidadáns. Existe risco; o risco cero fundamentalmente é imposible acadalo.



Creo que, afortunadamente —acabamos de dar os datos—, a situación en Galicia, comparativamente co resto de España, está ben. Comparativamente está mellor que as medias de España; agora, non debemos baixar a garda, debemos ser prudentes, debemos ser respetuosos e ser conscientes de que o risco cero non existe.

O importante xa non é só loitar para que non ocorran contaxios, que o é, por suposto, e temos que ser conscientes de que os habrá, pero o que temos que facer —e así o estamos facendo— é reaccionar rápido, temos que reaccionar coa máxima velocidade posible para garantir a seguridade ao conxunto da sociedade e, por suposto, ao conxunto do alumando.

Todos temos, neste sentido, que asumir unha responsabilidade colectiva, que é convivir —non nos queda, por desgraza, outra— cunha situación de epidemia e ter que garantir, nesta situación de epidemia, o sistema educativo.

Señores da oposición, eu pídolles que recoñezan en certa medida, aínda que o digan pola boca pequena, que o inicio de curso foi razoablemente ben, cunha gran normalidade dentro dunha enorme excepcionalidade.

Eu non acepto que se nos acuse de manipulación, poñendo nas nosas bocas, en concreto na miña, palabras ou datos que non dixemos. ¿Acaso non é certo que hai 2.300 profesores máis? ¿Acaso non é certo —é a terceira vez que o digo nesta Cámara— que arredor de mil novecentos e pico profesores son do Programa ARCO? ¿Como se me pode acusar a min de dicir dúas veces na Cámara o mesmo? Estouno dicindo claramente: 2.300 profes, aproximadamente mil do Programa ARCO. Díxeno con esta tres veces; co cal, non se nos pode acusar en ningún caso de manipulación cando quen dá os datos reais neste caso é esta consellería.

Obviamente, tampouco negamos que quedan aínda cuestións que hai que adaptar, que hai que reforzar, que temos que xestionar conxuntamente coas comunidades educativas para xerar unha normalización moito máis ampla, unha normalización que todos coñecemos. Temos que interiorizar os protocolos, temos que cumprilos, temos que acostumarnos a un xeito diferente de facer as cousas e temos que garantir —tremendamente importante— que o alumando teña unha formación axeitada e que ninguén quede atrás.

É certo que neste inicio do curso tocou poñer o foco sobre a seguridade hixiénico-sanitaria, é obvio, e hai que seguir mantendo a intensidade dese foco, pero non podemos quedar só nisto, temos que seguir traballando en manter a calidade e a equidade do Sistema educativo galego. E deberiamos todos, o conxunto do Sistema educativo galego, estar francamente orgullosos do traballo que se fixo nos últimos anos para mellorar en calidade, en equidade e en xeración de igualdade de oportunidades o Sistema educativo galego.

É certo que houbo nos últimos anos moitos problemas, moitos conflitos, moitas necesidades, pero debemos recoñecer todos que Galicia ten un dos mellores sistemas educativos de España, un dos mellores. E xa non é que o diga este goberno, dino e corrobóranos os informes comparativos, dío PISA, cando fala de calidade, cando fala de coñecemento, cando fala de destrezas ou cando fala de xeración de igualdade de oportunidades, e dino datos como a redución do fracaso escolar. Creo que esta liña de traballo colaborativo, buscando sempre o





avance e a mellora do sistema educativo, é o que nos vai preocupar, é o que vai preocupar a este goberno.

Non teñan a menor dúbida de que, unha vez que a situación de urxencia estea normalizada, seguiremos e plantexaremos un modelo de normalización e de avance para mellorar a excelencia do noso sistema educativo, e farémolo coas ferramentas coas que o levamos facendo ata o momento, sendo o sistema máis inclusivo e máis equitativo de España —así recoñecido nos informes comparativos—, introducindo novas tecnoloxías nas aulas cunha intensidade brutal, comparativamente con outras comunidades autónomas, favorecendo o coñecemento de linguas estranxeiras; en definitiva, creando un ambiente no cal nos xogamos o futuro e no cal apostamos claramente polo futuro de Galicia a través da formación dos nosos xoves. Creo que estamos xerando un ambiente de confianza.

Hai un dato —que o coñecín hai moi poucas horas— que realmente fala da confianza que se lle ten ao sistema educativo galego, referido neste caso aos auxiliares de conversa, que proceden de moitos países habitualmente. E somos unha referencia, no ámbito dos auxiliares de conversa, no sistema educativo galego. Temos e agardamos que nos próximos días se incorporen uns seiscentos auxiliares de conversa ao sistema educativo galego; auxiliares de conversa que proceden de moitos países e que perciben que Galicia é un lugar seguro para vir desenvolver as súas tarefas. Iso creo que é un indicador moi bo de que, por unha parte, apostamos neste caso concreto pola mellora do coñecemento e as destrezas en idiomas estranxeiros; e, por outra, de que existe unha percepción colectiva de que se están facendo ben as cousas, de que os centros educativos, o profesorado, as familias, os profesores, tamén o Goberno galego, estamos facendo ben as cousas neste ámbito.

Por suposto, respecto da FP, mañá vén a reina inaugurar nesta cidade —moi preto de aquí— o curso de FP. Virá por algo. Realmente se fose un desastre non viría. (*Murmurios.*) Supoño que virá por algo, acompañada da ministra de Educación e Universidades. Co cal creo que é un recoñecemento explícito a un sistema que funciona ben.

E o mesmo podemos dicir da universidade. Somos das poucas comunidades autónomas que tivo nos últimos anos un plan de financiamento estabilizado, consensuado, firmado e apoiado polos equipos reitorais —das poucas—, e que xerou un incremento proporcional todos os anos dos fondos dedicados á universidade. Creo que iso non se pode discutir. Melloramos o mapa de titulacións, melloramos a excelencia. Hai unha maior inserción laboral dos titulados universitarios. E aquí, señorías, en definitiva é onde estamos traballando e onde teremos que traballar unha vez pasemos esta fase de urxencia. Houbo, primeiro, que facer fronte ao novo escenario do marco hixiénico-sanitario, pero que debe ser o punto, o paso inicial, para seguir traballando desde a perspectiva da mellora da calidade e a equidade.

Señorías, estámoslle facendo fronte a unha situación absolutamente inédita, jinédita!, na nosa historia recente, e poden estar seguros de que dende este Goberno, dende esta formación política, seguiremos a traballar polo ensino —polo ensino tanto universitario como non universitario—. Porque, en definitiva, isto significa traballar non só polo presente de Galicia senón traballar tamén polo seu futuro.





Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** Antes de continuar coa segunda comparecencia vou dar lectura a unha declaración institucional de apoio ás persoas con fibrose quística e ás súas familias. Declaración que me fan chegar os grupos, e que di así:

«A fibrose quística, tamén coñecida polas súas siglas (FQ), é unha enfermidade crónica, hereditaria e dexenerativa que afecta principalmente o sistema dixestivo e respiratorio ao se espesaren todos os fluídos do organismo. As persoas con FQ presentan obstrucións respiratorias, dixestivas e doutros tipos que, co tempo, poden derivar en infeccións graves, chegando en moitos casos a ser necesario un transplante bipulmonar. En calquera caso, ao non existir cura polo momento, a esperanza de vida destas persoas vese moi limitada e a súa actividade cotiá e laboral, mediatizada pola enfermidade. A ciencia avanza tamén neste campo e, afortunadamente, a investigación permite agora tratamentos que melloran extraordinariamente a calidade e esperanza de vida das persoas que a padecen, mais aínda queda moito camiño para chegar a unha cura, polo que é moi importante seguir investindo en investigación.

Calcúlase que a incidencia da fibrose quística en España é de un caso cada 5.000 nados vivos. Ademais, un de cada 35 individuos é portador san do xene da enfermidade, o que supón que entre 1,5 e 2 millóns de persoas son portadoras dun xene de FQ no noso país, punto importante xa que existe un 25 % de probabilidade de transmitir o xene da FQ aos fillos e fillas cando ambos os proxenitores son portadores sans da enfermidade.

Porén, ao tratarse dunha enfermidade rara a súa visibilidade é menor, polo que todos os esforzos para que sexa coñecida redundarán en favor da detección precoz da fibrose quística en neonatos, así como na maior atención ás persoas que a padecen, que son arredor de 2.500 en España. Unha alta porcentaxe delas son nenas e nenos. Para elas e eles contraer calquera outra enfermidade que teña efectos no sistema respiratorio é especialmente perigoso. Por tanto, o regreso aos colexios destas nenas e nenos tras a crise da covid-19 é un aspecto de especial preocupación que deberá ser considerado con especial coidado polo sistema educativo.

A Asociación Internacional de Fibrose Quística (Cystic Fibrosis Worldwide, CFWW) e a Fundación Española de Fibrose Quística (FuEFQ) promoven o 8 de setembro como Día Mundial da enfermidade. O Parlamento de Galicia, con motivo do Día Mundial da Fibrose Quística, manifesta a súa solidariedade con todas as persoas afectadas por esta enfermidade e declara o compromiso da Cámara coas necesidades especiais de atención que requiren para poder desenvolver a súa vida con toda a normalidade posible. Neste sentido, o Parlamento de Galicia avoga por que se poñan en marcha as medidas necesarias para que se promova o acceso destas persoas á medicación que precisen e a creación e recoñecemento de unidades multidisciplinares que axuden a mellorar a atención deste colectivo con equidade. Así mesmo, o Parlamento de Galicia manifesta o seu recoñecemento e apoio ás investigacións en novos medicamentos



que axuden a mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidades raras e crónicas e, en particular, das persoas con fibrose quística.» (Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

Moitas grazas.

E agora si, continuamos coas comparecencias.

**Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as liñas estratéxicas do seu departamento en materia de vivenda**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Señorías, comparezo ante a Cámara por petición propia para explicar as principais liñas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que marcarán en materia de vivenda a nosa acción para os vindeiros anos. O que quero é detallar polo miúdo as medidas previstas polo meu departamento de cara á vindeira lexislatura, que vén de comezar marcada pola incidencia da covid-19. Trátase de medidas enmarcadas no eido da vivenda e tamén do solo empresarial que van en dúas direccións: ofrecer axuda e solucións ás persoas e ás familias que se atopan en situación de vulnerabilidade con motivo da pandemia e dar apoio ao sector empresarial, especialmente o afectado pola crise e que precisa axuda e medidas de impulso para reactivarse. Con estas axudas queremos contribuír e poñer o noso gran de area para impulsar a reactivación paulatina da economía galega e tamén do benestar social.

Polo tanto, considero que é momento de continuar co traballo feito e, á parte, incluír novas medidas que veñen completar a política de vivenda do Goberno galego. Neste punto quero lembrar que hai máis dunha década que a Xunta de Galicia conta cunha completa planificación da súa política en materia de vivenda. Trátase dunha política transversal que non está só centrada no acceso á vivenda, senón que tamén actúa en distintos eidos, como é a política social e a política fiscal. Todo se fai cun obxectivo claro: apoiar as familias galegas na consecución dunha vivenda, vivenda digna, e para evitar que poidan sufrir situacións de desprotección social e tamén de exclusión.

Dende o ano 2009 realizamos grandes avances, dotamos a Galicia dunha nova lei de vivenda; no ano 2012 aprobamos o primeiro plan de vivenda, o RehaVIta 2015-2020, cun eixo específico para a prevención da exclusión residencial; regulamos o Rexistro único de demandantes de vivenda; afrontamos as necesidades dos galegos ante a crise económica con medidas de especial calado e axudas públicas ante as situacións de perda de vivenda habitual por impago de hipoteca ou do alugueiro. Son medidas que contaron cunha valoración máis que positiva por parte das distintas institucións. E puxemos así en marcha un programa concreto de realoxamento de afectados por exclusións hipotecarias, o bono de alugueiro social e convenios coa Sareb, con entidades bancarias e coa Fegamp para favorecer o acceso á vivenda. En definitiva, temos en marcha unha política social en materia de vivenda e dispoñemos de



medidas e de axudas específicas para aqueles que máis o precisan, xa que a prioridade deste Goberno son as persoas e o seu benestar social.

Así mesmo, con este goberno a rehabilitación da vivenda experimentou o maior impulso da historia de Galicia. No ano 2019 aprobouse a Lei de rehabilitación, a primeira da historia en Galicia; no ano 2018, con anterioridade, xa puxeramos en marcha o Programa Rexurbe, destinado a recuperar e a revitalizar os nosos cascos históricos coa posta en valor dos seus inmobles. E na actualidade dispoñemos, grazas a ese programa, de 59 inmobles adquiridos, e estase a traballar con outras 18 ofertas presentadas en 2020. En total, o investimento previsto nesta liña son 24 millóns de euros. Ademais, levamos investidos máis de 27 millóns de euros na rehabilitación de cascos históricos, como é o caso do casco histórico de Vigo —cun total de 108 vivendas rehabilitadas e 35 locais—. Onte mesmo visitaba unha delas e temos 15 máis en marcha, das cales varias remataranse este ano.

Tamén temos en marcha o maior número de ARI da historia da nosa comunidade, 71 fronte ás 46 que estaban recoñecidas no ano 2009. É un traballo grazas ao que actualmente contamos con preto de 5.000 vivendas financiadas con fondos públicos, tanto as rematadas como as que están agora mesmo en execución.

A todo isto súmase unha ambiciosa política fiscal en materia de vivenda coa baixada de impostos que son competencia da Xunta de Galicia. Así, baixamos o imposto de transmisións patrimoniais, que se aplica na compra de vivenda usada, para favorecer o acceso á vivenda. Ese tipo sitúase nun 7 % para a compra de vivenda habitual —por suposto, poñemos límite de patrimonio—. Esta rebaixa é maior en tres colectivos específicos —son os mozos menores de 36 anos, as persoas con discapacidade e as familias numerosas—, que pagan menos —neste caso é o 3 %—. E a tributación aínda é menor nas consideradas zonas rurais —que en realidade é o 94 % do territorio galego, xa que queremos favorecer a implantación de poboación en zonas rurais e potenciar —incluso nas cidades— o reequilibrio territorial—. Deste xeito, con carácter xeral, nestas zonas o imposto é do 5 % para a compra de vivenda habitual, o que supón a menor tributación de toda España. Para o resto da compra de vivenda —por exemplo, unha segunda vivenda— o tipo é do 6 %, e, no caso de colectivos protexidos, pois non tributan neste ámbito.

Levamos feito moito nos últimos anos, pero, sen dúbida ningunha, o ano 2020 obríganos a repensalo todo. A maior crise sanitaria da historia impulsounos a tomar medidas para garantir o acceso á vivenda, especialmente cos colectivos máis desfavorecidos, tomando medidas dende o primeiro momento con rapidez e con axilidade, e deseñando un plan de reactivación que inclúe medidas como non pasar o cobro dos recibos de alugueiro de vivendas de promoción pública, e tampouco o dos locais comerciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo e das vivendas que son titularidade de Xestur, para beneficiar a máis de 3.500 familias e os inquilinos dos 40 locais comerciais.

Ampliamos as axudas do bono de alugueiro social e do bono para vítimas de violencia de xénero. Así mesmo, dende a Xunta de Galicia a cobertura do cen por cento —que nun principio era ata o mes de setembro pero que decidimos amplialas ata o mes de decembro—. E convocáanse as axudas ao alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade como consecuencia da covid-19, cunha dotación orzamentaria de 7,9 millóns de euros, que se puideron



solicitar ata o 30 de setembro e que agora están en proceso de tramitación e resolución. Ben é certo que tres días máis tarde de rematar o prazo o Goberno central, sen previa convocatoria das comunidades autónomas e sen contar con elas, decidiu publicar no BOE que non ten límite esta liña en canto a datas se refire. Dificilmente a poderíamos levar a cabo así.

Con toda esta base e tendo en conta a situación que estamos atravesando actualmente, estamos deseñando e ultimando o que serán as medidas en materia de vivenda para os vindeiros cinco anos. E isto é algo que non queremos facer sos e que sexa unilateral, senón que queremos contar con todos, e queremos contar co consenso de todos os actores implicados, co visto e prace da cidadanía pero tamén do sector, apostando polo diálogo social, escoitando as necesidades que teñen as familias e tamén as empresas galegas neste momento e tendo a man a todas as suxestións que nos permitan deseñar e mellorar a política de vivenda posible. E aquí tamén tendo a man aos distintos grupos no Parlamento, igual que fixemos no Observatorio da Vivenda. De feito, foi o pasado venres cando presentamos ante o Observatorio da Vivenda un primeiro documento, documento non pechado e que está aberto a cambios, do que queremos que sexa o noso Pacto social pola vivenda.

Como xa saben, neste observatorio están representados todos os actores que interveñen no sector da vivenda en Galicia, está a Xunta de Galicia, están os concellos e están os promotores e os construtores, están os consumidores, os arquitectos, os aparelladores, os axentes inmobiliarios e administradores de fincas, os rexistradores da propiedade e os notarios, as entidades financeiras e tamén os empresarios. A todos eles trasladámoslles o documento coas nosas propostas para o Pacto social pola vivenda, co obxectivo de que o sometan a análise e consideración e para que propoñan as súas achegas, tanto co obxectivo de dar forma a unha estratexia como para computala en tres eidos: que sexa esta consensuada, que sexa realista e, sobre todo, que sexa efectiva.

A nosa proposta, para o período 2021-2025, é un completo documento no que abordamos o acceso á vivenda dende todos os puntos de vista. É unha proposta que ten unha folla de ruta marcada, cun total de 48 medidas, das que 10 son totalmente novidasas, coas que buscamos investir directamente 300 millóns de euros en cinco anos e chegar a 40.000 fogares.

Este pacto social está pensado para beneficiar as familias e os profesionais de Galicia, e ten o emprego como eixo principal para impulsar tamén a reactivación económica tras a pandemia. O que queremos é continuar promovendo vivendas sostibles, vivendas respectuosas co medio ambiente, impulsando actuacións que redunden no aforro enerxético e tamén na accesibilidade, e empregar materias que axuden a reducir a pegada de carbono nunha contorna urbana e rural amable pero tamén humanizada. Polo tanto, a nosa pretensión para os vindeiros anos é avanzar nas medidas iniciadas durante a última década para aumentar a igualdade de oportunidades no acceso a unhas condicións vitais dignas, especialmente no que respecta ao acceso á vivenda. Para iso, buscamos dar continuidade a esas medidas adaptándoas a este momento. E ao mesmo tempo queremos impulsar outras de carácter novidoso que apostan principalmente polo alugueiro, pola rehabilitación das vivendas —que entendemos que é fundamental porque temos un rico patrimonio—, e tamén pola loita contra a exclusión residencial.

Entre as novas medidas propostas pola Xunta e que conforman o Pacto social pola vivenda destacan especialmente dez actuacións. Son medidas que favorecen o acceso á vivenda, o



impulso ao acceso dos colectivos máis desfavorecidos, apostando polos mozos e redeseñando o Programa de vivendas baleiras.

Convocarase unha liña de axudas á compra de vivenda protexida de ata 20.000 euros para familias con ingresos inferiores a 4,5 veces o Iprem. Estas vivendas poderán ser de nova construción ou produto da rehabilitación, preferentemente situadas nas zonas Rexurbe. Desta maneira cumpriremos un dobre obxectivo: facilitar o acceso á vivenda en propiedade e dinamizar o sector da construción impulsando a saída ao mercado desta vivenda protexida.

Ademais, no marco deste pacto social vemos imprescindible poñer en marcha un novo programa de alugueiro con opción á compra para os menores de 35 anos. Este programa incluírá axudas de ata 6.000 euros para os propietarios. O dono da vivenda debe incluír nos seus contratos de alugueiro para os mozos menores de 35 anos a opción de compra ata o quinto ano, e manter o prezo de venda establecido no contrato de arrendamento. Esta é unha medida que facilita a emancipación dos mozos e mozas e permite que orienten a súa vida laboral antes de tomar a decisión definitiva de adquisición da vivenda na que residen.

Tamén queremos continuar coa nosa aposta polo fomento do alugueiro de vivendas sen uso incluíndo novos incentivos aos seus propietarios, con axudas de ata 6.000 euros a cambio da cesión en réxime de usufruto e xestión do alugueiro por parte da Xunta durante dez anos, e garantindo aos propietarios unha renda mensual e un seguro por reparación de danos. Neste eido, tamén poñeremos en funcionamento un rexistro de informes de avaliación dos edificios, no que se integran as avaliacións dos inmobles de máis de cincuenta anos, para coñecer o seu estado de conservación, o grao de accesibilidade e tamén introducirmos no campo enerxético.

As medidas propostas no pacto social tamén inclúen, como non pode ser doutro xeito, a aposta pola rehabilitación, para impulsar o rural, e as medidas que incentiven o asentamento da poboación. Nesta liña, pretendemos impulsar a mellora de vivendas en núcleos rurais con axudas para particulares que sexan autopromotores de vivendas en concellos con saldo demográfico negativo, de xeito que se incentive o asentamento permanente de familias en inmobles que en moitos casos —e así está realizado o estudo— están en estado de abandono tras ser transmitidos por herdanzas ou por doazóns.

Así mesmo, queremos poñer á disposición dos concellos unha plataforma informática para que poidan crear un rexistro de núcleos en estado de abandono para facilitar as obras de rehabilitación, e así simplificar os procedementos de adquisición ou alugueiro en vivendas que poidan estar en ruína. E queremos poñer en marcha programas indirectos de apoio á rehabilitación a través da sinatura de convenios con asociacións ou entidades para fomentar o financiamento de obras de rehabilitación de particulares, colaborando así na profesionalización do sector a través da formación específica no eido da rehabilitación.

Por último, tamén propoñemos medidas dirixidas a empresas, tanto a pequenos emprendedores nas vilas e nas cidades galegas como a empresarios que teñen o seu negocio en parques empresariais. Así, queremos elaborar un plan de uso de locais comerciais, e poñer á disposición aqueles de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo en alugueiro con





carencia de dous anos e con rendas limitadas aos seguintes cinco anos. Este plan estará dirixido principalmente a novos emprendedores co obxectivo de favorecer a implantación de novas actividades empresariais e tamén comerciais.

Por outra banda, buscamos impulsar a implantación de grandes iniciativas empresariais en eidos rurais. Desta maneira, abordaremos a posibilidade de adxudicar solo mediante a sinatura de convenio a tres bandas —Xunta, concellos e empresas—, para poñer á disposición dos traballadores vivendas en alugueiro a prezos moderados.

E pensamos en convocar axudas a parques empresariais locais. O noso obxectivo é desenvolver pequenas áreas comerciais e empresariais que faciliten o asentamento empresarial e comercial en zonas rurais e para actividades que sexan xeradoras de emprego. Estes serían espazos mixtos nos que a Xunta asumiría o 50 % do investimento.

Estas dez son as novas medias que en materia de vivenda propoñemos para desenvolver nos vindeiros anos, que as temos que sumar a outras 38 ás que damos continuidade e que reforzaremos. Son as que conforman a nosa aposta e a aposta polo Pacto social no eido da vivenda; un documento vivo, un documento aberto a cambios, e que agora ten que ser analizado e avaliado polo sector e por todos os actores implicados. O que queremos é tender a man ao diálogo para elaborar unha estratexia integral e completa que elabore e aborde todas as perspectivas da vivenda, que estea pensada para as familias e tamén para as empresas, que nos axude a impulsar a reactivación económica e social de Galicia. Por iso propoñemos esas dez novas medidas e preto das corenta que xa están activas.

E entre as activas, as que se están desenvolvendo agora mesmo, temos que destacar a construción de vivendas de promoción pública nas grandes cidades de Galicia —no caso de Santiago, neste momento, 24; na Coruña, 40, no ofimático; ou en Vigo, 62—, e a dotación de solo residencial para vivendas de promoción pública en grandes cidades —é o caso da adxudicación de solo residencial na Coruña, no ofimático; en Vigo, San Paio de Navia, e en Pontevedra, Valdecorvos—. Son cinco emprazamentos nos que contamos con solo dispoñible para a construción de arredor de cinco mil vivendas protexidas.

As axudas á compra de vivenda pensadas exclusivamente para os mozos, tanto en cascos históricos como en zonas rurais, seguirán desenvolvéndose. E levamos concedidas ata o de agora —nos dous anos que levan en vixencia— 229.

En axudas ao alugueiro de vivendas foron 4.194 as outorgadas dende o ano 2018, cun investimento de 25 millóns de euros.

Tamén destacamos o paquete de medidas que ten como obxectivo a prevención da exclusión residencial. Co bono de alugueiro social, dende o ano 2016 son 1.000 bonos de alugueiro social que temos concedidos. Nas axudas a vítimas de violencia de xénero no eido da vivenda, hai 120 axudas concedidas. En reparación de infravivendas en concellos de menos de dez mil habitantes, 62 vivendas; así como no realoxo de afectados por desafuzamentos e atención ás persoas sen fogar, polo que axudamos a dúas mil familias.





E a nosa ambiciosa aposta pola rehabilitación de vivendas e pola rexeneración urbana ten un programa, que é o Rexurbe, que é o que temos á cabeza e no que o investimento previsto é de 24 millóns de euros. Temos tres declaradas —Mondoñedo, Ribadavia e A Coruña— e 71 áreas de rehabilitación integral xestionadas polo IGVS e tamén polos concellos.

Outro dos programas é o de vivendas de mestres, co cal imos continuar. Grazas a este programa rehabilitáronse 126 vivendas, cun investimento de 4,3 millóns de euros.

Hai axudas como as axudas á mellora da eficiencia enerxética de vivendas —dende o ano 2018 o investimento foi de 10 millóns de euros, e chegamos a 564 fogares—; a melloras de accesibilidade —foron 600 as outorgadas e un investimento de 14 millóns de euros—; e o fondo de cooperación cos concellos, con 18 actuacións concedidas por importe de 4,7 millóns de euros.

En definitiva, señorías, dende a Xunta de Galicia contamos con políticas de vivenda que foron mudando para adaptarse á realidade económica e ás demandas da sociedade galega. Seguiremos a traballar nesta liña, porque, como non pode ser doutro xeito, non nos podemos dar por satisfeitos mentres que haxa unha soa persoa ou unha soa familia galega que teña obstáculos para acceder a unha vivenda. Somos conscientes de que as medidas deben ir adaptadas aos tempos pero tamén ás necesidades dos cidadáns. E iso foi e será a nosa máxima, pero é unha máxima de diálogo, non unilateral. E precisamente por iso queremos contar co consenso de todos os actores implicados e apostar por esa colaboración, dando forma a un pacto social pola vivenda que nos sirva de guía para os vindeiros anos, que sexa un proxecto de consenso, de país, con garantía de futuro e —o que é máis importante— que beneficie a todos os galegos e ás galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora conselleira, a parte máis positiva do seu discurso foi a súa brevidade, especialmente comparada coa do discurso do señor conselleiro de Educación e Cultura. Á parte diso, señora conselleira, dentro da gran impostura que é, con carácter xeral, a política do Partido Popular, probablemente a máxima expresión desa impostura sexa a política de vivenda. En todo caso agradecemos a súa disposición ao diálogo despois de once anos e que ofrezan ese gran pacto social pola política de vivenda que non fixeron vostedes nos últimos once anos. Analizaremos co máximo interese e coa máxima disposición favorable calquera proposta de diálogo e de pacto.



Pero, señora conselleira, non debería facer falta que eu lle dixese que o dereito á vivenda está contemplado expresamente na nosa Constitución, cando di, no seu artigo 47, que todos os españois teñen dereito a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada, e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito. E non debería facer falta que lle dixese que, sendo o artigo 47 da Constitución, un dos denominados principios reitores da política social e económica, este dereito a unha vivenda digna actúa como un mandato aos poderes públicos que os obriga a definir e executar as políticas necesarias para facer efectivo ese dereito, configurado como unha directriz constitucional que ten que informar a actuación deses poderes. Non é algo opcional para vostedes, é a súa obriga, que incumpren sistematicamente. Non están vostedes obrigados obviamente a proporcionar unha vivenda a cada cidadán, pero si están obrigados a favorecer dun xeito minimamente eficaz que ese dereito sexa realizable para a cidadanía.

E tampouco debería facer falta que eu lle dixese que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.3, di que é competencia exclusiva de Galicia a ordenación do territorio, o urbanismo e a vivenda. Repito, competencia exclusiva de Galicia. E non debería facer falta que eu lle dixese estas cousas, porque son claras e meridianas. Son o marco normativo, as liñas que marcan e determinan o que debe facer vostede e o Goberno de Galicia en materia de vivenda.

E, sen embargo, atópome aquí dicíndolle estas cousas tan obvias que en teoría no faría falta que llas dixese. ¿Por que? Pois porque vostedes abdicaron da súa competencia exclusiva, da súa responsabilidade directa e da súa obriga ante a cidadanía, porque a realidade é que a pasada lexislatura foi a de menor promoción pública de vivenda dende que hai rexistros históricos. Foi a lexislatura de menor promoción pública de vivenda en corenta anos de democracia, e con enorme diferenza. Fixeron vostedes 24 vivendas de promoción pública en catro anos, ¡24 vivendas!, unha cifra abracadabrante; máxime cando na lexislatura do Bipartito a cifra superou ás 10.000. Pasamos de 10.000 vivendas públicas co Bipartito a 24 con vostedes. ¡Todo un éxito!

E a realidade é que a finais do 2018 admitían vostedes que o seu plan para alugar vivendas baleiras soamente incorporara a vergoñenta cifra de 16 vivendas, e que ano e pico despois, a principios deste ano, soamente incorporara 25 vivendas —das cales soamente 14 foran efectivamente alugadas—. O obxectivo inicial era ben pouco ambicioso, incluso diría que ridiculamente pouco ambicioso: 600 vivendas. Pero a realidade final é vinte e catro veces menos que ese obxectivo tan pouco ambicioso: 14 vivendas alugadas. Iso si, moita fanfarria, moito plan, moita publicidade, moita foto, moito escaparate.

E reitero que o dereito constitucional a unha vivenda digna non significa que teñan vostedes a obriga —afortunadamente para vostedes— de proporcionar a cada cidadán unha vivenda, pero si que os obriga a levar a cabo unha acción pública en materia de vivenda que facilite e promova as condicións para que haxa vivenda asequible, especialmente para as capas máis desfavorecidas da sociedade.

E o problema é que vostedes nin o intentan, porque detrás de todos os seus plans e estratexias non hai nada —nin en vivenda nin en tantas outras materias, pero sinaladamente en vivenda—. Detrás de tanto plan e estratexia está o vacío e a nada máis absoluta. Detrás de



tanto plan e estratexia non hai máis que propaganda, publicidade e márketing. (*Aplausos.*) Pero a cidadanía non pode refuxiarse da choiva baixo a súa propaganda, e a cidadanía non pode resgardarse do frío baixo a súa propaganda.

Señora conselleira, no caso da vivenda, como en moitos outros casos, o Goberno de Galicia abdicou das súas responsabilidades e das súas competencias para deixalas en mans do Estado, que desde o Plan estatal de vivenda é no día de hoxe o máximo impulsor de políticas de axudas e subvencións en Galicia, tanto para facilitar o acceso ao alugueiro como para a rehabilitación. A súa manifesta pasividade levou na última década á parálise absoluta do parque de vivenda pública, e incluso á perda da protección de moitas vivendas de protección social, de promoción social, que foran construídas, que xa estaban construídas, o que se reflicte nunha moito menor oferta de vivendas a prezos asequibles para un número crecente e alarmante de demandantes no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, que recolle no día de hoxe a necesidade apremiante de decenas de milleiros de galegos e galegas.

A mobilización dun gran parque de vivenda desocupada en Galicia leva unha década sendo unha cuestión prioritaria, que debería ser afrontada por vostedes. Pero a vostedes dálles igual. Aproximadamente 300.000 vivendas —segundo datos do IGE— son hoxe en día vivendas baleiras. E, delas, máis do 25 % nas cidades, que é onde hai maior demanda —sinaladamente de alugueiro—. Datos como que o índice de esforzo financeiro que ten que facer unha familia media galega para acceder a unha vivenda sexa o quinto máis alto de España, ou que unha persoa moza galega menor de 29 anos teña que dedicar, de media, máis do 60 % do seu salario para poder acceder ao alugueiro, non poden ser máis desalentadores. Son datos especialmente desalentadores sobre todo cando vivimos e convivimos con novas realidades sociais e económicas, que pasan polo auxe das vivendas de alugueiro turístico, os novos modelos de convivencia, de mobilidade laboral, polo reto enorme da sostibilidade e do cambio climático, ou polo fenómeno demográfico que se evidencia na perda de poboación nas áreas rurais e no envellecemento paulatino da poboación. Son exemplos, todos eles, deses novos retos que non estamos afrontando.

De todos eses retos e necesidades da cidadanía en materia de vivenda abdicou por completo a Xunta de Galicia. A Xunta renunciou á acción pública en materia de vivenda porque nesta materia, como en tantas outras, o Goberno galego non está ao servizo dos intereses da maioría social, senón dos daquela parte da poboación que non ten problemas de vivenda, así como dos intereses de quen non ten unha senón varias vivendas, ou do gran capital que especula coa vivenda, sinaladamente os bancos.

O mellor exemplo —non do fracaso, que tamén, senón simplemente da ausencia dunha política pública de vivenda en Galicia nos últimos once anos— é o titular de onte mesmo nun xornal galego de referencia, e que cito: «Galicia, un páramo para a vivenda protexida.» Un páramo para a vivenda protexida, toda unha definición da súa política.

Señora conselleira, a misión principal da política de vivenda é garantir o acceso da cidadanía a unha vivenda digna, combatendo especialmente o uso da vivenda como un ben especulativo en detrimento do dereito de todas e de todos, xusto o contrario do que pasa hoxe en Galicia. E para darlle a volta a esa situación é preciso facer política de vivenda e dotala de orzamento



—hoxe minúsculo nalgúns casos e inexistente noutros—. Pero sobre todo — máis alá de políticas especializadas nos distintos segmentos e problemáticas da vivenda, que tamén— urxe implantar unha política de vivenda real, e non dedicarse a vendernos plans con pomposos nomes, como «Rexurbe», «Rehabilita» ou »Realuga», que, cando se confrontan coa realidade, xeran titulares, como o doutro medio galego deste sábado, de hai moi poucos días, que dicía así: «Galicia lidera o parque de vivendas baleiras cun 18 %, cinco puntos máis que a media.» Porque hai 300.000 vivendas baleiras en Galicia, pero iso a vostede non lle parece un problema. En cambio parécelles un problema moi importante o dos ocupas, (*Aplausos.*) unha auténtica cortina de fume. E ten que vir o presidente do Tribunal Superior de Xustiza a dicirlles que baixaron os procedementos xudiciais no último ano, e a dicirlles que a lexislación é máis que suficiente. Dío o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Señora conselleira, deixe de retorcer datos e manipular cifras, déixese vostede de espallar cortinas de fume co tema dos ocupas, deixe de vendernos plans propagandísticos que rematan en nada, e faga política de vivenda, porque o que fixeron ata o de agora na materia foi tomarlle o pelo á cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Señora conselleira, creo que é inevitable comezar hoxe a miña intervención tratando un tema no que vostede e o seu grupo parlamentario levan semanas insistindo. Hoxe tocoulle, nesta repartición de papeis, representar a voz da antiocupación á señora Prado, cun discurso bastante lamentable. Recentemente vostede falaba de que a ocupación comezaba a ser un problema, e a señora Prado tamén dicía que os datos eran alarmantes e que cada vez son máis o número de vítimas de usurpación de vivendas.

Señora conselleira, cando o seu grupo e vostede falan de ocupación, ou ben non se enteran de cal é a lexislación actual e cales son os datos ou queren enganar a xente. Eu inclínome máis pola segunda, porque imaxino que vostede escoitaría as palabras do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que explicaba hai uns días que a alarma que se estaba xerando sobre a ocupación de vivenda non está avalada polas cifras. E supoño que vostede, antes de dedicarse a saír publicamente durante semanas creando unha alarma totalmente infundada, dicindo que a ocupación era un problema de orde pública e social, coñecería as cifras oficiais de ocupación.

Realmente é indignante ver o que están a facer vostedes, axitando unha pantasma que non existe e xerando medo e conflito onde non o hai, tanto Vox como o Partido Popular de Casado, do que vostedes fan parte, levan semanas tratando de animar un falso problema de ocupación. E o único obxectivo de todo isto é blindar os intereses dos grandes tenedores de vivenda que se dedican a especular coa vivenda. É evidente que o Partido Popular en Xénova



tomou ese camiño de disputarlle a Vox o espazo da extrema dereita. E vostedes aquí, con ese discurso que trouxo hoxe aquí a señora Prado, fan seguidismo desa liña política. *(Aplausos.)*

A súa posición é unha mostra clara de que o Partido Popular de Galicia se sente cómodo facendo de comparsa desas políticas da ultradereita, pero —aínda peor— queren levalo a adiante copiando sen pudor o manual de estilo e as formas de facer política desa nova dereita populista e reaccionaria, empregando algo que poderíamos denominar como «o manual Trump». O paso número 1 dese manual consiste en axitar a sensación de pánico —vía bombardeo mediático e sistemático— de que está en perigo a estrutura hexemónica de valores, neste caso o da propiedade privada. E é falso, pero, se a realidade e os datos non se corresponden con ese medo que se pretende infundir, vostedes pasan ao paso 2, que é a mentira e a desinformación. E a vostede, señora conselleira, os datos non a acompañan, porque en Galicia houbo neste primeiro semestre do ano 51 ocupacións, e iso representa unha baixada do 21 % respecto do ano anterior. *(Aplausos.)* E ¿saben canto representan 51 ocupacións respecto nun parque inmobiliario de 1.605.998 vivendas no último censo? Representan o 0,003 %. ¡Ridículo! Temos o pánico, temos a mentira, e o terceiro paso é confundir a xente respecto dos obxectivos que se propoñen. O obxectivo do Partido Popular e de Vox é penalizar a ocupación de vivendas baleiras propiedade de entidades financeiras ou de fondos de investimento. Pero para conseguir a lexitimidade social, para sacar a adiante estas medidas que vostedes saben que son impopulares, confunden a xente dando a entender que é un problema que afecta a calquera propietario, que hoxe a calquera lle poden entrar nunha vivenda —case cando baixan comprar o pan ou nunha segunda residencia— e que non tería mecanismos legais para botar os ocupantes e, polo tanto, que todos os propietarios están indefensos. Pero iso vostedes saben perfectamente que non é certo, que no caso de vivendas que supoñan unha morada, é dicir, residencia habitual ou cun uso esporádico, considérase invasión de morada e supón o desaloxo en 24 horas. No caso de que a vivenda estea deshabitada considérase usurpación, e nese caso, mediante a Lei 5/2018 —que vostedes mesmos impulsaron e que é coñecida como «Lei antiocupación»—, supón o desaloxo nun prazo de cinco días, coa excepción do suposto de que sexan propiedades pertencentes a unha entidade privada como un banco ou un fondo de investimento. E iso é o que vostedes pretenden modificar para protexer as vivendas baleiras dos grandes tenedores de vivenda nun contexto no que saben que a crise vai levar a moita xente a quedar sen vivenda. *(Aplausos.)*

E vostedes, en vez de blindar o dereito á vivenda, o que están a facer é crear pánico social, mentir, confundir a xente e, se é preciso, xerar odio. E este é o cuarto paso do manual da nova dereita populista: criminalizar o pobre, caricaturizar, chamándolles «mafia», os quen non teñen máis alternativa que buscar un teito —como facía a señora deputada Paula Prado— e traendo medidas como a que anunciou hai uns días: un teléfono para denunciar ocupacións. É dicir, propoñen converter calquera veciño nos ollos e na policía de balcón das entidades privadas que teñen miles de vivendas baleiras para especular. *(Aplausos.)* E esta crise que vén por diante vai empeorar a situación de acceso á vivenda, vai aumentar as familias que se van ver na rúa e as que non van poder pagar o alugueiro. E ante iso o Partido Popular hoxe propuxo aquí trasladar a petición á Valedora do Pobo para que se dedique a traballar nun informe extraordinario sobre a ocupación, cando no propio informe da Valedora nin aparece recollido. E xa lles deixou caer a propia Valedora que ese non é un problema





real. Así que deixen de facer o ridículo, póñanse a traballar, que teñen suficientes problemas reais que resolver, e deixen de inventar outros que non hai. (*Aplausos.*)

E, señora conselleira, estamos de acordo en que as súas políticas en materia de vivenda necesitan un replantexamento e un cambio de rumbo total. E para iso necesitamos, primeiro, facer unha diagnose da situación actual. E os problemas reais que temos as galegas en materia de vivenda, que son estruturais, veñen de atrás, pois o mercado inmobiliario sempre funcionou como circuíto secundario de investimento de capital excedente. Iso sempre distorsiona o valor de uso da vivenda en favor do seu valor de cambio. Pero é que a partir dos anos oitenta esta deturpación da función social da vivenda en favor dunha función económica volveuse aínda máis pernicioso. Como consecuencia das contrarreformas regulatorias produciuse un momento de gran sobreacumulación de capital en mans duns poucos. ¿Que decidiron facer para xestionar este capital excedente? Decidiron pasar ás plusvalías, á economía especulativa, iniciando un proceso, por unha banda, de financiarización de activos bursátiles; e, por outra, de transvasamento de capital excedente cara ao circuíto secundario da construción e a produción do medio construído. O valor de uso da vivenda quedou así aínda máis opacado na maraña de intereses financeiros que se tece sobre o parque inmobiliario. E as consecuencias desa perigosa aventura financeira pagouna a maioría social coa crise de 2007, con miles de desafiuzamentos e cun parque excedente de 300.000 vivendas baleiras en Galicia. Somos a comunidade autónoma co maior parque de vivendas baleiras, e iso é un dispendio social e un dispendio ambiental.

En definitiva, a diagnose sobre todo ese proceso é que construímos por riba das nosas necesidades. E esa situación convidaba a unha reflexión profunda sobre o parque inmobiliario, e moito máis tendo en conta que a evolución demográfica do noso país non fai prever unha absorción desas 300.000 vivendas baleiras nun futuro inmediato. E ¿que fixo a Xunta durante todos estes anos? Nada, simplemente permitir que ese circuíto secundario da economía especulativa se reorientase cara ao mercado de alugueiro e que comezase o novo festín dos especuladores empregando parte dese gran parque de vivenda baleira como mecanismo de regulación dos prezos de alugueiro. E os grandes beneficiarios desa crise —o sector bancario, cun rescate de 60.000 millóns de euros— son os mesmos que hoxe reteñen boa parte dos activos inmobiliarios para condicionar os prezos abusivos do alugueiro.

Polo tanto, en Galicia non temos un problema de stock de vivenda, temos un problema de distribución do parque inmobiliario; e, en segundo lugar, de prezos abusivos marcados por un libre mercado que non ten contrapeso de vivenda pública. Polo tanto, o primeiro obxectivo estratéxico que nós propoñemos para ese novo pacto da vivenda debe ser o de redistribuír o parque inmobiliario para garantir o dereito á vivenda. Se miramos para atrás, durante estes anos ¿que fixo a Xunta? Nada, sacar un programa estrela que lle chamaron «Programa de vivendas baleiras», que foi un auténtico fracaso —recoñecido incluso pola propia Consellería— con menos de trinta vivendas mobilizadas en catro anos. Ese programa nin existe na actualidade; é dicir, neste momento non hai nin unha soa medida orientada a mobilizar o parque de vivenda baleira. Vostede hoxe dixo que van redeseñar ese mecanismo. E preguntolle, señora conselleira: ¿está disposta vostede a meterlles mecanismos de presión fiscal aos grandes tenedores de vivenda para mobilizar ese parque de vivenda baleira ou vai quedar todo en titulares bonitos? (*Aplausos.*) Por certo, esperemos que ese pacto social da vivenda





—xa que vostede hoxe dixo aquí que estaban abertos a cambios— o traian a debate a esta Cámara para que tamén todos os grupos políticos poidamos dar a nosa visión.

O segundo obxectivo estratéxico que propoñemos para ese pacto pasa pola intervención pública para dar resposta á demanda de vivenda. Aí miramos para atrás e outra vez máis vemos o fracaso por parte da súa consellería. A vivenda protexida está completamente paralizada. Nos últimos cinco anos houbo 81 cualificacións provisionais de vivenda protexida. E, fronte a iso, está a realidade de 15.000 inscritos no Rexistro de Demandantes, dos cales 10.000 demandan alugueiro. Mentres, vostedes néganse a crear un parque público de vivenda en alugueiro digno. ¿Cal é a estratexia da Consellería neste sentido? Vostede dixo, nos obxectivos iniciais dese gran pacto, que vostedes van apostar polo alugueiro. E despois, cando empezou a concretar medidas, dixo que o que van facer son incentivos á compra. Ou unha cousa ou a outra, non vale poñer as cousas para un titular pero despois que non haxa medidas. *(Aplausos.)*

E, por último, vostede fixo aquí un relato dunha marabillosa xestión durante todos estes anos, pero a realidade é que a súa política se resume en tres conceptos: brazos caídos, márketing e fracaso. Primeiro, nada de intervir sobre a vivenda baleira nin sobre a porcentaxe de vivenda protexida porque saben que unha intervención decidida sobre estes dous aspectos rebaixaría os prezos do mercado. E vostedes están sentados na Consellería de Vivenda única e exclusivamente para que todo siga igual. Segundo, o único que fan é márketing, sacar liñas de axuda curtopracistas que non modifican nada a estrutura do parque inmobiliario nin no acceso á vivenda. E, polo menos, esas medidas poderían ser un parche, pero é que nin iso, porque lles poñen o título, véndenas, colocan un titular na prensa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...—acabo xa— e despois non hai nada. Logo están baleiras porque non están dotadas orzamentariamente. E aí está o fracaso, nin sequera iso.

Hai miles de persoas que, cumprindo cos criterios para beneficiarse desas axudas que vostede hoxe vende aquí —as que relata e das que nos dá aquí todos os títulos que teñen—, non reciben esa axuda. ¿Por que? Porque non hai fondos suficientes. E ¿que fan vostedes cada ano? ¿Darlles máis recursos? Non, ao revés, limitar os criterios para que non dea tanta vergoña a pouca porcentaxe de xente que ao final recibe esas axudas. Así que brazos caídos, márketing e fracaso.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Esperemos que estea vostede disposta a abrir un debate real, serio, porque a política de vivenda do país ben o merece. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Gómez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o escano.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.



**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señorías, bo día.

Na miña primeira intervención nesta lexislatura quero dirixir antes de nada un cordial saúdo a todas as súas señorías. E desta volta tamén dirixirme dun xeito especial á conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ánxeles Vázquez, que no día de hoxe comparece por petición propia para explicarnos estas liñas estratéxicas do Goberno da Xunta en materia de vivenda para os próximos anos. Nin que dicir ten que dende o Grupo Parlamentario Popular terá o noso apoio para o mellor desenvolvemento dese pacto social para a vivenda que hoxe nos acaba de propor. Un pacto de continuidade, si, pero non de continuísmo.

Non sei se as señorías que me precederon —tanto o señor Arangüena como a señora Fernández Gómez— comprenderon ben a mensaxe da conselleira, talvez levados polo continuísmo nas súas propostas, e observo, a verdade, que con pouca ou ningunha adaptación á situación que estamos a vivir. Acabo de escoitar o señor Arangüena e a señora Fernández Gómez e seguen co mesmo discurso, non cambian. Falan de que non fixemos nada en once anos. É que vostedes seguen falando do mesmo que durante estes once anos. Seguen falando desa menor vivenda pública, dese recordatorio da Constitución tan bo que nos fixo o señor Arangüena. Din que nada se fixo en once anos e insisten e insisten no da ocupación, especulación, intervención pública, parches... E pouco máis que esas propostas que lles veñen de facer aos galegos e ás galegas en materia de vivenda, mentres dicían que o PP e o noso presidente xa remataran. Creo que se equivocaron. Non lles faltou razón. Efectivamente rematou o terceiro ciclo da terceira lexislatura consecutiva con maioría absoluta, e imos pola cuarta. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Esas son as súas propostas. Si, xa sabemos que non lles gusta que llelo recordemos. (*Aplausos.*) Pero está ben porque esa é a realidade, e este hemiciclo demostrállelo. Isto non é autobombo nin compracencia, (*Murmurios.*) é un xeito simplemente de recordarlles que os galegos e as galegas confiaron en nós de novo para seguir rexendo este país, e tamén con esa política de vivenda e con máis responsabilidade ca nunca por parte do Partido Popular.

Señorías, todo mudou, non sei se se deron conta, todo. E non se pode seguir mirando a realidade cos ollos de hai oito meses. Hoxe máis ca nunca a política de vivenda ten que se adaptar ás novas demandas da sociedade como consecuencia da crise económica e social da covid-19. O que non quere dicir que vaíamos rachar co feito ata o de agora, senón —como ben acaba de dicir a conselleira— que hai que dar continuidade ao traballo realizado pero incluíndo novas medidas coas que completar o plan de vivenda do Goberno galego e axudarlles a conseguir unha vivenda digna a todos os colectivos vulnerables para evitar a desprotección social ou a exclusión.

Miren, facer política de vivenda non só é construír. O Goberno galego vai máis alá das obras. Xa o dixo a conselleira pero eu vouno repetir: política transversal. Claro que estamos a pór en marcha unha política de vivenda esencialmente [...] (*Inintelixible.*) e temos que partir desa propia vivenda. Por iso se aprobou a Lei de rehabilitación, por iso se iniciou o Programa Rurxurbe cun investimento de 24 millóns de euros, por iso contamos no día de hoxe co maior número de áreas de rehabilitación integrada, por iso procuramos tamén que as vivendas



sexan dignas, cunha maior eficiencia enerxética e sostibilidade, con algo tan básico e necesario como uns simples ascensores que lles faciliten a vida ás nosas persoas maiores e ás persoas con dificultade de mobilidade, para facilitar esa mellor accesibilidade aos fogares. Por iso o Goberno da Xunta non só pon no punto de mira a construción de vivenda senón o acceso a unha casa.

E cómpre ir máis aló. Como se vén de facer dende hai anos e como detallou a conselleira, sentamos unhas bases sólidas para unha nova lei de vivenda, un plan específico para evitar a exclusión residencial, un regulamento de rexistro de demandantes, ou medidas de diverso carácter para o realoxamento fronte á perda da vivenda habitual e para as vítimas de violencia de xénero; en definitiva, protexer o dereito á vivenda e que os galegos teñan acceso a unha vivenda digna.

Pero aínda hai que dar un paso máis nesa transversalidade, de aí que o Goberno galego tamén puxera en marcha unha ambiciosa política fiscal coa baixada de impostos de transmisión na compra de vivenda usada —e sobre todo con atención especial ás zonas pouco poboadas—, conscientes, ademais, como xa dixen, de que este inesquecible ano 2020 precisaba novas medidas para facer fronte ás consecuencias da pandemia. E a Xunta de Galicia non mirou cara a outro lado e púxose mans á obra para deseñar un conxunto de medidas coas que garantir o acceso á vivenda. Por facer un repaso, temos o aprazamento de recibos de alugueiro en vivendas de promoción pública e en locais comerciais, a cobertura de ata o cen por cento das axudas do bono de alugueiro social, do bono ás vítimas de violencia de xénero, e a liña de axudas ao alugueiro para paliar situacións de vulnerabilidade orixinadas pola covid-19.

Agora principiamos unha nova lexislatura, un novo mandato do Partido Popular, e seguimos a sufrir as consecuencias deste virus. O primeiro e o máis importante é o tocante á saúde, por iso quero aproveitar para enviar o meu e o noso máis sentido apoio aos que loitan contra esta pandemia, aos que sofren a enfermidade e aos que choran a morte dun ser querido. Pero tamén me sumo á chamada á responsabilidade dos galegos e das galegas, pois coa axuda de todos e de cada un deles, e cumprindo coas medidas impostas, imos ser quen de atallar este novo episodio. Dados estes novos tempos —que non nova normalidade—, agora toca repensar, escoitar, consensuar e traballar nun novo escenario. E, cumprindo coa liña de acción imposta polo presidente da Xunta para esta lexislatura —é dicir, traballando dende o minuto un—, a titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda comparece nesta Cámara, apenas un mes despois da toma de posesión, para presentarnos unha das accións deseñadas polo seu departamento: o Pacto social pola vivenda.

Señorías, non se trata dunha mera idea, é xa un documento plasmado en papel e presentado tamén a todos os sectores e colectivos representados no Observatorio da Vivenda para que a estuden e nos fagan chegar as súas suxestións, que é como dicir que queremos o consenso e que, ademais de se axustar á realidade, sexa efectiva.

A contraposición coas súas propostas na materia que nos ocupa está clara, señoras e señores deputados da oposición, porque este é un plan deseñado desde moi distintos puntos de vista, un plan con continuidade —a cinco anos vista—, cun elevado compromiso de investimento —300 millóns de euros—, cun total de 48 medidas —dez completamente novas— e coa in-



tención de beneficiar ou chegar, cando menos, a 40.000 galegos. Por certo, non só é beneficiar as familias, non só podemos falar diso, senón tamén dos profesionais, emprendedores, empresarios, e mesmo de favorecer a creación de emprego, pois moitas das medidas supoñen carga de traballo. E simplemente falo pois da mellora no aforro enerxético, da accesibilidade ou da sostibilidade.

Ademais de darlles continuidade ás medidas que durante estes últimos anos tiveron unha significativa demanda, a conselleira presentounos dez novas medidas das que quero destacar unha en particular, polo novo escenario que nos acaba de deixar esta pandemia, e refírome ao ámbito rural. De todos é coñecido que o impacto da covid-19 e as súas consecuencias están a levar a moitas persoas a reconducir as súas vidas cara ao rural, co que isto conleva sobre o asentamento da poboación. Quen máis e quen menos ten unha casa familiar na aldea, unhas en condicións mellores ou non tan boas de habitabilidade e outras que entran na cualificación de infravivenda e que precisan de arranxo ou de rehabilitación integral por estar en ruína. Podería pór moitos exemplos de programas de éxito, pero vou pór un da miña provincia, en concreto do concello ourensán de Cualedro, que tiveron a sorte de visitar, que foron esas cinco vivendas de mestres polas que o seu alcalde apostou pola rehabilitación para alugueiro —de 50 euros ao mes—, que están hoxe ocupadas con familias con nenos e nenas, mesmo procedentes doutros concellos. «Unha idea fenomenal, e máis que houbera» —son manifestacións do alcalde—. Pois ben, aí está e estará a Xunta de Galicia.

E nesta lexislatura estará reforzado tamén cos particulares e autopromotores de vivendas en núcleos rurais, buscando sobre todo ese asentamento permanente de familias en inmobles que en moitas ocasións se atopan nese estado de abandono ou de ruína por herdanzas ou doazóns. É máis, tamén me refería non só ao ámbito dos emprendedores e das empresas, porque, se un empresario se quere ubicar no rural, ¿que mellor que facilitar esa contratación de traballadores ofrecéndolles vivenda en alugueiro a prezos asequibles? E, por certo, tamén hai facilidades para desenvolver e asentarse en parques empresariais ou para apertura de locais comerciais.

En definitiva, señorías, a Xunta de Galicia, como vimos de escoitarlle á conselleira, ten unha completa planificación en materia de vivenda, que non parte do continuísmo, como din vostedes —teimudos como son— tratando de lanzar aos galegos e ás galegas a mensaxe de que nada muda. E os galegos e as galegas dixéronlles ben clariño que non lles compran esta idea. Nós falamos de continuidade, porque un plan ou unha estratexia de goberno ten que estar planificada máis alá dunha lexislatura. E falamos tamén de adaptación de novos programas á realidade imposta pola covid.

E esa é a proposta, pero sempre co obxectivo xeral e irrenunciable de facilitar o acceso á vivenda, sexan familias, mozos, maiores, persoas en risco de exclusión social, e baixo unha premisa fundamental: a de que a sociedade está a mudar como tamén están a mudar as súas necesidades e demandas.

Conselleira, en nome do Grupo Popular bríndolle todo o noso apoio neste Pacto social pola vivenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Réplica da señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Agradézolle ao señor Arangüena que tivese a ben que eu fose escueta. Eu creo que o momento é para selo, pero creo que a mensaxe foi clara. E esta mensaxe é tenderlles a man para que vostedes traballen lonxe de repetir unha e mil veces certos titulares, dos que ao final a sociedade se decata de que non son reais.

¿Lembran vostedes un deputado dun grupo que xa non ten agora representación e que estivo durante catro anos dicindo que nos últimos anos a Xunta de Galicia tan só construíra tres vivendas de promoción pública? Repetíao unha e non sei cantas veces. Ao final o grupo non ten representación nin el está aquí. Pero iso fórono repetindo tamén outros, co cal é bo que, cando se fale dun tema tan serio como pode ser a vivenda, ao final estudiemos un pouco e fagamos plantexamentos. Estamos a tempo de facer ese plantexamento. Dígollo, señora Fernández, e tamén llo digo, señor Arangüena; e, por suposto, a man tendida á señora Díaz, á cal lle agradezo que sexa voceira e, por suposto, se poña a traballar arreo por un ben, por ese ben público, e a sociedade.

Recordábanos o señor Arangüena a Constitución, pero olvidou unha parte da Constitución. Porque, efectivamente, está o dereito a unha vivenda digna pero tamén o dereito á propiedade privada. *(Aplausos.)* Entón, non fixeron vostedes ese equilibrio.

Vexo, ademais, que están de acordo en distintos plantexamentos o señor Arangüena, representando o PSdeG, e a señora Fernández, representando o BNG. Máis nuns que noutros, pero non son moi coincidentes cos do Goberno. E digo que non son moi coincidentes, primeiro, porque negar que houbo unha planificación da Xunta de Galicia en materia de vivenda é negar absolutamente todo, e que llelo pregunten ás máis de 12.000 persoas que neste momento se están beneficiando dalgún plan de vivenda en Galicia.

En segundo lugar, querer dicir que o plan de vivenda é estatal e que as comunidades autónomas non aportan nada, vamos, é de broma. Pero non só aportación, é que ese plan de vivenda é do Partido Popular. Remata agora o plan de vivenda, estamos agardando por un novo e aínda non temos información ningunha ao respecto. Isto vai dirixido aos dous, porque se apoian mutuamente e están falando dunha lei de vivenda na que ao final non sei cal será a pretensión. Bueno, si, algunha pretensión tiveron cando foi o momento do confinamento da covid, cando o que pretendían era a confiscación dos fondos do plan de vivenda sen contar en absoluto coas comunidades autónomas. E menos mal que aí incluso as que están gobernadas polas mesmas siglas que vostedes dixeron «ata aquí chegamos, pero dende aquí non pasamos, unicamente porque nos pertence». E, polo tanto, aí si que non se podía dar titulares sen facer aportacións económicas.





Polo tanto, agardamos que ese plan de vivenda teña unha continuidade. E, de non ter continuidade, dende aquí si que me brindo a traballar neste campo cun obxectivo, e ese obxectivo é chegar ás persoas, chegar ás familias e velar polos máis vulnerables. E, dende logo, eu creo que vostedes teñen que poñer os pés no chan. E hai dous mantras terribles que me chaman a atención —non por parte do BNG, porque os levo escoitando durante moitos anos, pero si polo PSOE, que foi cambiando a tendencia—, que o da especulación e o dos grandes tenedores de vivenda en Galicia. De verdade, dean unha volta pola nosa comunidade autónoma e falen con toda a xente que está no Observatorio da Vivenda. Falar de grandes tenedores e de especulación, a verdade, é que é estar fóra totalmente do noso contexto.

Polo tanto, seguiremos coas políticas transversais de vivenda dende a Xunta de Galicia, e esas políticas transversais van na liña da política social e tamén fiscal. Non viría mal mandar un recado ao Goberno central para que dentro da política fiscal fixeran o mesmo esforzo que estamos facendo dende a Xunta de Galicia. Irialles moito mellor a aquelas persoas e aos xoves que quixeran optar a unha vivenda.

Aínda así, seguimos afondando naquilo que vostedes me trasladaban. Fálame de estatísticas. Efectivamente, saíu unha estatística na cal saían os datos de Galicia, e cando se fala de estatísticas estas teñen unha lectura, pero tamén teñen unha explicación. E é que, dentro desa lectura e desa explicación, só se fala de vivenda nova, única e exclusivamente, non se fala das axudas que deu ningunha das comunidades —e, en concreto, do Goberno galego— para poder optar a unha vivenda en réxime de alugueiro ou en réxime de propiedade. E aí temos, nos orzamentos da Xunta de Galicia, por un lado 40 millóns de euros e por outro lado 36 millóns de euros. Porque Galicia colleu o camiño da rehabilitación, porque entendemos que é preferible o eido da rehabilitación, o rexurdir dos nosos cascos históricos, que se habiten esas vivendas, dar facilidades aos nosos xoves e non ir tanto por vivenda nova.

Pero aínda así, falando de vivenda nova —e tamén o señor Arangüena me explicaba as competencias en materia de ordenación do territorio—, eu dígolle que hai unhas exclusivas que son dos concellos. E a ordenación do chan nos concellos, os plans xerais de ordenación municipal, son competencia dos concellos. Polo tanto, e tanto para uns como para outros, poñería varios exemplos enriba da mesa.

No Ofimático, con goberno de En Marea e Podemos —e non sei se agora forma parte o BNG, e se os coñece a señora Fernández—, catro anos de parálise total. Non houbo maneira, non había maneira, a pesar de toda a aportación que facía a Xunta de Galicia, para a construción de vivenda nova no Ofimático. Bueno, agora temos que celebrar que se está construíndo vivenda nova —que acabamos de sacar a concurso—, que as cooperativas tamén tiveron a ben presentarse e, polo tanto, que flúe doutra maneira, señor Arangüena. Flúe doutra maneira, e iso é fundamental. Pero acusarnos de que nós nos paralizamos... Houbo moitos concellos paralizados.

Pero non sei se se acordan tamén do señor Martiño, en Santiago. Lembro unha conversación sobre unha parcela propiedade do IGVS na rúa Xoán XXIII. ¿Saben vostedes o que dicía o señor Martiño? ¡Home!, que era un privilexio facer vivenda protexida nesa parcela e que, polo tanto, de ningunha das maneiras daría a licenza. Eu creo que isto foi algo que se puxo





enriba da mesa. Bueno, polo menos agora fixemos a limpeza, agora estamos redactando o proxecto e vaise construír nesa parcela vivenda protexida. (*Aplausos.*) Póño enriba da mesa porque é bo... Hai para todos, hai para todos. E o tema de Vigo é sangrante. ¡Catro anos para que nos aproben un plan parcial! ¡Catro anos! Imaxíneno vostedes. Son 1.600 vivendas e 18 millóns de euros presupostados nos tres últimos anos que perdeu a cidade de Vigo. Claro, é unha das cidades onde hai maior demanda de vivenda de promoción pública. Bueno, por fin despois das autonómicas se aprobou ese plan parcial e nós xa adiantamos o traballo. E adiantar ese traballo pois supuxo ter feitos os xeotécnicos e ter adxudicado o proxecto de urbanización. Presupostaremos para facer as expropiacións, pero tamén está aprobado o proxecto. Agardemos que o ano 2021 si sexa o ano de San Paio de Navia e, polo tanto, poder empezar a construír esas 1.600 vivendas.

Son exemplos que é importante poñer enriba da mesa, e tamén ligalo ao que vostedes din das estatísticas.

Pero vexo que, á parte de todo isto, lles preocupa, e moito —e nomearon varias veces unha deputada—, o tema dos ocupas. Pero a nós preocúpanos nun campo, e ese campo é o número de denuncias que houbo no semestre, é o número de persoas afectadas que non denunciaron por distintos motivos —con gran parte desa xente senteime eu, e deberían escoitalos— e son as denuncias que están sen resolver do ano anterior—. Co cal, é que non estamos falando de 40 ou 50 casos, estamos falando dun bo número de casos. E non só son esas persoas afectadas, senón tamén a convivencia veciñal que vemos no día a día. Vaian vostedes, por favor, e falen coa xente do barrio de Belvís. Eu estiven alí. Sairán á rúa e explicaránllo. Falen tamén coa xente do barrio da Milagrosa, ou do barrio Feijóo, tamén en Lugo. Pasen por alí, que tamén llelo van explicar, porque seguro que non lles gustaría —se son pais de familia ou se non son pais— ter cativos e ter que estar controlando porque non poden saír porque hai un problema de convivencia continuada. ¡Home!, tamén o houbo na Zapateira, e eu non vou discutir se o chalé era ou non do banco, o que si vou discutir é que eu me sentei coa asociación e tiñan un problema de convivencia terrible cos que ocuparon esa vivenda, sexa de quen sexa a propiedade.

E despois, cando falan deses especuladores, eu non sei vostedes, pero de verdade que eu falo con moita xente e coñezo a realidade galega. E aquí hai moita xente que emigrou, que fixo un investimento e que, sendo de calquera localidade, investiu en Santiago para ter dous pisos, para despois ter recursos e poder convivir, porque igual teñen unha pensión que resulta que é pequena. E segundo vostedes non debemos de protexer esa xente. E esa xente, por riba, ten eses pisos baleiros e non os quere sacar ao mercado porque ten temores. E aí é onde temos que actuar. Pero non o digo eu, é o que din alcaldes que son de certas ideoloxías. Polo tanto, son realidades.

Seguiremos loitando contra a ocupación ilegal en Galicia, créanme que o imos facer. E farémolo, primeiro, habilitando un mapa real de ocupacións, que encargamos no Observatorio da Vivenda. Farémolo con ese teléfono para que as persoas non se vexan desprotexidas, e hai un convenio co Colexio de Avogados de Galicia, que son profesionais. Porque non poden imaxinar como afecta e como chaman para que alguén lles dea unha solución. E non son 24 horas, señora Fernández, non son. Non son 48 horas nunha segunda vivenda. ¡Non son! A realidade é outra, e dispoñemos dela.



Pero, á parte de todo iso, dígolles que aqueles ocupas ilegais aos que fomos quen de poñerlles nomes e apelidos non acudiron nunca nin aos servizos sociais do concello nin a Política Social, nin a solicitar un bono-alugueiro. Son antisistema que se ven con dereitos pero con ningunha obriga. Polo tanto, frearemos esa situación. É certo que lamentamos que se rexeitara no Congreso a PNL, e ao mesmo tempo vostedes danme uns datos e eu dou outros. A propia Fiscalía Xeral do Estado tivo que ditar recentemente unha circular dirixida a todos os fiscais coa intención de intentar frear este tipo de situacións. Esa é a realidade, e encima ¿vostedes cren que, sendo alguén propietario dunha vivenda, é o que se ten que defender e aportar o seu título habilitante en vez de ser aquel que lle está ocupando a súa vivenda? ¡Home!, sinceramente, nós como Goberno ímolo frear. Señores do PSOE e do BNG, se viven noutro mundo irreal, cóntenllelo tamén aos seus alcaldes, que lles estarán perfectamente agradecidos.

Falando de vivendas baleiras, efectivamente, as vivendas baleiras están aí. O número é máis que importante. Fíxose un plantexamento e un proxecto, e houbo moitos que o quixeron obstaculizar; primeiro, porque non se adheriron as grandes cidades. Excepto Santiago e Ourense, ningunha se adheriu ao Programa de vivendas baleiras. Non se preocupen, imos mudar, imos facer un replantexamento e, polo tanto, será a Xunta de Galicia quen se encargue da xestión das vivendas baleiras. Xa non van ter que pasar nin adherirse os concellos, farémolo para os concellos onde hai máis demanda, darémolles garantías aos propietarios desas vivendas, teránolas que ceder en usufruto durante dez anos e garantirémolles o alugueiro —cando estea alugado—. E, por suposto, tamén se lles fará o seguro pertinente para os posibles problemas que poida haber con eses alugueiros.

Polo tanto, o plantexamento eu vexo que é ben distinto entre o Goberno e o PSOE e o BNG. Aínda así estamos abertos a posibles suxerencias. Ben é certo que non imos coincidir no que a ocupación se refire, e agardo que si poidamos coincidir no plantexamento das 48 medidas que temos enriba da mesa para desenvolve-las ao longo desta lexislatura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señor presidente, señora conselleira, é a primeira vez que neste Parlamento alguén insinúa practicamente que son eu comunista. Supoño que non será a última, pero xa lle informo que non, que non son comunista. Coñezo moi ben o que é a propiedade privada. Grazas, en todo caso, por aclararnos que existe a propiedade privada. En todo caso, calculo que vai ser máis probable que propicien vostedes a revolución coa súa inacción en política de vivenda que que a propiciemos nós coas nosas receitas socialdemócratas. *(Aplausos.)*



E logo chámame a atención que hoxe non practicaron vostedes iso que eu defino como «federalismo de escape cara a arriba», é dicir, ascendente. Hoxe practícano cara a abaixo, «federalismo de escape descendente». Agora din que a culpa —como aquí non toca botarlla ao Goberno— é toda dos concellos. É dicir, que o problema da vivenda en Galicia é culpa dos concellos; sinaladamente, claro, dos concellos que non gobernan vostedes. O que lle escapa dicir é que o problema da vivenda é xeneralizado en toda Galicia, con absoluta independencia da cor política do concello.

Señora conselleira, vivimos nun contexto de profundos cambios sociais, económicos e demográficos, ante os cales o Goberno do Partido Popular se ten amosado e segue a amosarse incapaz, inactivo e desnortado no seu traballo de ofrecer respostas eficaces ás demandas e necesidades da cidadanía galega sen abandonar outras políticas que reduzan a vulnerabilidade social. Dende a política de vivenda é necesario impulsar xa medidas de apoio ás persoas con rendas máis baixas, en risco de desafiuzamento, de pobreza enerxética, con necesidades especiais de integración social, con discapacidades que precisen de adaptacións específicas das súas vivendas, vítimas de violencia de xénero e todos aqueles modelos de familias que presenten especificidades diferentes ou en risco de exclusión social. E para tal fin é necesario realizar un esforzo de análise continua da situación do parque de vivenda —que non están facendo— e das demandas existentes en cada territorio; un esforzo analítico que permita dirixir moito mellor as medidas e accións, así como aportar maior transparencia na acción de goberno á cidadanía. E para iso é necesario recuperar a función coa que naceu o Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida de Galicia, así como o Observatorio Galego da Vivenda, hoxe instrumentos totalmente infrautilizados.

Necesitamos entender e atender as necesidades dos distintos colectivos sociais de Galicia, especialmente da xuventude, porque o retraso cada vez maior na consecución dunha estabilidade económica —e, polo tanto, da emancipación—, é un dos motivos de retraso da maternidade e da perda de poboación, situación ante a que urxe implementar un plan, pero un plan real, non un plan deses que empezan por «R» que fan vostedes. Pero tamén debemos atender as necesidades dun sector que se incrementa ano a ano, como é o das persoas maiores, tendo en conta de que temos os peores datos demográficos de España; non os segundos peores, como en materia de vivenda protexida, senón os peores datos demográficos de España.

Señora conselleira, a falta de fondos levou á Xunta a denegar case o 80 % das solicitudes de axudas para pagar o alugueiro no ano 2019. Fronte aos 3,7 millóns de euros de Galicia no 2019, comunidades con menos poboación, como Aragón ou Castela-A Mancha, triplicaban esa cantidade.

Por certo, no 2019 os procedementos xudiciais por desafiuzamentos multiplicaron por aproximadamente 15 os procedementos por ocupación ilegal. E non é que non teñan vostedes que combater a ocupación ilegal —aínda que non lles corresponde, xa llo digo—. Permítame prognosticar que no 2020 esa cifra de 15 veces será maior aínda. Dende outro punto de vista, dicía o outro día un xuíz que en España hai máis posibilidades de ser asasinado que de ter ocupada ilegalmente a vivenda habitual. E, se quere, poderíalle ofrecer as cifras, pero non creo que vaia facer ningún tipo de caso. Ata llo dixi —insisto— o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia este domingo. É un problema ficticio que están inventando



vostedes. Non é que non exista ese problema, pero ese problema estano vostedes magnificando para facer unha cortina de fume. (*Aplausos.*)

Quen máis lles ten que dicir —á parte do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia— que están vostedes montando un problema ficticio e que a lexislación existente é perfectamente válida para afrontar ese problema. Porque poño tamén no seu coñecemento que o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tampouco é comunista nin é axente bolivariano.

E se queren loitar contra o problema da ocupación ilegal, ¡home!, non fagan vostedes un mapa, porque os mapas non van resolver moito, non poñan vostedes un teléfono. Fagan política de vivenda pública e dótena cos correspondentes orzamentos. O problema non é a ocupación ilegal de vivendas de particulares, o problema é a ocupación ilegal de inmobles da banca —que ese é, na inmensa maioría, o problema—, que se converteu, efectivamente —como eu lle dicía—, en tenedora de decenas de milleiros de vivendas baleiras en España dende o ano 2009 e que son os que máis sofren esa ocupación.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Para rematar, os datos da súa política de vivenda son demoledores e resúmense nas cifras e nos titulares que reseñei na miña primeira intervención. Fixeron vostedes 24 vivendas de promoción pública en catro anos, conseguiron vostedes alugar 14 vivendas co Programa de alugueiro de vivendas baleiras. Galicia é a comunidade con maior número de vivendas baleiras de España. Galicia é un páramo para a vivenda protexida, é a segunda comunidade que menos vivenda protexida fixo nunha década. Non o digo eu, dino medios de referencia de Galicia. Case o 80 % das solicitudes de axudas ao alugueiro foron rexeitadas en 2019. Iso si, son vostedes campións...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...en facer plans propagandísticos con nomes que comezan todos por «r» por algunha estraña razón. E hoxe veu aquí contarnos que vai facer nos próximos catro anos o que non fixo nos once anteriores.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

Grazas.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Remato, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Por dicilo sinteticamente, señora conselleira, a credibilidade da Xunta de Galicia cando fala de política de vivenda é como ultimamente a de Donald Trump falando do coronavirus. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández Gómez.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Ben, señora conselleira, de verdade, eu intentei facer un exercicio de diagnose, de plantexar aquí cales cremos que deben ser os obxectivos estratéxicos, porque pensaba realmente que poderíamos ter un debate sobre cal é o futuro da vivenda no noso país, e falar de cuestións estratéxicas como da redistribución do parque inmobiliario ou da intervención pública no mercado da vivenda. Pero xa que vostede insiste aquí en simplemente vir vender que aquí todo foi marabilloso e que as súas políticas van moi ben, pois, ben, expoñereille cales son os resultados cos datos da súa consellería.

Vostede dixo que, ante o momento da pandemia, o que fixeron foi non realizar o cobro das vivendas que están a cargo do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Vostede fixo un pouco de trilerismo dialéctico. O que quería dicir é que adiaron os pagos, non como outras comunidades autónomas que exoneraron do pago. *(Aplausos.)*

Vostede tamén di que hai un bono de alugueiro social. E primeiro fixo un anuncio, que era que se ía aumentar a contía e que se ía cubrir o cen por cento do gasto. Semanas despois anunciouse que se ía duplicar o que eran os fondos. En realidade é a mesma medida, son os fondos necesarios para aumentar a contía, pero é que o número de persoas beneficiarias do bono de alugueiro social seguen sen aumentar, seguen sendo arredor de 700 persoas. ¿Vostede cre que neste momento esa é unha cifra que chegue para responder á demanda que hai aí fóra na situación de crise económica?

Vostede tamén falou de axudas ao alugueiro. Voulle dar os datos: 8.000 solicitudes para as axudas de alugueiro. ¿Sabe cal foi o dato das persoas ás que se se lles deu a axuda? O 23 %, jo 23 % de 8.000 persoas! ¿Vostede cre que hai dotación orzamentaria suficiente? É, unha vez máis, moito título e poucos recursos. *(Aplausos.)*

Axudas ao alugueiro para mozos: foi concedido o 10 % das axudas —o 10 %, 331 mozos—. ¿Vostede cre que é dotación suficiente para responder ao que está pasando aí fóra?

Vivenda protexida: en todo o 2019 toda a construción rematada de vivenda protexida foron 4 vivendas. ¡É que esas son as cifras!

O programa de vivendas baleiras foi un auténtico fracaso. A semana pasada veu aquí o director xeral do Instituto Galego de Vivenda e pregunteille en dúas ocasións se nos podía dar as cifras, despois de catro anos, do Programa de vivenda baleira, e non quixo dalas. Non quixo dalas porque dan vergoña as cifras dese programa. *(Aplausos.)*

E fronte a esas cifras ridículas están as cifras que teñen peso e que son dramáticas: 1.800 lanzamentos practicados en 2019 como consecuencia de procedementos derivados da Lei de arrendamentos urbanos, ¡1.800!; e 396 lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos de execución hipotecaria. Leva máis de tres anos consecutivos aumentando o





número de demandantes de protección oficial, e hai 15.000 persoas inscritas —e moitas máis habería se a xente entendese que o Instituto Galego de Vivenda e Solo é un recurso para chegar a atopar vivenda—. ¡Así que menos márketing e máis recursos, señora conselleira!

Despois veu aquí poñer en valor a Lei de rehabilitación. Bueno, en primeiro lugar, benvidos á política de rehabilitación. Tiveron que pasar vostedes pola crise de 2007 para darse conta de que isto da liberalización do solo *ad infinitum* non era viable. ¡Benvidos á rehabilitación! Pero, claro, é que esta Lei de rehabilitación está concibida única e exclusivamente como unha lei que pretende maximizar os beneficios dos grandes promotores. Por unha banda, desvalorizan e rebaixan os prezos de compra con rebaixas na expropiación ou protexendo o patrimonio; e, por outra banda, sostendo os prezos de venda e negándose a intervir no mercado do alugueiro, e negándose a que haxa unha alternativa habitacional social.

Despois tamén plantexa aquí o Programa Rexurbe. Ben, antes de falar de todas esas 3.000 vivendas que vostedes prometen para esta lexislatura falemos da 1.500 vivendas que vostedes prometeron para a anterior lexislatura. ¿Cales son os resultados despois de catro anos respecto desas 1.500 vivendas prometidas? Porque o problema é que vostedes cabalgan, anuncio tras anuncio, sen mirar nunca a atrás para nunca ver o fracaso que vostedes van deixando tras de si. (*Aplausos.*) E ao final o que conta non son os anuncios, o que conta son os resultados. E este Programa Rexurbe non vale porque ten que ir ligado á creación dun parque público de alugueiro, porque, se non, non imos contribuír á parada da subida dos prezos de alugueiro nin a prestar o servizo público que debería prestar a Consellería, que é garantir o dereito á vivenda.

E ademais precisa máis cambios, precisa aumentar a participación. Eu non sei se vostede coñece as cartas de patrimonio dos organismos internacionais, pero unha cuestión fundamental á hora de abordar a rehabilitación non é só a protección do patrimonio material, é tamén a protección das relacións sociais e da xente que xa vive aí. Así que o primeiro debe ser sempre protexer os que alí xa viven. E a vostedes os veciños e veciñas sóbranalles, danlles igual, por iso non queren participación nos programas Rexurbe.

Tampouco hai criterios claros sobre como se definen eses proxectos Rexurbe. ¿Cales son os criterios —se pode dalos aquí—, señora conselleira?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Porque hai unha arbitrariedade absoluta á hora de xestionar eses proxectos; por non falar da invasión competencial, etc.

A política da Xunta resúmese única e exclusivamente en sinalar a ocupación para que ningún mire as miserias das súas políticas. Non teñen plan estratéxico, e creo que tampouco importa, porque, total, despois non cumpren nada do que prometen. Nin tampouco teñen mecanismos para frear os prezos dos alugueiros, non hai oferta de vivenda pública e nin sequera hai dotación orzamentaria para os parches que vai pondo unha consellería que fai augas por todas partes. E a desgraza, a gran desgraza que a vivenda representa para a maioría das familias, é que é o maior gasto e por onde vai a maior parte da renda. Para a xente moza supón o primeiro paso para poder desenvolver calquera proxecto vital.





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Gómez.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** E para o conxunto de persoas significa o refuxio básico e primario.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** E é unha vergonza e é unha desgraza...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...que vostedes gobernen algo tan fundamental para as nosas vidas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Señorías, a verdade é que se hai que repetir no discurso, porque seguen insistindo no mesmo, levamos once anos escoitando o mesmo. Nesta recente campaña electoral que vimos de ter fartáronse de dicir que durante estes once anos non se fixo nada. E incluso cheguei a escoitar, como candidata do Partido Popular pola miña provincia, que se falaba de anos escuros. ¡Tremendo! *(Murmurios.) (Risos.)*

Poden rir, porque a maioría dos galegos e galegas non lles compraron esas propostas nin esa mensaxe, esa é a cuestión. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Primeiro, non llela compraron porque radicalmente non se corresponde coa realidade; e, segundo, porque a situación mudou desde febreiro e a xente quería propostas e certezas. E vostedes parece ser que non llelas deron.

Así que o que non entendemos é como poden dicir que a Xunta de Galicia non fixo nada en política de vivenda. ¿Vostedes mesmos cren iso? Reflexionen un pouquiño. Mobilizar só nos últimos catro anos 130 millóns de euros e beneficiar preto de 28.000 galegos e galegas, ¿iso é non facer nada? ¿Tamén é non facer nada adoptar medidas inmediatas como consecuencia da pandemia, como vimos de repetir e como dixo a conselleira, aprazando os recibos de alugueiro, ampliando as axudas do bono alugueiro e do bono para vítimas de violencia de xénero e asumindo o cen por cento desas axudas? ¿Tampouco fixemos nada asumindo ou convocando as axudas do alugueiro para persoas en situación de vulnerabilidade como consecuencia da covid —falamos de 8 millóns de euros de orzamento, e que se puideron solicitar ata hai nada—? Todo isto só é unha pequena parte, pero iso para vostedes é non facer nada.

Miren, señorías, hai unha diferenza. A diferenza entre vostedes e nós radica no xeito de entender a política de vivenda e, sobre todo, en que a vostedes só lles preocupa esa vivenda pública, o que falaban da especulación, da ocupación... Ese non é o concepto de política de vivenda que temos nós, o de estar centrado só na construción —que, por suposto—. Vostedes non ti-



veron que gobernar durante moitos anos con moitísimos menos recursos que calquera goberno da Xunta de Galicia. Vostedes non tiveron que gobernar con axustes para sacar a Galicia dunha crise económica. Vostedes non tiveron que gobernar planificando para colocar a Galicia na senda da recuperación —como así fixemos— e moito menos tiveron que gobernar nun escenario sanitario, económico e social como o que estamos a vivir. Por iso é que os galegos e as galegas os situaron onde están dende o 2009, e con pouco máis de tres anos de goberno non son quen de comprender as dificultades de todo tipo que xorden. Así o dicía agora a conselleira: anos esperando por que en Vigo se aprobe un plan parcial, ou, falando de rehabilitación, os problemas que hai nos cascos históricos coas propias rehabilitacións —cun inmoible ao lado que hai que apuntalar, ou con cousas tan básicas, simplemente, como que non se atopa ou hai que buscar a documentación de determinados inmobles—. Claro que non saben destas dificultades, é moito máis fácil tirar, como tiraron vostedes hai un momento —a señora Fernández— de estatísticas, de números, e que cadaquén os interprete ao seu gusto. E é mellor dicir que non se fixo nada. (*Murmurios.*)

Señorías, a política de vivenda non só é a construción senón tamén a rehabilitación, facilitar ese acceso á casa, implementar medidas sociais e fiscais, procurar un modelo axustado ás necesidades dos habitantes das vilas e cidades; pero tamén, sobre todo, procurando que os propios concellos teñan o seu parque público de vivendas e, aínda máis, ofrecerlles seguridade xurídica aos propietarios. Porque realmente pouco ten que falar a señora Fernández da política de vivenda cando centrou as súas intervencións na ocupación.

E algo lle preocupa ao Goberno, señor Arangüena, cando vostedes non magnifican este problema. Pero hai quen o magnifica, porque o delegado do Goberno veu de reunirse a semana pasada coas forzas e corpos de seguridade. ¡Por algo será! Hoxe veu de reunirse coa Fiscalía, ¡por algo será! (*Aplausos.*) Ou sexa, non estamos falando dun problema calquera, non é, como vostedes dicían, unha lenda urbana ou un bulo; non din un dereito ou que non un delito, pero si os seus socios de goberno, Podemos, os que vostedes representan, e tamén ese superdeputado que apoia no Goberno central as súas políticas. E simplemente queremos unha resposta máis dura á ocupación, iso é o que queremos. E algo pasará cando centran a súa intervención na ocupación, e, sobre todo, cando as institucións dos seus gobernos se reúnen para tratar e dar máis contundencia e máis coordinación no tema da ocupación. Pero iso non impide que a este problema —que claro que é un problema serio— lle dean importancia. Como dicía a conselleira, non só estamos falando das ocupacións, dos propietarios e dos ocupantes, senón que estamos a falar dun problema serio de convivencia, dun problema serio de seguridade. Xa vemos entón que, para acabar con esa impunidade, co seu apoio non imos contar.

Vou rematando.

Sinceramente, voulle recomendar, señora Fernández e señor Arangüena —e, en xeral, señoras e señores deputados da oposición—, que repasen con calma a intervención da conselleira. Porque eu creo que se olvidaron de tomar nota de cantas medidas estivo a tomar o Goberno de Galicia durante estes once anos e desas medidas novas que van implementarse durante esta lexislatura, que, máis ou menos e resumindo, estou a falar de 300 millóns de euros...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** ... —xa remato— e de máis ou menos 48 medidas que chegarán a 40.000 fogares galegos.

E agora toca dar un paso máis e non só manter aquilo que funciona, senón esas novas ideas que aquí se acaban de formular. E facémolo —e queremos que así se faga dende o Goberno de Galicia— coa man tendida. Facémolo, como dixo a conselleira, coa man tendida ao diálogo e ao consenso, que en definitiva é o que esperan os galegos e as galegas de nós nesta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche da comparecencia pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, comprenderá que a min me dá igual se vostede é comunista ou non. É libre, vivimos nunha sociedade libre. Sexa vostede o que queira. O que si é certo é que dar leccións..., poucas. E dígoo, porque, como estamos falando de competencias e de solo, tivo vostede responsabilidades en solo empresarial. E, en fin, poderíamos analizar o que loitou vostede por Galicia. Dígoo por aquilo de que nin sequera bonificacións para os empresarios galegos que se queiran instalar na nosa comunidade. Co cal é que, vir aquí dar leccións cando un, pois, si tivo competencias e puido loitar por Galicia e non o fixo... O do comunismo comprenderá que me dá o mesmo.

Sobre o concepto «multi-R» ou «R», pois, mire, é que o concepto multi-R debe metelo vostede na cabeza, sobre todo se vai ser portavoz dentro da área de medio ambiente, porque rehabilitar, redeseñar, reciclar..., é fundamental neste momento. Non sei se vostede se refire a outros erres ou non se refire a outros erres.

Hai unha cousa que tamén me chamou a atención da señora Fernández, que di que o de que gobernemos nós é unha desgraza. Eu creo que se debe cortar un pouco, máis que nada porque, se queremos ter dialogo..., desgraza son outras cousas, como a covid, que é unha desgraza a quen lle toca. As enfermidades son unha desgraza. Quen goberna por maioría absoluta porque así o decidiu libremente Galicia non é ningunha desgraza. (*Aplausos.*)

Seguiremos apostando por políticas de vivenda, seguiremos apostando polos máis vulnerables e axudando os máis desfavorecidos. Adaptaremos as políticas de vivenda ás necesidades de todos os galegos e galegas. Créanme que non hai ningunha soa solicitude que cumpra os requisitos que non teña un bono social de alugueiro. Créanme, esa é a realidade. Non vertan vostedes outro tipo de información porque é totalmente irreal e é falsa. Pero agora mesmo



o 30 de setembro veu de rematar o prazo para axudas para persoas vulnerables, con 7,9 millóns de euros. Polo tanto, ninguén queda desprotexido. Este Goberno non deixa a ninguén desprotexido. Se non, pregúntenlles ás máis de doce mil persoas que neste momento se benefician dalgunha das axudas de carácter público en relación coa vivenda.

Polo tanto, eu sigo facendo unha proposta de consenso. Ben é certo que o concepto é ben distinto duns a outros, pero tamén é certo que, se vostedes ao final queren contribuír a unha Galicia mellor, estudarémolas. Temos a man tendida para así facelo, para lograr un gran pacto pola vivenda en Galicia, e, polo tanto, pensamos nas familias, nos galegos e nas galegas. Tamén pensamos nas empresas. Son 48 medidas —10 delas son novas—, e son 300 millóns de mobilización directa —non mobilizado en concreto, é en global, porque iso sería moito máis—. E vanse beneficiar máis de corenta mil fogares. Esa é a proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Entre elas —volvo lembrarlles— hai axudas á compra de vivenda protexida —ata 20.000 euros— para familias con baixos ingresos; un novo programa de alugueiro con opción de compra, pensado para menores de 35 anos; o impulso ao alugueiro de vivendas baleiras con novos incentivos aos seus propietarios xestionados directamente dende a Xunta de Galicia; a aposta pola rehabilitación de vivendas, tanto nos cascos históricos como no rural galego, para un reequilibrio territorial; a posta en funcionamento do rexistro de informes de avaliación da situación dos edificios; a posta á disposición dos concellos dunha plataforma informática para que poidan crear un rexistro de núcleos en estado de abandono; e queremos poñer en marcha programas indirectos de apoio á rehabilitación a través da sinatura de convenios con asociacións e entidades para fomentar o financiamento das obras de rehabilitación de particulares e implementar a posta en marcha dun plan de uso de locais comerciais propiedades da Xunta orientado a emprendedores. Ademais, apostamos polo deseño de medidas que impulsen a implantación de grandes iniciativas empresariais no ámbito rural e, por suposto, a convocatoria de axudas para parques empresariais locais.

E, falando de rehabilitación, e porque na anterior lexislatura pois deu moito de si e de novo a señora Fernández volve insistir en que desprotexemos, na seguridade xurídica..., pois, ben, teño enriba da mesa o informe anual da Valedora do Pobo ao Parlamento de Galicia de 2019, no que di, respecto da área de urbanismo, e da Lei 2/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia, que «son hoxe conceptos fundamentais no ámbito da estruturación do territorio e do espazo urbano, baseados no sostemento social, económico e ambiental. E, dende o punto de vista da seguridade xurídica, esta lei ten pleno encaixe no marco europeo e estatal, enmarcándose na estratexia común europea nas materias de rehabilitación e desenvolvemento sustentable, na Declaración de Marsella do 25 de novembro de 2008, na Declaración de Toledo do 22 de xuño de 2010, na Estratexia europea 2020, aprobada polo Consello Europeo o 17 de xuño de 2010».

Polo tanto, é para que quede aclarado e non sigan vertendo vostedes inseguridade xurídica sobre unha lei que era fundamental para dinamizar, para simplificar. A aqueles concellos que gobernan estou segura de que lles veu moi ben para solucionar problemas e, polo tanto, para, en vez de desprotexer, seguir protexendo e poñendo en valor o noso patrimonio.



En conclusión, un gran pacto social é o que queremos facer sobre a vivenda, un documento estratéxico que queremos que recolla todas as perspectivas dende o punto de vista do solo. Buscamos que sexa un vector importante na recuperación e na reactivación económica e social que precisa Galicia tras esta pandemia da covid-19, e un reto ante o que debemos estar preparados para estar á altura do que agardan de nós os galegos e as galegas.

Moitas grazas. Bo día. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(A señora Prado del Río solicita a palabra.)*

Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

Con base no artigo 76, pido a palabra, pois fun aludida en reiteradas ocasións polos voceiros —fundamentalmente pola voceira do BNG— e quero responder.

**O señor PRESIDENTE:** Si, foi aludida dúas veces. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, foi aludida. O Regulamento coñézo. E ademais é unha valoración que fai a Presidencia. *(Murmurios.)* Polo tanto, pois si, ten un turno. E isto hanos servir de exemplo no futuro. *(Fortes murmurios.)* ¡Si, si foi aludida! ¡Perdón, perdón, foi aludida! Polo tanto, foi aludida e o xuízo de valor correspóndelle á Presidencia. Foi aludida e entendo eu que houbo un xuízo de valor, que se fixo un xuízo de valor sobre un discurso da señora Prado, que non estaba no debate.

Polo tanto, ten vostede un turno, señora Pardo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, que a extrema esquerda... *(Fortes murmurios.) (Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...non vexa un problema na ocupación non é ningunha novidade, xa estamos acostumados. Eu dixen no pleno pasado que o BNG se converteu no herdeiro das Mareas de Podemos, e hoxe a señora Fernández demostrou que esa afirmación era absolutamente certa.

Din que vemos unha pantasma na ocupación. Eu aconséllolles que vaian falar cos veciños e coas veciñas, por exemplo, do barrio de Belvís e San Pedro, que se manifestaron este sábado —moitos deles votantes seus, señora Fernández, señores do BNG—. Está nun *hashtag* que di: «Por un barrio seguro»; unha seguridade que se rompeu coa ocupación de varias viven-





das nese barrio. Ou vaian falar cos veciños do barrio das Gándaras, en Lugo, ou que vaian falar cos veciños de Palavea, na Coruña, onde hai unha organización que lles cobra ás persoas vulnerables por un alquiler dunha casa ocupada.

E iso é precisamente o que lle pedimos esta mañá á señora valedora do pobo, un informe baseado no ámbito social para protexer esas persoas en risco de exclusión social, para esas persoas vulnerables que non teñen vivenda. Pois hai mafias e organizacións delitivas que están aproveitándose delas.

Eu xa sei que a vostedes isto non lles importa, non lles preocupa. Vostedes seguen o discurso de Pablo Iglesias respecto da especulación e dos grandes tenedores de vivendas, que, por certo, en Galicia non existen. Pero é que esa é a diferenza entre vostedes e nós: que vostedes non coñecen a realidade galega. E por iso hai un grupo que estaba antes e que agora xa non está. Porque, entre outros, o alcalde de Santiago púxose do lado dos ocupas, e así lle deron resposta...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...os cidadáns nas urnas. Por iso a cidadanía galega se sente moito máis identificada...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...co proxecto do Partido Popular de Galicia que cos seus posicionamentos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Terminou.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Eu lamento que o Partido Socialista diga que este é un problema ficticio e que o BNG negue a ocupación.

Nós seguiremos estando.... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*  
*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non houbo exceso de tempo. Son tres minutos, ¡eh! ¡Perdoen! Hai que coñecer o Regulamento. Por iso lles digo que de cara ao futuro teñan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vaime dicir a min agora como é o Regulamento?, ¡por favor!

Terminou o debate. Xa está. *(Fortes murmurios.)*

Son case as catro. Retomámolo ás cinco e cuarto, ás 17.15.

Boa tarde.



*Suspéndese a sesión ás catro da tarde e retómase ás cinco e dezasete minutos.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Boas tardes.

Comezamos a sesión da tarde.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da atención primaria**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 2520 (11/MOC-000001).*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*<<O Parlamento de Galicia, insta a Xunta de Galicia:*

- 1. Realizar de inmediato todas as accións precisas para garantir a prestación sanitaria de Atención Primaria a través dun modelo mixto entre atención presencial e non presencial para dar resposta ás demandas de atención pola COVID-19 e polo resto de patoloxías, garantindo á poboación unha atención primaria digna, sen esperas e co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos.*
- 2. Reforzar os protocolos unificados na atención presencial e non presencial de doentes en toda a Atención Primaria.*
- 3. Mellorar a atención non presencial, potenciando novas posibilidades tecnolóxicas como a atención asíncrona a través do sistema TELEA ou a atención a través de videochamada e mellorando a atención telefónica co axeitado dimensionamento e mellora da rede, con novas ferramentas e cos profesionais precisos para responder a este modelo.*
- 4. Reforzar a coordinación do persoal de atención primaria no sistema de rastrexo e nos protocolos que definen os procedementos de actuación deste sistema.*
- 5. Informar ao Parlamento de Galicia, a través da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, da situación dos centros de saúde en relación coa porcentaxe de atención presencial e telefónica e do impacto das medidas de restrición de accesos tanto nos pacientes a través das esperas como nos profesionais a través do incremento de carga de traballo.*
- 6. Unha vez retirada por parte do Goberno de España a limitación nas taxas de reposición, priorizar as necesidades de profesionais en Atención Primaria e mellorar a súa estabilidade a través dun novo Plan de Ordenación de Recursos Humanos.*



7. Desenvolver, adaptadas ás novas circunstancias, as medidas previstas no Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021, coa execución do orzamento de máis de 100 millóns de euros cos que foi dotado este Plan».)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde a todos e a todas.

Parece que os deputados e deputadas do Partido Popular comen máis lento que os da oposición.

No pasado pleno tivemos que lamentar que, sendo o primeiro pleno desta XI lexislatura, despois de sete meses sen actividade ordinaria neste parlamento, o conselleiro de Sanidade non viñera comparecer. A gravidade da situación pola que estamos pasando por mor da pandemia orixinada pola covid-19 requiriría que o máximo responsable da sanidade de Galiza viñera a este parlamento informar das medidas que está tomando a Xunta, dar explicacións do que está a acontecer. E hoxe temos que volver lamentar que neste segundo pleno o señor conselleiro non viñera comparecer. Eu agradézolle que estea presente aquí nesta moción, pero sería moito mellor que vostede, *motu proprio*, viñera explicar. Parece que non é esa a intención. ¿Para que, non? Total, só estamos no medio dunha pandemia sen parangón, pero parece que non vai moito co señor conselleiro.

E por iso no pasado pleno interpelamos o conselleiro sobre a situación da atención primaria, e a verdade é que quedamos preocupados —xa llo dixen naquel momento e hoxe volvo dicilo—, porque se algo nos quedou claro foi a súa afirmación de que ía manter a folla de ruta, e parece que o único cambio foi o cambio de cargo, e que a folla de ruta se mantiña. E quedamos preocupados precisamente por iso, porque a folla de ruta que nos trouxo até aquí foi letal e é letal para a sanidade pública.

A pandemia chegou despois de moitos anos de recortes e precariedade, anos de escaseza de investimentos, de medidas destinadas ao adelgazamento e deterioración, que levou a situación da sanidade a problemas estruturais de moita envergadura, non a pequenos matices senón a grandes problemas estruturais.

Varios datos. No Estado español realizouse un gasto sanitario per cápita de 2.370 euros, fronte á media da Unión Europea, que é de 2.880. Falo de media, porque a comparativa realmente é difícil que a sosteña, porque esa é a media, pero, por exemplo, en Noruega invisten 4.000 euros per cápita, en Alemaña tamén, máis de 3.000 en Dinamarca e Suecia ou 3.000 en Francia ou Luxemburgo.

E se no Estado español o investimento per cápita é baixo, en Galiza aínda é moitísimo máis, e volvo dar algún dato. En Galiza a atención primaria está por debaixo da media do Estado, tan por debaixo que é a terceira pola cola, 130 euros por habitante en Galiza, a terceira pola cola, e é máis significativo aínda o dato cando comparamos que en atención hospitalaria, sen ser para grandes foguetes, Galiza está por encima da media. Eu creo que é unha boa radiografía, unha boa imaxe de por que en atención primaria estamos na situación na que es-



tamos. Porque anos de recortes e anos de investir tan pouco na atención primaria ten consecuencias, ten consecuencias negativas, evidentemente. E investir en sanidade pública é o máis rendíbel para unha sociedade, e cando non se realiza ese investimento, as consecuencias pois están á vista.

Eu agradecíalle ao presidente saber como vou de tempo, que non mo está marcando, por facerme unha idea.

Dicía que investir en sanidade é un investimento rendible e non facelo ten consecuencias.

A atención primaria galega está nunha situación de moita deterioración, precisamente por esa falta de investimento, e esa falta de investimento é unha decisión tomada polo Goberno do Partido Popular, é unha decisión ideolóxica, acorde con esa posición neoliberal de menos servizos públicos para máis proveito e máis negocio para a privada; ese traballo constante do Partido Popular de deterioración e minimizar e secundarizar a atención primaria respecto da hospitalaria.

E con esta situación previa, anterior á pandemia, é máis que evidente que, con estas dificultades polas que estaba pasando xa a atención primaria, con moitas dificultades para atender as demandas da poboación, chegada a pandemia, pois a situación converteuse en insostíbel. E se a característica fundamental da atención primaria é ser accesíbel e ser próxima, dende logo neste momento —para ser suaves— hai que dicir que está en entredito, porque non está sendo nin próxima nin accesíbel para os galegos e para as galegas.

Dende a chegada da pandemia estableceron que a prioridade tiña que ser a atención telefónica, atender a poboación do centro de saúde vía atención telefónica e reducir ao mínimo a atención presencial. Mais o que non fixeron foi implementar medidas, recursos, persoal para que esa decisión non tivera consecuencias en que a atención á poboación sufrira déficits ou se vira menoscabada, e, ao non telo feito, pois son moitas as dificultades que tanto os profesionais como a poboación están tendo para prestar por un lado e recibir asistencia sanitaria en condicións.

E á situación de sobrecarga de traballo que padecían os profesionais de atención primaria, previa a todo isto, fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, de seguimento, de illamento, de identificación das persoas por coronavirus. Unha sobrecarga de atención telefónica e da carga burocrática brutal, teléfonos colapsados —xa llo dixen no pleno—, persoal administrativo ao límite, soportando unha presión moi difícil, e as consecuencias son moi desastrosas. Profesionais ao límite e poboación ao límite.

O persoal dos centros está desbordado pola burocracia, os rastrexos, as probas e a demanda dunha poboación que está angustiada pola pandemia e polas dificultades de acceder á actividade sanitaria.

Voulle ler moi brevemente unha mensaxe que me mandou unha profesional que traballa nun PAC, e dime: «Escribo para contar que no PAC de Vigo se realizaron onte» —polo domingo— «máis de cen chamadas relacionadas coa covid. Peticións de PCR, comunicación



de resultados, resolución de múltiples dúbidas. Este traballo súmase ao xa habitual do PAC» —desbordados, como vostede ben sabe e que os levou a estar mobilizándose durante máis dun ano—. Continúa. «Até agora, non tiñamos que realizar actividade programada, agora temos que facela, nun número tal que resulta moi complicado conseguir que o PAC non colapse. E así un fin de semana tras outro. A única diferenza é que cada un é peor que o anterior.» Estas son palabras dunha médica dun PAC de atención primaria, que eu supoño que vostede sabe que non é unha excepción; supoño que vostede sabe que isto é a realidade de todos os centros de saúde e dos PAC.

O persoal está soportando inxustamente as queixas e o malestar dunha poboación frustrada e preocupada polas dificultades de acceder á atención, cando hai un único responsábel, que é a Xunta de Galiza, que é a Consellería de Sanidade, que é o Sergas, cuxa actuación se resume en nin previsión, nin planificación nin anticipación, señor conselleiro. Fixérono mal na primeira onda; podíamos dicir que nos colleu a todos por sorpresa. Fixérono mal na desescalada, non planificando ben a desescalada. E estano volvendo facer mal nesta segunda onda, volvendo agardar a que as cousas pasen, sen dotar de recursos nin reforzar a atención primaria.

E Galiza e os galegos precisan con urxencia resultados diferentes aos que se veñen facendo. Todas as persoas expertas coinciden en que na loita contra a covid a atención primaria é fundamental, na detección precoz, en detectar positivos, identificalos, illalos, facer rastrexos de contactos, é unha carreira contra o tempo, e o acerto e a efectividade das decisións depende de ter medios e información rigorosa e fiable. É das poucas cousas nas que está practicamente todo o mundo de acordo. E, a pesar diso, vostedes non están actuando.

Galiza lidera, con moito, o número de contaxios sen identificar a procedencia. Esa segue sendo unha realidade que se reflicte informe tras informe do Instituto de Saúde Carlos III, e a Xunta de Galiza atópase á cabeza do Estado en opacidade respecto dos datos que facilita sobre a covid.

Seguimos sen información, seguimos sen saber como se están realizando os rastrexos, quen os fai, como se fan, cal é a coordinación coa atención primaria. E do que si temos certeza é de que a esta altura hai moitos militares, sobran militares e falta persoal sanitario. Esa é unha certeza absoluta que temos a día de hoxe, que sobran militares, porque cando fai falta facer algún traballo pode recorrerse a eles, pódese traer militares, e iso significa que están sobredimensionados, que non hai ningún problema en aumentar o orzamento para militares, pero si hai problema para aumentar o orzamento na sanidade pública. Sobran militares e falta persoal sanitario. Esa é a realidade na que vivimos instalados a día de hoxe. *(Aplausos.)*

E por iso presentamos esta moción, porque a accesibilidade e a continuidade asistencial é máis precisa ca nunca se se quere frear a expansión dos contaxios e atender o resto das patoloxías, e para iso é preciso identificar o problema, desconfinar a atención primaria e reforzala, e é necesaria tamén transparencia.

Por iso demandamos que se realicen de inmediato as accións para fomentar e reactivar a atención presencial, que se establezan protocolos claros e unificados en todos os centros de





saúde, señor conselleiro. Non pode ser que cadaquén vaia facendo segundo considere; e esa é a realidade de hoxe, que cadaquén vai facendo segundo considere. É necesario garantir a atención telefónica sen demoras, e para iso son necesarias máis liñas, máis persoal que atenda esas liñas. Clarificar cal é o papel dos profesionais da atención primaria nos rastrexos; seguen sen quere dicirnos cal é o sistema de rastrexo. E o que demandamos tamén é información e que se presente neste parlamento un informe no que se recolla cal é a situación...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...as substitucións, non substitucións, coberturas de vacacións, de permisos. E é necesario que dunha vez por todas presenten un plan de ordenación de recursos humanos para saber cal é a situación, que é o que falta, cales son os déficits, e, despois desa información o máis obxectiva posible, poder tomar as decisións que leven a que esta situación se solucione dunha vez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Boas tardes, señor conselleiro.

A situación que estamos a vivir, señora Prado —que non a vexo neste momento—, é moi complicada, pero Galicia non ten unha situación tan caótica e tan negra como a que vostede acaba de describir. Non se fixo tan mal como vostede di. Galicia está entre as comunidades autónomas de toda España con menor incidencia en coronavirus, e isto non é unha casualidade. Isto é porque o Goberno galego se puxo a traballar desde o minuto un, antes incluso de que o Goberno central recoñecese o estado da pandemia. Reúnese todas as semanas cun comité clínico do Sergas, co comité científico, e aí decídense as medidas a tomar. Un comité clínico do que tamén se acusa ao Goberno galego de falta de transparencia, que ten nomes e apelidos —e viámolo hoxe na prensa—, con trinta e catro persoas. En Galicia gobiñase e protéxese a poboación.

Pero, centrándonos no importante tema da atención primaria, estamos de acordo con vostede na necesidade dunha reforma da mesma, e, de feito, niso estíbese traballando cando xurdiu a pandemia; recordouno o conselleiro no pleno pasado. O Goberno galego tiña aprobado, en desenvolvemento, o Plan galego de atención primaria 2019-2021, cun orzamento específico de máis de 102 millóns de euros, que prevía a incorporación de moitas prazas en atención primaria. Pero hoxe non é suficiente, porque á situación da atención primaria súmóuselle o problema da pandemia.



As demandas de atención pola covid supoñen para os profesionais unha sobrecarga de traballo engadida á que xa tiñan. Nós non negamos a realidade e sabemos dos problemas que ten a atención primaria coa falta de profesionais.

Vostede sabe, igual ca min, que nas categorías de medicina de familia e comunitaria e de pediatría o paro é cero, tanto en Galicia como no resto do Sistema nacional de saúde. E quedaron atrás aquelas épocas nas que había unha gran cantidade de médicos en paro. Cando terminei a carreira, é certo que daquela non existía a especialidade de medicina de familia e comunitaria e que nada máis terminar os estudos de medicina os médicos se incorporaban aos centros de saúde; e hoxe isto non ocorre, hai falta de especialistas e as listas de substitución e as ausencias cubríanse antes de xeito automático e hoxe é moi difícil atopar un especialista para cubrilas.

Díciolle que o problema non só é de Galicia. Non hai especialistas. O pasado 2 de outubro viamos na prensa a noticia do real decreto que permite contratar médicos non especialistas: «Luz verde a contratar a diez mil profesionales sanitarios sin plaza MIR». Aténdese desta forma unha demanda que lle estaba facendo o Goberno galego ao Goberno central xa na pasada lexislatura. E esa mesma noticia dicía: «Cabe señalar que Galicia ya contrató durante la pandemia a profesionales sanitarios en su último año de formación como especialistas en su correspondiente campo. En un principio fue para 160 MIR y 31 enfermeros, pero en sucesivas órdenes se amplió hasta más de trescientos cincuenta profesionales, incluyendo farmacéuticos, psicólogos o radiofísicos». O Goberno galego, unha vez máis, por diante.

Falando, en concreto, da reactivación da consulta presencial en atención primaria —e vaia por diante que recoñecemos a grande importancia da consulta presencial—, imaxino que vostede o plantexa no senso de darlle máis intensidade ou rapidez e non co significado de volver facer que funcione, porque a atención presencial estase a facer e non se deixou de facer nunca, incluso cando a primeira onda da pandemia afectou a Galicia. O que se fixo foi introducir unha primeira consulta telefónica na que se fai unha valoración do paciente, e se o profesional o considera necesario, dáselle unha cita presencial de forma programada co fin de evitar tanto o contaxio como a propagación do virus. É unha medida que nos parece razoable e é unha medida de prudencia e de seguridade, que, ademais, non é exclusiva de Galicia, senón que foi adoptada na maioría das comunidades autónomas. A vantaxe ademais desta cita telefónica é que permite detectar as persoas con sintomatoloxía compatible coa infección polo covid e facilita así a detención precoz e diminúe o risco de transmisión secundaria.

Por outra banda, a consulta telefónica —que xa se facía en Galicia dende o ano 2013— é un dos servizos mellor valorados polos pacientes, porque si que é accesible, e ademais porque evita moitísimos desprazamentos, e no rural galego isto agradácese moitísimo. O que quizais se debe facer —e ten razón— é mellorar esa atención non presencial con novas posibilidades tecnolóxicas como é a atención, por exemplo, a través da videochamada, e, dende logo, garantir unha atención telefónica sen demoras; niso concordamos con vostede absolutamente.

Pensamos que temos que avanzar nun modelo mixto para dar resposta ás demandas de atención pola covid-19 e tamén polo resto das patoloxías. E no Sergas temos TIC, o Ianus, a plataforma Telea. No propio informe que fixo o Ministerio de Sanidade, señor Torrado, destaca



precisamente como esencial na xestión da pandemia en Galicia que o persoal sanitario en Galicia xa traballaba con estas TIC e destácaas precisamente como esenciais na exitosa xestión da pandemia.

Sobre a plataforma Telea —que foi criticada moito por vostedes, e eu recordo cando veu presentala a este hemiciclo o anterior conselleiro de Sanidade no ano 2017— díxose que se lle ía cobrar ao usuario, que só servía para darlles negocio ás empresas privadas, que non era a solución para nada... ¿Saben vostedes a cantidade de pacientes con covid monitorizados diariamente no seu domicilio? ¿Saben vostedes a tranquilidade que tiñan todas esas persoas nas súas casas porque eran controladas tres veces ao día? ¿Saben vostedes que os facultativos ían por diante no agravamento da enfermidade en moitos casos e iso permitiu salvar unhas cantas vidas? Eu si que o sei, porque me tocou de cerca. E atendéronse e séguense a atender miles de pacientes, e, segundo vostedes, non valía para nada.

Respecto dos protocolos claros e unificados para a atención dos doentes, totalmente de acordo. Segundo vaia evolucionando a situación, pois vanse revisando e modificando, porque o escenario no que nos atopamos é un escenario dinámico; movémonos nun escenario que nos obriga tamén a que eses protocolos sexan dinámicos.

Os días pasados liamos unha noticia nun xornal: «*El Sergas y los pediatras pulen el protocolo para evitar sobrecargas*». Se recordan, co principio do curso escolar os pediatras tiñan unha sobrecarga de traballo nos seus centros de saúde. Houbo que revisar o protocolo e Sanidade resposta: «*Hará las pruebas PCR a docentes y estudiantes en un covid-auto específico*». A resposta non se fixo esperar, os casos sospeitosos derivábanse directamente aos hospitais sen pasar pola primaria, co cal aliviábase a carga de traballo dos facultativos. Hai un problema, e o Goberno galego trata de buscarlle unha solución.

Respecto dos temas dos labores de rastrexo, é evidente que se ten que reforzar a coordinación do persoal de atención primaria no sistema de rastrexo e nos protocolos. Eu escoitei varias veces falar aquí por parte da oposición do rastrexador e da teima de reducir os labores de rastrexo a unha nave nun polígono industrial da Coruña. E gustaríame facer unha pequena aportación.

Dende a disolución do Parlamento ata que tomei posesión no pasado pleno eu estiven traballando na miña praza no Servizo de Alertas Epidemiolóxicas da Xefatura Territorial de Sanidade en Ourense. Todos os meus compañeiros e compañeiras do servizo traballaban en xornadas interminables, incluídas as fins de semana, nos labores de rastrexo; e pódolle asegurar que ninguén de nós estivo nunca na nave industrial de Bergondo. Por iso si que quero agradecerlle ao conselleiro no pasado pleno que non caese nesa pequena trampa da oposición e que non entrase no seu xogo de pretender reducir o sistema de rastrexo ao traballo que fan as persoas nesa central de seguimento de contactos, que é un traballo moi valioso e moi importante pero que é unha parte máis nun proceso en que participan moitos profesionais, compañeiros cos que tiven a honra de traballar e os que a oposición pois parece que quere minusvalorar. Vostedes saberán, pero creo que tanto os profesionais de epidemioloxía como de medicina preventiva como de primaria que participan moi activamente no proceso de rastrexo se sentiron reivindicados polo conselleiro cando se negou a aceptar esa definición restritiva de rastrexadores na que vostedes se empeñan. (*Aplausos.*)



En canto ao plan de ordenación de recursos humanos, concordamos tamén con vostede na necesidade do mesmo unha vez rematada a limitación nas taxas de reposición polo Estado. Galicia demandou varias veces ao Goberno central —como recordarán vostedes— que se retirase esta limitación, polo menos no caso do persoal sanitario, e que a reposición fora do 100 %...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...—vou rematando, señor presidente—, e, polo tanto, faise necesario priorizar estas necesidades.

E por isto presentamos a seguinte emenda que esperamos que conte co seu apoio:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar de inmediato as accións precisas para garantir a prestación sanitaria de atención primaria a través dun modelo mixto entre a atención presencial e non presencial para dar resposta ás demandas de atención polo covid-19 e polo resto de patoloxías, garantindo á poboación unha atención primaria digna sen esperas e co persoal e as medidas de prevención de contaxios previos.»

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** «Segundo. Reforzar os protocolos unificados na atención presencial e non presencial...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...de doentes en toda a atención primaria...» —un minuto, señor presidente—.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Está publicada a emenda. Xa a coñecen tamén.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Ben, pois, como xa está publicada, téñena no *Diario de Sesións*. Eu agradézolles que conten con esta emenda, porque cremos que a reforma da atención primaria e a sanidade nos importan a todas as galegas e galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde.



Ben, está ben, por fin, despois de tantas veces escoitando o señor Feijóo dicindo que non había que falar de política sanitaria, ¡que ganas tiña hoxe o PP de falar de política sanitaria! Está ben, vendo as noticias do día, igual é case do único do que van querer falar, non vaia ser. (*Murmurios.*) Si, dígoo porque, vendo as noticias do día, o álbum de fotos de Feijóo, párecese ao cartel de «*Se busca*» dunha comisaría. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

En fin, quero tamén saudar o señor conselleiro. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Que riquiña!

Señor conselleiro, quero agradecerlle a súa presenza, porque non é unha iniciativa na que teña que intervir. Pero vaime permitir a brincadeira. Moitas veces nestes debates de sanidade non estaba presente o conselleiro e hoxe case temos dous. Ou sexa, que sempre están ben as melloras e agradézolle a súa presenza. (*Murmurios.*)

Non berren moito, porque Santalices vailles chamar a atención, que non se pode berrar, que o coronavirus vai polo aire.

E hoxe, a teor da iniciativa sobre atención primaria —que é bastante acaída—, nós non tiñamos intención de falar de rastrexadores; pero, claro, é que... si, eu téñolle aprecio ao señor conselleiro, eu creo que non habería que insistir un pouco e furgar na ferida, porque, claro, fomos famosos estas dúas semanas por unha resposta un pouco imprudente.

Pero permítame só unha aclaración —e seguimos falando de rastrexadores—. Se era —creo apuntar ben— unha definición restritiva e unha trampa pedir o número de rastrexadores, ¿por que Feijóo deu un número exacto nalgún momento? ¿Era un tramposo ou era unha definición restritiva? Porque é difícil defender que non hai que falar estritamente dun número despois de ter dado números —en campaña electoral, por suposto— e cando un mete a pata... Non hai por que xustificar a Feijóo sempre, que ás veces pode ser que cometa algún erro; ás veces non. Entón, eu diría que non o tenten cando se cometen erros, e iso tamén axudaría a algunhas respostas parlamentarias que foran máis claras en vez de defender a ninguén.

Nós, sobre a iniciativa en si, que cremos que é moi interesante, manifestamos xa por adiantado o noso apoio. Cremos que evidentemente é relevante e é pertinente —niso non hai dúbida sobre o asunto— e é unha iniciativa que plantexa conceptualmente aspectos moi amplos. Polo tanto, cremos que emendar os aspectos concretos non tiña tanto sentido porque compartimos a esencia da iniciativa. Por tanto, ese apoio.

Si queremos plantexar algunha cuestión un pouco dende o noso punto de vista. Nós non compartimos a cualificación ou o entendemento da atención primaria nesa concepción clásica de porta de entrada. Éo fisicamente na maior parte das ocasións, pero —utilizando un símil xa de vivenda— é moito máis o salón da casa. Debe ser a atención primaria o eixo do sistema, o elemento central e nuclear do sistema. Isto quere dicir que debe non subordinar outros tipos de especializacións, pero si debe ter un protagonismo moito maior do que ten ata o de agora.

Sexamos francos: en realidade, o sistema sanitario en certa maneira pecou de priorizar as especialidades entendidas de hospital sobre a atención primaria nalgún momento. Pode ser





que dende a política defendamos que non, pero a realidade é esa, e conceptualmente na mentalidade dos usuarios e as usuarias é certo que a atención primaria era concibida erroneamente como unha irmá máis pequena. E iso non debe de ser. Non dicimos que deba ser o contrario, pero, polo menos, o mesmo nivel.

Porque a atención primaria demostrou, demostra e demostrará que probablemente é o elemento máis resolutivo do sistema sanitario, o que ademais está en contacto máis directo coa poboación e, por tanto, o que debemos de reforzar máis. Tamén o que máis sufriu nos once anos de Goberno Feijóo. Nos últimos once anos perdemos 1.100 profesionais e 140 millóns anuais de orzamento, e isto son bastantes cartos e demasiados profesionais para ter un sistema ben fortalecido.

Polo tanto, nós defendemos unha atención primaria claramente fortalecida, especialmente onde nós apuntamos sempre que é o que cremos, o elemento central que debemos priorizar, e o que ademais para nós é o núcleo do sistema, que son os recursos humanos. 1.100 profesionais menos en once anos; dino os orzamentos: 1.100 profesionais menos. Porque, se alguén defende que hai máis, que explique como se pagan. 1.100 profesionais menos. E hai dificultades evidentemente en contratar profesionais de primaria —todos o sabemos—, pero hai solucións. Agora enterámonos de que as solucións que dá o Goberno do Estado tamén eran pola anticipación do Goberno da Xunta. Vai chegar un momento en que calquera cousa que pase no mundo, dende Sri Lanka a Xapón, Grenlandia ou a Antártida, é grazas á anticipación do Goberno da Xunta de Galicia. Menos mesianismo igual contribuiría un pouco máis.

Evidentemente, se houbera tanta anticipación, igual en 2017, igual en 2018, igual 2016, que gobernaba o Partido Popular en España, podían ter tomado decisións como esta, porque xa tiñamos un problema de recursos humanos. Tomouse agora con este goberno de España, que emite un decreto que, evidentemente, nós consideramos positivo, excepcional pero positivo, e que vai permitir contratar de maneira excepcional, extraordinaria, profesionais para o sistema sanitario. E tamén, de maneira moi puntual, e de maneira concreta, advirte de posibles solucións á atención primaria, que non deberan ser estruturais nin permanecer durante toda a vida, pero si que poden contribuír a resolver o problema.

E nós chamamos o Goberno non a facer emendas como estas de priorizar, e cando se elimina a taxa de reposición intentar... Non. Nós chamamos o Goberno a contratar. Teñen os mecanismos legais, afirman ter os cartos. Se non hai mecanismos orzamentarios para facelo, nós temos defendido constantemente bastantes alternativas aos orzamentos que permiten ingresar máis. Hai gastos que se poden priorizar sobre outros, hai solucións legais, hai mecanismos normativos. Hai cartos para facelo, só queda facelo.

Porque, dicía un famoso xadrecista do século pasado que a estratexia é facer aquilo que hai que facer cando non hai nada que facer; entón, deséñanse cousas no aire; e a táctica é facer o que hai que facer cando toca facelo. E estamos no momento da táctica, non de dicir: haberá que contratar. Haberá que contratar, non, contraten, teñen a posibilidade, fágano. E cada día que pasa sen que vostedes fagan unha convocatoria grande, unha ofensiva na contratación para atención primaria, é un día perdido e son pacientes de menos que atendemos e son solucións de menos que temos no sistema. E non lle corresponde a ninguén máis que a este goberno facelo. E, a partir de aquí, todo o demais son excusas baratas, sexa para xusti-



ficar ao xefe, sexa para o que sexa. Contraten, poden facelo, deben facelo. E a partir de aquí todo o demais é falar por falar. Polo tanto, aí teñen esa oportunidade a través dese decreto, e nós cremos que é importante acudir a ela.

Ademais, falouse hoxe aquí da sanidade telemática, que é unha boa ferramenta, non unha solución. Non poñan palabras ao noso grupo e cousas que non dicimos, nós sempre a defendemos. É unha boa ferramenta, non é unha solución. Nós non compartimos, como dixo o señor Feijóo, que o futuro da sanidade sexa telemático, non o compartimos. É unha opinión, é unha apreciación estratéxica, por suposto moi respectable, pero non é a nosa posición. Nós compartimos que é un instrumento.

Ten algunhas dificultades, polas cales, como instrumento, ademais, ten debilidades. ¿Que dificultades ten? Pois que os maiores usuarios do sistema teñen máis dificultades para utilizar este sistema telemático; os nosos maiores, as persoas de máis idade teñen máis dificultades. Non é imposible, non é imposible. As aplicacións son sinxelas de manexar. En realidade, é útil e fácil, pero teñen dificultades, e hai máis dificultades porque hai unha fenda dixital en Galicia enorme. Non hai que ir a pobos que teñen dificultades de cobertura tremendas, en Pedrafita, en Chandrexa de Queixa, en Laxe, en Dozón, nin sequera. Nas cidades, nas periferias das cidades, hai problemas de cobertura, moitas veces, que dificultan a persoas. Non podemos facer depender unha atención urxente a ninguén de que teña ou non teña cobertura ou de que unha persoa dunha idade avanzada que non está acostumada manexa correctamente unha APP nun smartphone.

É un bo instrumento, unha boa ferramenta, pero non é unha solución. A solución está en ter máis profesionais. Porque a atención telemática dos profesionais non está sendo máis que dicirlles que, ademais de cincuenta pacientes que teñen ao día moitos deles —e negalo é mentir—, ademais diso, teñen vinte, vinte e cinco ou trinta chamadas. Eu teño un amigo que sempre chega tarde aos sitios porque di: non, paro aquí, que non é nada, e xa vou; pararse xa lle son cinco, dez, quince minutos. As chamadas telefónicas non é nada, son cinco minutos, son sete, son dez, son explicarlles a moitas persoas que ás veces teñen máis dificultades ou que están máis inseguras e precisan máis tempo o que necesitan facer ou cal é a explicación ao seu caso.

E, por tanto, temos esa dificultade, que tamén precisan tempo. E, por tanto, vinte chamadas máis non é un momentíño nada máis; vinte chamadas máis son tranquilamente dúas horas e media de traballo, como pouco. Por tanto, estamos cargando novamente profesionais de primaria, que eu creo que xa abonda dicir que están sobrecargados e sobrecargados. E, por tanto, non é unha solución en si mesma.

Nós —iso si, hai unha emenda; non sabemos que vai facer o BNG sobre a emenda— non compartimos a emenda do Partido Popular, pero se o BNG decide facer unha transacción e aceptala, estaríamos dispostos a ver as posibilidades para votar a favor. Nós queremos estar dentro da votación a favor desta iniciativa, pero, en todo caso, hai unhas cuestións que non nos gustan.

Sobre os rastrexadores vou intentar non falar máis, porque se non, en fin, xa mañá podemos falar de algo. Pero imos ser concretos. Non hai que priorizar no futuro, hai que contratar e



non hai que reforzar protocolos. Os protocolos, se se seguen, cúmprense. Reforzalos non sei se é dotalos de aceiro ou...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...mandalos ao ximnasio. Os protocolos cúmprense e existen ou non se cumpren porque non existen. Reforzar non sabemos moi ben que significa.

Por tanto, imos apoiar, abertos a, se existe unha transacción, intentar estar a favor. E, por tanto, nós compartimos todo isto que acabamos de dicir na nosa posición.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Teñen a solución nas mans. Tómena, ou, se non, estamos perdendo días.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Dicía a deputada do Partido Popular, señora Rodríguez-Vispo, que Galiza é o territorio con menor incidencia de coronavirus e que non é por casualidade. Eu dígolle que si, eu dígolle que é por casualidade, e a pesar de que a Xunta de Galiza non está facendo nada dos seus deberes. É, efectivamente, así, porque xa me dirán, se non é casualidade que non haxa máis incidencia, que en Galiza á data do 30 de setembro... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora PRADO CORES:** ...é dicir, hai cinco días, que o informe do Instituto Carlos III siga dicindo que o 77,7 % dos casos en Galiza non teñen orixe coñecida; é dicir, que hai transmisión comunitaria, e iso desde a orixe da pandemia. Nunca estes datos foron distintos. É dicir, unha media do 80 % sen saber onde se orixinan, e xa me dirán vostedes se non é casualidade que isto non estea convertido nunha situación máis dramática.

É froito pois das peculiaridades como habitamos, que non temos transportes públicos, desgraciadamente masificados, e outro tipo de cuestións. E, ademais, o grave é que a media do Estado está no 39,5 %, é dicir, 37 puntos por debaixo do que ten Galiza. É tremendo, é tremendo. E, a pesar diso, pois afortunadamente non temos máis consecuencias.

Dicía tamén a deputada que non hai médico de familia, non hai pediatras. Claro, o que non explica é porque non os hai, o que non explica é que fixo o Partido Popular para que os hou-



bera, ou máis ben o que fixo para que non os haxa, porque estaban advertidos e tiñan os datos desde hai máis de dez anos do que ía acontecer, porque a xente xubíbase e, a pesar diso, non implementaron medidas para que haxa.

Entón, responsabilidade dun goberno que leva once anos, algunha terán. Dígoo porque é moi fácil dicir: *es que no hay*. E ¿que fixeron? A cuestión é que fixeron ou que van facer para non seguir agachándose na ladaíña de que non hai profesionais, porque un goberno terá que actuar, non soamente comentar o que hai. (*Aplausos.*)

Señora deputada e señores deputados do Partido Popular, o BNG non fai brincadeiras co tema do rastrexo, non facemos brincadeiras, non, nin o reducimos a que haxa uns rastrexadores nunha nave. No BNG vimos demandando saber cal é o sistema de rastrexo, porque a día de hoxe seguimos sen saber quen rastrexa, como e de que forma; sabemos que hai unha nave, non sabemos con cantos traballadores; sabemos que un dos directivos desa nave ten relación directa familiar co presidente da Xunta, sabemos iso; sabemos que hai militares; sabemos que hai servizos de medicina preventiva, que hai servizos de alerta epidemiolóxica facendo algún seguimento. O que sabemos é que fundamentalmente son os profesionais de atención primaria os que, a maiores de todo o traballo que teñen, fan ese labor de rastrexo, porque non saben quen o está facendo.

Iso é o que sabemos, e o que queremos é que, se non teñen nada que ocultar, por que non clarifican cal é o sistema de rastrexo, quen fai que, cantas persoas, onde e de que forma. Así de fácil, clarifíqueno. Entón, se non o fan, é porque terán algo que ocultar. Levámolo pedindo insistentemente. Fágano dunha vez e acabamos co problema.

En canto á emenda, señora deputada, eu agradézolle o esforzo de remodelar a moción que presentou o BNG, pero vostedes o que veñen dicir é que se reforce o que está facendo. É que non se trata de reforzar, o que hai é que rectificar o que se está facendo, hai que rectificar o que se está facendo e rectificar a folla de ruta, saír desa zona de confort, e para iso o primeiro é que hai que recoñecer o que está acontecendo. E o que está acontecendo é que a atención primaria está ao límite, que os profesionais están ao límite, que a poboación ten dificultades de acceder ao sistema, á atención primaria, e que dunha vez por todas hai que eliminar as taxas de reposición. Por suposto.

Pero hai cousas que pode facer o Goberno da Xunta e que non está facendo. Primeiro, dotar de recursos a atención primaria. Levan co tema dos 102 millóns dende antes da pandemia. Non eran suficientes antes e agora son manifestamente insuficientes. E non saen dese discurso.

Poden rematar con esa política de contratación. Miren, este mes de setembro, o día 30 de setembro, ¿que denuncian os profesionais? Que ás nove e media da noite do día 30 de setembro estaban recibindo chamadas para incorporarse ao día seguinte porque moitos deles estaban rematando as vacacións e os contratos ese día e non houbera planificación para renovarllelos ou para mandalos a outro lado. Ás nove e media do día 30 estábanos chamando para que empezaran ás oito da mañá do día 1 de outubro. ¿Isto pode modificalo? Paréceme que si, ¿verdade? ¿Poden modificar non contratar a xente por uns días senón por contratos finalistas a respecto de que orixina o contrato? Poden modificar esa política de contratación.



Non o fan. ¿Por que? Por posición ideolóxica, porque para vostedes os profesionais son esas persoas sobre as que se lles enche a boca de soflama dicindo «*lo buenos que son*»...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...pero, coa outra man, o que están é maltratándoos e facendo unha política de persoal insostíbel.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** E remato xa, señor presidente.

Vostede fala na súa emenda dun modelo mixto. Claro, o modelo mixto pode ser 99 % telefónico e 1 % presencial, e iso é o que non pode ser. Terían que clarificar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...realmente en que consiste o modelo e pactalo, non intentar impoñelo aproveitando a pandemia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...como oportunidade para poñer en marcha un modelo de atención primaria que non é o que necesita nin o sistema nin a poboación nin os profesionais. Ese é o problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á votación da moción. Entendo que non se acepta a emenda, ¿verdade, señora Prado? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Grazas.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 na atención presencial da atención primaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que son as proposicións non de lei.





**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre a procura polo Goberno galego dun amplo acordo co sector turístico co fin de establecer un plan de choque para salvar o turismo**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Borja Vereá Fraiz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 1157 (11/PNP-000097).*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:*

*1. Seguir escoitando ao sector e seguir traballando activa e conxuntamente con el para a consecución dun gran acordo polo sector turístico, comprometéndose á elaboración dun Plan Director do Turismo de Galicia fronte aos efectos da Covid19, que adopte as medidas necesarias a corto prazo, para facer fronte de forma inmediata aos efectos da crise provocada pola pandemia. Para dito cometido, constituirase un comité de expertos con representantes de diferentes ámbitos que aporten a súa experiencia e coñecemento .*

*2. De cara a acadar un amplo consenso e a transversalidade do sector, solicitar ao Estado as medidas temporais nos ámbitos laborais, fiscais, comerciais entre outros, implementando canto antes os fondos que vén de activar Europa para que redunden en toda cadea de valor da actividade turística na nosa Comunidade Autónoma».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, deputados e deputadas.

Gustaríame comezar esta primeira intervención recoñecendo a miña satisfacción por dirixirme a vostedes por primeira vez como deputada do Grupo Parlamentario Socialista. Poucas situacións xeran máis orgullo que asumir a responsabilidade de legislar en temas como turismo e comercio, que son un factor determinante nestes momentos na nosa economía e na nosa sociedade.

Tamén quero aproveitar para amosar a miña solidariedade e enviar dende aquí unha mensaxe de agarimo a todas aquelas persoas que sufriron máis de preto a enfermidade da covid-19, xa sexa porque perderon algún familiar ou amigo ou porque a sufriron na súa propia pel. *(Aplausos.)*



A primeira reflexión que quero compartir cos deputados e deputadas é a necesidade de abordar este desafío histórico, como é a recuperación do sector turístico, dende a unidade, a unidade entre administracións, unidade entre o sector público e o sector privado, compartindo análises, necesidades e medidas. Esta unidade é máis necesaria que nunca, unidade ao redor dun sector que nos necesita, remando no mesmo sentido.

Todas e todos penso que compartimos a importancia das políticas públicas para saír desta crise. Depende de todas nós e de todos nós abordar o futuro do noso sector turístico con coraxe para que siga a ser clave para o benestar das galegas e dos galegos e sexa estratéxico nese modelo de produción sostible e moderno que nos gustaría ter.

A industria turística representa o 12 % do produto interior bruto e no 2019 xerou 123.000 empregos. Na situación pandémica actual o sector turístico foi —e é, sen dúbida— un dos sectores máis golpeados, e a súa recuperación será complexa co paso do tempo, debido a múltiples factores, que afectan tanto a demanda como a oferta.

Os destinos turísticos en Galicia, como ben saben todos vostedes, son principalmente as vilas con praia, os destinos gastronómicos, os espazos naturais e, sobre todo, os municipios do rural, o turismo rural.

O turismo nin quere nin pode competir coas necesidades básicas das persoas, pero, non obstante, é o garante da cobertura desas mesmas necesidades para milleiros de familias da nosa terra. Moitas persoas nesta comunidade dependen directamente do turismo para garantir a súa subsistencia e a das súas familias. O turismo é sinónimo de emprego, de dereitos sociais e da redistribución da riqueza. En definitiva, falamos de garantir a cohesión social, que tanto necesita este país.

Que o turismo poida seguir sendo unha fonte de riqueza está necesariamente condicionado a que poidamos protexelo e melloralo xuntos. O sector turístico e os turistas agardan por nós. Temos unha oportunidade de ouro para saír máis fortes desta crise actual. Todos e todas os aquí presentes sodes conscientes, coma min, das enormes virtudes e fortalezas que ten o noso turismo: unha variedade de produtos de alta calidade, un sector profesional e empresarial forte e experimentado, cheo de traballadores e de traballadoras excepcionais que amosaron o seu compromiso no peor da pandemia.

Aproveito para agradecer o enorme esforzo que o sector fixo dende o inicio da pandemia para garantir a saúde e seguridade dos turistas, dos traballadores e da poboación en xeral. (*Aplausos.*)

O sector turístico non pide nada que non sexa lóxico. Esta enorme industria só demanda a axuda esencial para poder sobrevivir e recuperar a súa forza. A Xunta de Galicia non ten unha liña de acción potente para a defensa e a reactivación do turismo, e o plan de reactivación da cultura e o turismo que aprobou na pandemia está superado, resulta insuficiente e carece de contido á altura dos retos.

O Goberno do señor Feijóo ten que impulsar medidas máis eficaces que amortezan o impacto desa crise e que sirvan de dique de contención para iniciar a recuperación económica canto



antes, e ten que ser unha actuación eficaz e eficiente para non deixar a ninguén atrás. O turismo ten que ser un sector estratéxico nas políticas públicas da Xunta de Galicia ante esta crise, e non está a ser neste momento un sector estratéxico.

Este goberno do Partido Popular, presidido polo señor Feijóo, ten que realizar unha inversión máis ambiciosa e transformadora do turismo galego. A Consellería de Turismo terá que avaliar todas as medidas necesarias para acompañar o sector neste tránsito e comprometerse cun sector clave para o conxunto da nosa economía e sociedade. O que quere o sector turístico son axudas directas; dixéronnolo en todas as reunións: axudas directas. Podemos asegurar que o turismo necesita das políticas públicas para manter a súa forza e a súa competitividade.

Nesta situación propoñemos dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia un grande acordo, un grande acordo polo turismo, do que formen parte a Xunta de Galicia, os concellos, os axentes sociais, os sindicatos e as asociacións empresariais. Este acordo tería como obxectivo que o turismo sexa considerado un sector estratéxico e prioritario para a Administración autonómica.

No marco deste acordo debe establecerse un plan de choque para salvar as empresas turísticas, aí como un sistema de protección do turismo en cuestións laborais, económicas, sociais e ambientais baseado na sostibilidade e que promova todas as accións necesarias para a recuperación da actividade, a pervivencia das empresas e o mantemento do emprego.

O Grupo Parlamentario Socialista é plenamente consciente dos efectos económicos e sociais que a pandemia provocou no sector, neste sector turístico do noso país, e, logo de escoitar os representantes das entidades, consideramos unha prioridade afrontar medidas de choque a curto prazo ante o forte impacto da covid-19 no sector turístico, así como para a súa modernización e diversificación, para que a nosa comunidade autónoma pase a ser un destino turístico prioritario dentro do noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a buscar un grande acordo polo sector turístico e deste xeito establecer un verdadeiro plan de choque para salvar o turismo na nosa comunidade autónoma.»

Estou concluíndo, señoras e señores, e fágoo esperando a boa disposición do Goberno da Xunta de Galicia para acordar as mellores políticas de apoio ao sector turístico e comprometer esa unidade que nos fará máis fortes. Espero o apoio de todos os grupos parlamentarios a esta proposición non de lei, e así comezar esta XI lexislatura, como dixó o presidente do Parlamento no seu discurso de apertura, con exemplaridade e consenso; consenso, consenso que fai falla neste Parlamento de Galicia.

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Gallego.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Por parte do grupo emendante, o Partido Popular, ten a palabra o señor Vereia Fraiz.

**O señor VEREA FRAIZ:** Grazas, presidenta.

O turismo ten que ser un sector estratéxico na recuperación, non só por ser un dos motores económicos máis debilitados e, polo tanto, máis necesitados de solucións concretas e específicas, senón tamén pola súa capacidade de arrastre do resto de motores económicos. Sabiamos que, se o turismo fallaba, fallaría o resto de cadeas de valor, e así quedou tristemente demostrado nestes meses.

Viñamos dunha tendencia positiva, dunha tendencia de crecemento, de récord en todos os indicadores turísticos, que quedou rachado nun momento crítico como foi o comezo da Semana Santa. Viñamos cunha mellora da competitividade, cunha mellora de máis cantidade de turistas, pero tamén de máis calidade de turistas, e —o que máis importante— un mellor valor engadido do noso produto turístico.

Como digo, chegou a pandemia e o Goberno actuou, actuou con inmediatez, e aprobou un plan; aprobou un plan o 30 de abril, en pleno confinamento, o plan de reactivación do sector turístico e cultural, dotado con 58 millóns de euros. Un plan —foi, ademais, a primeira comunidade autónoma en aprobar o dito plan— dedicado a estes dous sectores, cultural e turístico, e cunhas liñas de actuación claras, concretas e —o que é máis importante— liñas orzada. Un plan que buscaba, por petición do sector, destacar Galicia como un destino seguro.

Conseguiuse. Garantimos a seguridade dos traballadores turísticos, dos propios residentes e tamén dos operadores económicos.

Un plan con medidas de choque, como foron os protocolos hixiénico-sanitarios, como foron as medidas de formación e como foron as axudas directas para readaptar os establecementos hoteleiros e hostaleiros a unha situación de reapertura. E tamén unha serie de baterías que permitiron empezar xa a ensaiar unha situación de pospandemia.

Un plan completo, un plan serio, un plan solvente, con anticipación, con ese concepto de reactivación da cadea de valor do turismo e —o que é máis importante— un plan dinámico, un plan aberto, unha estratexia que, como digo, está aberta ás proposicións dos grupos parlamentarios, pero tamén de todos os axentes. Houbo diálogo, falouse con máis de douscentos trinta axentes, presentáronse cento setenta propostas concretas, e o 70 % desas propostas están incorporadas neste plan. Polo tanto, un plan con anticipación, con diálogo.

O propio vicepresidente da Xunta debullou aquí as estratexias de futuro do sector turístico, foi o primeiro conselleiro en comparecer, adicou ao turismo gran parte da súa comparecencia. Non é cuestión de enumerar aquí todas esas estratexias de futuro, pero todas agroman deses tres grandes eixos como son a innovación e a desestacionalización, a reformulación do Xacobeo de cara a esa década xacobeá e tamén, por suposto, o artellamento integral do sector turístico galego.

A pregunta que nos temos que facer é se o esforzo feito estes meses pola industria turística e as políticas activas levadas a cabo pola Xunta de Galicia serviron para algo. ¿Foron acer-



tadas? ¿Funcionaron? Humildemente, desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que si, resultaron claves para a rápida adaptación do sector e para trasladar esa mensaxe de Galicia como destino seguro. Isto, ademais, así o establecen os propios indicadores turísticos: quinta comunidade autónoma con máis turistas, 22 puntos de resistencia na caída da taxa turística respecto da media estatal, o 85 % dos nosos hoteis puideron abrir e as tarifas caeron menos que a media estatal, cando esta caeu ao redor dun 20 %.

A situación é complicada, señorías, por suposto, con moitas incertezas, pero tamén é importante que destaquemos que estamos resistindo e que resistimos mellor que o resto de comunidades autónomas.

Todas as competencias autonómicas, os orzamentos dispoñibles e a vontade política do Goberno —e seguro tamén deste Parlamento de Galicia— están concentradas en axudar, en reactivar o sector turístico. Pero hai medidas que nos desbordan, que van máis alá das competencias do Executivo autonómico ou do propio Lexislativo autonómico, medidas de alto impacto, medidas excepcionais, e a nosa responsabilidade é pedirilles ás administracións competentes, exixirlles que adopten as medidas de alto impacto das que estamos falando.

O propio Parlamento de Galicia aprobou a rebaixa do IVE turístico e cultural a un 4 % a semana pasada; entendemos que aliviará a carga fiscal e ademais dinamizará a demanda e, polo tanto, todo o sector. Pero hai máis medidas, como é a petición de fondos europeos especiais. E aquí falabamos na Comisión 6ª, señorías, da certa preocupación que hai no Grupo Parlamentario Popular polo desleixamento do señor Sánchez respecto da industria turística e destes fondos europeos. Hai unha advertencia moi clara, expresa, das autoridades europeas, da vicepresidenta da Competencia concretamente, que di —e cito— que *<<as autoridades españolas non se teñen posto en contacto coa Comisión Europea para solicitar un réxime específico de axudas ao sector turístico.>>* Quixeramos saber por que non se pediron estes fondos especiais para o turismo, como si fixeron outros países europeos, e se isto pode causar algún dano á industria turística galega.

Remato xa. O Grupo Parlamentario Popular —como fixo xa nunha proposta moi semellante na comisión—, na procura do maior consenso, entendendo que sería unha mensaxe importante que o Parlamento de Galicia trasladase fóra, ás industrias turísticas, a unanimidade, propón unha emenda con dous cambios moi sinxelos: poñer en valor o traballo feito ata o de agora, tanto pola industria turística como pola Administración, falar dun plan director xeral do turismo e, sobre todo, solicitar ao Goberno a mesma corresponsabilidade co sector que están tendo outras administracións.

Trallemos xuntos, señorías. O Goberno autonómico xa insistiu —e nós desde aquí insistimos tamén— en que está aberto a todas as propostas de mellora, a toda axuda que se lle preste, e coas portas abertas a todos aqueles que queiran sumar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Vereas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*





Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Presidente, deputados, deputadas, boas tardes.

Permítanme comezar a miña primeira intervención neste pleno cunha cuestión allea á iniciativa que imos tratar, para amosar o meu respecto e o apoio ás traballadoras e traballadores da antiga Ferroatlántica, hoxe Xeal, e aos traballadores da planta de Alcoa, en San Cibrao. A eles lles digo: a loita por manter os postos de traballo e por un futuro digno para vós e as vosas familias é xusta e necesaria e dende o BNG estaremos apoiándovos sempre. *(Aplausos.)*

Entrando xa na iniciativa do Grupo Parlamentario do PSOE, dicir que coincidimos na análise feita en canto a que a industria turística ten unha importancia, un impacto moi forte na economía galega; tamén en que na situación actual, en plena pandemia, o sector turístico foi un dos que máis se viu afectado, véndose especialmente castigada a hostalería; e que, dende logo, a recuperación somos conscientes de que vai ser dura e complicada.

Para o BNG o turismo ten que ser un sector estratéxico na actuación da Xunta, máxime no contexto de crise sanitaria e económica que vivimos. Anticipamos pois o voto favorable do BNG á iniciativa do PSOE, instando a Xunta de Galiza a buscar un grande acordo polo sector turístico, establecendo un plan de choque para salvar o turismo e conseguindo así que Galiza se vexa como un destino seguro.

Efectivamente, o plan da Xunta de reactivación da cultura e do turismo semella insuficiente. A pesar de que xa en abril foi anunciado a bombo e platillo pola Xunta, as dúbidas que xerou sobre a súa efectividade real víronse confirmadas polo sentir xeral dos sectores turístico e cultural, que entendían que o plan adolece de eivas importantes que condicionan o que debería ser o seu obxectivo principal, que non é outro que ter un efecto sanador ou, cando menos, paliativo sobre os grandísimos problemas que sofre o sector.

Certo é que no plan se recollen determinadas medidas económicas dirixidas a pemes e autónomos en forma de préstamos. Pero nas diferentes reunións mantidas co sector polo Grupo Parlamentario do BNG o que nos transmiten eses autónomos é que son reticentes a endebedarse, aínda cunhas condicións que puideran parecer favorábeis. E son reticentes porque, vendo a evolución da pandemia, non teñen certeza ningunha de poder seguir desempeñando a súa actividade a curto ou medio prazo cunha certa normalidade e xerando uns beneficios aceptábeis que cando menos lles permitan resistir, polo que o que se preguntan moitos é: endebedarse, ¿para que?

Ese plan de reactivación non lles soubo transmitir algo que entendemos que é fundamental: non lles transmitiu confianza; confianza nas medidas adoptadas polas administracións competentes, e con ese plan a Xunta non acadou transmitir esa confianza.

E, directamente relacionado con isto, é necesario poñer enriba da mesa e no debe da actuación da Xunta que o plan non recolla unha das demandas nas que máis insisten os axentes do sector: a articulación de liñas de axuda directa aos traballadores autónomos mediante unha prestación económica. No plan de reactivación anunciado para o turismo e a cultura



non hai nin unha soa palabra respecto das liñas de axuda directas para os autónomos. E isto non é unha cuestión baladí. Cando os gobernos da maioría das comunidades autónomas —por non dicir todas— abriron esas liñas directas de axuda a autónomos, todos, agás o Goberno da Xunta de Galiza, gobernos como o de Castilla-La Mancha, Baleares, Cantabria, Aragón ou Madrid, A Rioxa ou Euskadi, gobernos de todas as cores políticas, articularon liñas de axuda directas que permitisen aos autónomos afrontar gastos que se seguiron devengando a pesar da merma de ingresos.

As necesarias medidas sanitarias adoptadas provocaron que moitos autónomos do sector turístico e cultural non puidesen abrir os seus negocios durante moito tempo ou, cando os puideron abrir, a súa actividade quedase limitada polas restricións de horario de apertura. E nesta situación a pervivencia destes negocios anóase directamente a que cando menos dende a Xunta se tivesen articulado esas liñas directas de apoio aos autónomos en forma de prestacións económicas a fondo perdido. Pero dende a Xunta de Galiza nada se fixo neste sentido.

Con estas axudas directas os autónomos poderían asumir, cando menos, os chamados gastos estruturais xerados polos seus negocios; e refírome a gastos de luz, de auga, de alugueiro, de mantemento de equipos ou de instalacións, que non son compensados por ningunha das medidas implementadas pola Xunta. De contaren con esas axudas, verían aliviada cando menos unha situación xa de por si dramática e poderían resistir.

Especialmente grave é a situación da hostalería e, dentro dela —como xa dixen—, a do ocio nocturno. E de non implementarse medidas dende as administracións competentes, o golpe pode ser mortal, cunhas consecuencias que poden ser moi graves polo efecto arrastre do peche destes establecementos sobre outros sectores, como pode ser o da distribución de produtos destinados a hostalería, mesmo das empresas de limpeza ou dos técnicos de son. Neste sector determinadas medidas adoptadas pola Xunta, como a de pechar os establecementos de lecer nocturno, supuxeron que estes concretos establecementos permanecesen sen actividade ningunha dende o estalido da pandemia ata primeiros de setembro, máis de seis meses. Non aconteceu o mesmo, curiosamente, cos casinos e salas de xogo, nos que tamén se toman copas.

Foi a mediados de setembro cando a Xunta lles permitiu retomar a súa actividade aos chamados locais de ocio nocturno coas mesmas restricións horarias que os bares e cafeterías, pero limitando esa actividade ás terrazas. A rectificación da Xunta estivo provocada seguramente polas mobilizacións do sector do lecer nocturno, que se sentían discriminados —cando non criminalizados— respecto do resto de establecementos de hostalería; medida da Xunta que se intentou dalgunha maneira parchear co agravio que se cometeu cara a estes locais en relación co resto de establecementos, pero que na práctica constitúe unha medida puramente cosmética e claramente insuficiente, xa que a maior parte das salas concerto, dos cafés espectáculo ou mesmo dos pubs, por exemplo, carecen de terraza, vendo moi limitados así os seus ingresos; ou, no caso das salas concerto, eses ingresos son totalmente inexistentes.

Por iso, dende o BNG entendemos que é necesaria unha actuación da Xunta tendente a igualar as condicións de apertura e actividade do conxunto de establecementos de hostalería, restauración e ocio nocturno, pero —quede claro— mantendo ou implementando as medidas



hixiénico-sanitarias e de restrición de aforo e horario que sexan necesarias se a situación epidemiolóxica así o require, porque o fundamental é garantir a saúde dos galegos e das galegas; o fundamental ten que ser sempre a saúde. (*Aplausos.*)

Así mesmo, parte do sector cultural atópase, dende o comezo da pandemia, en marzo, paralizado, directamente sen actividade ou cunha actividade mínima, condicionada —como xa dixemos— polas medidas hixiénico-sanitarias e polas restricións horarias, que son necesarias. No caso dos teatros, cines ou actuacións musicais, sobre todo en salas ou outros espazos cerrados, teñen a dificultade engadida de que, aínda que as restricións sanitarias se vaian suavizando pola desexable melloría da situación epidemiolóxica, deberán recuperar a confianza dos asistentes a eventos, e isto suporá para eles que a volta á normalidade, a volta a un nivel de ingresos aceptábel, tardará máis.

A crise sanitaria aféctanos a todos pero sobre todo a cidades como Santiago, nas que o turismo e a cultura actúan como motor económico. De aí que dende o BNG a nosa portavoz nacional falase esta fin de semana en Santiago da necesidade dun plan específico de rescate para o comercio, a hostalería e o turismo da cidade. Porque o plan de reactivación da Xunta aférrase case exclusivamente ao Xacobeo 21 como a un cáliz de salvación para saír da crise orixinada pola covid-19 no sector turístico. E isto supón non visibilizar nin incentivar a amplitude e diversidade do sector turístico galego. E —non me entendan mal— dende o BNG sabemos da importancia do Xacobeo, pero entendemos que o sector turístico galego é moito máis amplo e diverso e merece e precisa doutros plantexamentos.

Por iso, indo máis aló do recollido na iniciativa do PSOE, e sabendo que Galiza dende o punto de vista turístico é moito máis que praia, gastronomía e Xacobeo, o BNG entende imprescindible unha redefinición do modelo e a estratexia turística de Galiza, buscando, en primeiro lugar, a profesionalización do sector, para así facelo máis competitivo, ao tempo que se incrementa a calidade no destino; que o turismo sexa unha actividade transversal, para o que habería que darlle un papel importante nas estruturas de planificación territorial, urbanística, paisaxística e mesmo económica, das que o turismo vai convivir. E para iso é fundamental involucrar os axentes sociais, as entidades locais e os axentes de xestión do turismo do país na redefinición do modelo.

Tamén é importante a desestacionalización —ben, que veñan todo o ano— dos fluxos turísticos para así ampliar as tempadas máis fortes a través de alternativas de turismo social, dirixido sobre todo, por exemplo, a escolares ou á terceira idade, e potenciar o turismo interior, que se está revelando no contexto actual —e quizá tamén nos próximos anos— como vital para a pervivencia do sector.

Buscar tamén a necesaria redefinición do Xacobeo e dos seus obxectivos turísticos e culturais, que debe ir acompañada dunha diversificación das propostas turísticas de Galiza. A comparecencia hai uns días en comisión da señora Nava Castro, que se atopa á fronte do departamento de Turismo, solicitada para que concretase a anunciada reformulación do Xacobeo feita polo señor Feijóo no debate de investidura e polo señor Rueda cando compareceu en pleno, deixou máis interrogantes que certezas, porque nada se concretou. E dado o tempo transcorrido dende o comezo da pandemia, o que se debe dar dende os gobernos é confianza, traballar e xerar confianza, e a Xunta non o está a facer.



Xa para rematar, incidir en que consideramos necesario ese grande acordo polo sector e fixar un plan de choque moito máis ambicioso que o de reactivación anunciado pola Xunta, que salve o turismo do noso país e permita que os axentes do mundo da cultura poidan afrontar cun mínimo de esperanza a difícil situación que nos vén enriba.

Convén recordar que a cultura, ademais de alimentar a alma, fai de Galiza un destino atractivo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** ...con todo o que iso supón. —Un minuto, señoría—. Un país que non coida a súa cultura é un país condenado ao esquecemento e á perda da *vis* atractiva. Coi-demos pois a nosa cultura e, por extensión, a posibilidade de seguir xerando riqueza no país. E isto exige da Xunta de Galiza actuacións que, poñendo sempre por diante a saúde das persoas, xeren confianza en que se pode saír desta crise terrible e sobre todo xeren esperanza.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Un goberno pode equivocarse, pode e debe rectificar e continuar coas súas políticas, pero o que non pode facer nunca é permanecer inmóbil ou caer na autocompracencia, e menos nunha situación como a que estamos a vivir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Vou empezar por contestarlle ao señor Vereá. ¿As políticas funcionaron? Non, xa lle digo. Non hai máis que falar co sector do turismo nestas reunións que tivemos estes días. Xa lle digo: ¿as políticas funcionaron? Non, e non hai máis que reunirse con eles. E —insisto— o plan de reactivación cultural e de turismo é insuficiente.

Despois, vostede falou aquí da intervención do vicepresidente da Xunta, agora tamén conselleiro de Turismo. Pois si, o que se dedican a facer son anuncios, é ao que se dedica a facer o señor Rueda. Anunciou —iso que vostede acaba de dicir— a reformulación do Xacobeo, tanto el como o señor Feijóo. E o compañeiro do BNG tamén fixo referencia a que o outro día a directora xeral de Turismo deixounos como estabamos. Non sabemos que vai pasar co Xacobeo 2021, non sabemos que medidas, que orzamentos, que se vai facer. A verdade, faltan tres meses, o Xacobeo 2021 está aí e aínda non se sabe. Pero non é que non o saibamos nós —que, ben, vale—, non o sabe o sector turístico, que iso é o que máis importa realmente; o que importa é que non o saiba o sector turístico. Despois, tamén na súa comparecencia, efec-



tivamente, falou o señor Rueda da desestacionalización do turismo; vale. ¿Que medidas vai tomar, con que orzamentos? Non se sabe.

Innovación no turismo, quere apostar pola innovación no turismo, outro anuncio máis, máis anuncios, aquí só se fai anunciar cousas, pero medidas concretas, ningunha, ningunha medida concreta. Porque, tamén, ¿como se vai facer esa innovación, que medidas, con que orzamento? A verdade, quero que quede claro: o sector turístico quere axudas, non quere máis anuncios e máis anuncios e máis anuncios; simplemente queren axudas.

E un pequeno inciso, que quero comentarlle. A ministra de Industria, Comercio e Turismo o 28 de setembro estivo reunida para un plan de choque europeo para rescatar o sector turístico. Simplemente. O día 28 de setembro. Porque vexo que están preocupados polo Goberno central, pois... E, a todo isto, 25.000 millóns de euros que está investindo o Goberno central no sector turístico. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si. Si, señora Prado, si. Vale. Entón..., moi ben. (*Murmurios.*) Si, son moitos, efectivamente, si... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, vale.

Quero seguir dicindo que me gustaría que houbo un consenso, como dixen anteriormente, porque a forma de axudar o sector turístico é facer políticas activas e poñer á disposición do sector turístico axudas económicas, para así darlle o pulo que necesita este sector para saír da crise. E estamos aquí para traballar a prol do sector turístico, por esas traballadoras, eses traballadores que non saben que vai pasar dentro duns meses co seu traballo.

Tomen nota, señores deputados e deputadas do Partido Popular, e poñan en marcha medidas concretas con orzamentos dignos para paliar esta crise na que está inmerso o sector turístico. Os deputados e deputadas estamos aquí para traballar por un turismo para todos e para todas, temos que traballar por un turismo de calidade. Galicia ten un gran potencial neste sector, traballaremos para que se converta nun gran destino turístico do noso país.

E xa remato cunha reflexión para todos e para todas: non esquezan, señores deputados e deputadas, que todos nós estamos aquí para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Moitas grazas a todos e a todas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Gallego.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre a constitución no Parlamento de Galicia dunha ponencia para elaborar unha proposta de cara á negociación da distribución dos fondos europeos para abordar as consecuencias da covid-19, para a súa defensa por parte da Xunta de Galicia diante do Goberno central mediante negociacións bilaterais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.





*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 1507).*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia:*

*1º) Recoñece o papel da UE de dotar cun importe histórico a partida de fondos europeos para a recuperación da crise covid19, así como recoñecer o papel do goberno de España na consecución deses fondos.*

*2º) Insta ao Goberno galego a dirixirse aos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados para sacar adiante os Orzamentos Xerais do Estado para 2021, por ser esta unha vía relevante para que os fondos extraordinarios europeos previstos para paliar os efectos da crise social e da crise económica derivadas da pandemia da covid-19 podan canalizarse de forma áxil polo Estado a investimentos, convocatorias, comunidades autónomas e concellos, entre outras vías, beneficiando así aos galegos e galegas.*

*3º) Acorda constituír, vinculado á comisión parlamentaria de reactivación, un grupo de traballo, ponencia ou subcomisión no Parlamento de Galicia para perfilar a posición de Galicia ante o fondo covid19 e as propostas de proxectos a potenciar desde a Xunta.*

*4º) Insta ao Goberno galego a traballar inmediatamente, en colaboración con outras institucións e entidades públicas e privadas, na preparación e desenvolvemento de proxectos solventes e relevantes para Galicia e que permitan á nosa comunidade optar aos fondos europeos extraordinarios co fin de paliar os efectos da covid-19».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Pedro Puy Fraga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 1507) (11/PNP-000138).*

*Emenda de substitución.*

*Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia manifesta a súa vontade de elaborar unha proposta de consenso no seo da comisión de estudo para a reactivación económica social e cultural de Galicia pola crise da Covid 19 para ser defendida pola Xunta de Galicia ante a administración xeral do estado de cara á distribución do fondos extraordinarios procedentes da Unión Europea para a recuperación tras a Covid-19».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego traemos unha proposta que nos parece que é urxente e que é imprescindible neste momento e sobre a que, con independencia das diferentes lecturas e análises e visións do que é ou debера ser a Unión Europea e o seu papel nesta crise que podemos ter cada unha das organizacións políticas aquí representadas, para nós hai unha cuestión que debера ser común: todos e todas deberamos ter aspiración de estar á altura diante das negociacións que se van abrir, que están abertas xa, e que van decidir que recursos ten ou non ten o noso país para abordar a crise da covid-19.

Temos obriga —ou pensamos iso cando menos desde o Bloque Nacionalista Galego— de aspirar a consensuar unha posición de país, hoxe máis que nunca, porque neste contexto Galiza vai xogar moitas cousas, e moi importantes, neste escenario. Dúas delas son ter capacidade de decisión e ter recursos económicos. Polo tanto, entendemos que non podemos continuar de espectadores agardando que outros decidan por nós. Porque, ademais, estamos xogando tamén as consecuencias que vai ter para o noso país toda esa letra pequena do que en realidade para nós é un novo rescate europeo.

Pensamos, polo tanto, que Galiza, o noso país, debера aspirar a ter unha posición política propia neste escenario, que xa está aberto, tanto sobre os fondos europeos como sobre esta condicionalidade. E temos que defender o noso dereito a decidir sobre cales son as nosas prioridades e cales entendemos tamén que deben ser as contías que nos corresponden. Non podemos, polo tanto, adoptar unha posición que se está vendo como subsidiaria do que o Estado decida para nós, porque sobre todo sabemos a experiencia do pasado e sempre que iso aconteceu Galiza perdeu; temos historiografía abonda sobre esta cuestión. Temos falado tamén moitas veces nesta cámara das consecuencias, por exemplo, no sector leiteiro, no sector pesqueiro, no sector do naval e en moitos outros. E agora mesmo temos que atender a realidade do noso presente, e entendemos que o Parlamento galego non pode permanecer alleo.

O Consello Europeo celebrado entre o 17 e o 21 de xullo deste ano 2020 decidiu poñer en marcha un novo instrumento financeiro-económico ao servizo da recuperación da covid-19, o denominado Next Generation, 750.000 millóns de euros, dos que ao Estado español lle corresponderían 140.000, uns 77.000 aproximadamente en axudas e 63.000 en préstamos, todo isto, por certo, dependendo tamén de como vaian os acontecementos, porque non podemos ignorar que enriba da mesa hai tamén un intento de bloqueo por parte de países gobernados pola extrema dereita, como é o caso de Hungría ou de Polonia.

En todo caso, neste contexto, entendemos que é urxente que haxa un debate profundo neste país, e para o Bloque Nacionalista Galego hai varias cuestións que temos que abordar nesta cámara e que temos que ter en conta para reaccionar diante delas.

En primeiro lugar, eu creo que é importante que recordemos que este fondo non sae da nada, non son recursos *ex novo*, senón que en boa parte detráense do cadro financeiro plurianual previsto para o período de 2021 a 2027. Polo tanto, vemos que se reduce tanto respecto da



programación inicial que aprobara a Comisión en 2018 como respecto do debatido tamén a comezos deste ano 2020, antes da pandemia. Hai fondos importantes que van ver detraídos recursos tamén importantes. Podemos citar, por exemplo, o Fondo de Desenvolvemento Rural (Feder) ou podemos falar do Fondo para a Transición Xusta, que, xusto nun momento onde o noso país vai ver as consecuencias do peche das centrais térmicas, pois precisamente ese fondo vaise ver reducido e iso vai ser negativo para nós.

En segundo lugar, pensamos que tamén hai que falar sobre a propia dotación do fondo. Sen desmerecer que é unha contía considerable, tampouco podemos ignorar que é inferior ás propias demandas que facía o Parlamento Europeo, que rondaban os 2 billóns, ou a caída prevista do propio produto interior bruto para 2020 a nivel europeo, que supera os 1,3 billóns.

Tamén, por poñer as cuestións en perspectiva, podemos ver como un dos fondos máis importantes deste paquete de reconstrución, o Fondo de Recuperación e Resiliencia, é a metade do que xa se dispoñibilizou para o rescate dos mercados financeiros. Polo tanto, unha vez máis vemos ese dilema, esa pregunta de a quen se rescatará desta volta, se outra vez as entidades financeiras ou se as persoas e os territorios que o precisen.

Pensamos que tamén hai que ter en conta o debate que está habendo xa sobre o previsible atraso de todas estas cuestións das que estamos falando, algo do que xa advirte Alemaña e outros foros. Tamén a todo isto podemos indicar tamén que desde a perspectiva do Bloque Nacionalista Galego non é menor o que aconteceu nos anos anteriores, na era precoronavirus, onde a deficiente xestión tanto por parte do Estado español como da Xunta de Galiza dos fondos europeos tamén nos sitúan nunha posición máis delicada. Podemos recordar, por exemplo, que o Estado español só gastou o 26 % dos fondos estruturais 2014-2020 ou podemos ver a escasa execución do PDR por parte da Xunta de Galiza.

Hai unha terceira cuestión que tamén nos parece importante poñer enriba da mesa, diante da que temos que reaccionar, que son os criterios de repartición destes fondos. Sabemos hoxe cales son os criterios para repartir os Estados, pero nada sabe o noso país e aparentemente nada demandou Galiza sobre os criterios que vai aplicar o Estado para decidir el cara a onde van os fondos. E, desde logo, nós xa podemos intuír que aí imos ter algunha discrepancia. Se se aplican directamente os mesmos que se aplican os Estados membros, sabemos que hai factores de distorsión, que hai elementos como o avellentamento, como a dispersión poboacional, como a perda de mocidade, que non se teñen en conta e que para o noso país sería fundamental. E non sabemos tampouco se o Estado é permeable ou non a aplicar criterios que xa temos negociado para a repartición doutros fondos. Temos a experiencia negativa do propio fondo do Estado respecto da covid, que non nos satisfai. Polo tanto, entendemos que isto require dunha reacción.

A día de hoxe, non sabemos se a Xunta de Galiza tan sequera ten unha estimación feita de canto nos correspondería como país. Temos que definir desde este parlamento que consideramos que sería xusto e como queremos decidir sobre as cuestións ás que debe destinarse.

Sobre todo, porque nós advertimos tamén dunha cuarta cuestión, que é que estamos diante dunha nova ofensiva recentralizadora. Sabemos, por unha banda, que estes fondos maiori-



tariamente non teñen un programa territorializado, a diferenza do que acontecía ata agora con algúns dos que xa persistían, e sabemos tamén que estas políticas comunitarias están a intentar ser aproveitadas polo propio Estado español como unha ofensiva recentralizadora. Como exemplo, que se vai decidir sobre moitos ámbitos que corresponden estatutariamente a esta cámara e que corresponden a este país e quen está tomando as decisións é o Goberno central. Entendemos que isto non é tolerable.

E tamén hai algo moi importante, en quinto lugar, sobre o que deberíamos ter un debate profundo neste país, que é cal é a letra pequena, cal é a condicionalidade dos fondos que sabemos que están en xogo e que aínda non sabemos se imos recibir ou non, porque nós —insistimos— pensamos que non deixan de ser un rescate —de aí a condicionalidade que se lles exige aos Estados— e que sabemos xa, polo que advirten os semestres europeos anteriores, que inclúen unha axenda neoliberal que xa temos discutido moitas veces neste parlamento, con cuestións como abrir novamente o debate sobre a elevación da idade de xubilación ou sobre os límites do gasto público e moitas outras cuestións.

Nós sabemos que neste ámbito hai diferenzas políticas entres as forzas que estamos aquí. Pero, en todo caso, o que non é lexítimo é que se aproveite esta situación de pandemia e a necesidade duns fondos económicos para impor unha lectura única e sen que iso teña un debate neste país.

En conclusión, nós pensamos que estamos no momento de dar pasos. No debate anterior saíu a colación por parte do interviniente do Partido Popular a necesidade de aspirar a fondos europeos nun ámbito concreto, o turístico, pero, en todo caso, o que temos que ver é que agora mesmo, como país, xogamos facer esa visión de absolutamente todos os ámbitos e que imos tarde.

Hai algo que é moi relevante, que é que non está todo decidido, hai moitos dos aspectos destes fondos que aínda ten que ratificar o Parlamento Europeo, e, polo tanto, iso dános unha oportunidade, dános marxe de actuación para poder intervir politicamente. Pero temos que ser conscientes tamén de que o calendario aperta, de que probablemente esta iniciativa xa vai tarde. Era moito mellor que hai quince días o presidente da Xunta de Galiza tivera collido o guante que lle botaba o Bloque Nacionalista Galego na sesión de control ofrecéndose a ter unha posición de país neste asunto.

En todo caso, sabemos, polas declaracións do señor Pedro Sánchez o outro día no contubernio da illa da Toxa —que non Toja (*Aplausos.*)—, que mañá coñeceremos cales son as liñas mestras que defende o Estado español para estes fondos europeos. Pero seguimos sen saber que liñas mestras defende ou vai defender este país. Deducimos que Galiza tivo cero presenza nese debate, o contrario do que estamos vendo, por exemplo, desde o exemplo de Euskadi —valla a redundancia—. Sabemos tamén que o 26 de outubro vai haber unha Conferencia de Presidentes. Polo tanto, hoxe o que propoñemos é que este parlamento se poña a andar, que busque a través dunha ponencia nesta cámara unha posición de país, porque xogamos moito.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non vai ser indiferente para este país conseguir ter peso e voz propia na negociación destes fondos europeos ou que unha vez máis decidan por nós.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Hoxe quero comezar a miña primeira intervención en pleno desta XI lexislatura recordando, amargamente e con moito pesar, as persoas que faleceron durante estes meses como consecuencia da covid-19, delas 765 persoas en Galicia. Tamén quero recordar as persoas que padeceron este virus e que o superaron, hoxe 4.101 casos activos en Galicia. E tamén quero poñer de relevo as persoas que padeceron ou están a padecer as terribles consecuencias desta crise sanitaria na súa vertente económica ou na súa vertente social. Unha pandemia que nos ten mudado a vida, que chegou sen avisar a un mundo que non estaba preparado para facerlle fronte, poñendo de manifesto moitas fragilidades e confirmando que anos e anos de recortes nos servizos públicos, nomeadamente en sanidade e en políticas sociais, impediron ter un sistema forte e preparado, máis alá dos profesionais que o compoñen, para atender sen colapsos as novas necesidades que traería este virus.

Ante esta extraordinaria situación, o Goberno de Pedro Sánchez tomou medidas con urxencia, coa inmediatez que requiría a situación e poñendo os recursos públicos ao dispor daquelas persoas máis vulnerables, para que ninguén quedara desprotexido.

A declaración do estado de alarma e o confinamento da poboación evitaron a propagación do virus e que os seus efectos fosen aínda máis devastadores.

A protección dos traballadores e traballadoras e das persoas autónomas evitou poñer en grave risco a economía da sociedade no seu conxunto; máis de 272.000 persoas en ERTE en Galicia e protección para máis de 68.000 persoas autónomas que viron reducida a súa actividade ou tiveron que pechar o seu negocio.

Esta situación tamén puxo de manifesto a fragilidade dentro da Unión Europea, que tam pouco estaba preparada para facer fronte a esta nova crise, ao non contar cos instrumentos comunitarios necesarios para combatela de xeito inmediato, colectivo, eficaz e solidario. Porén, e a diferenza da anterior crise de 2008, a Unión Europea reaccionou de xeito diferente e de maneira moito máis áxil.





O Goberno de España, dende o primeiro momento, xunto con outros países gravemente afectados pola covid, liderou a defensa da necesidade de adoptar un paquete de estímulos fiscais a nivel comunitario, capaz de asentar a recuperación económica sen deixar a ninguén atrás.

Así, no Consello Europeo do 21 de xullo os líderes europeos pecharon un acordo histórico para a creación dun fondo de recuperación e resiliencia, coñecido como Next Generation EU, por valor de 750.000 millóns de euros, para investir na reactivación económica no período 2021 a 2023, sendo España un dos Estados membros máis beneficiados deste fondo de recuperación, que vai percibir 140.000 millóns de euros, cos parámetros establecidos pola propia Unión Europea: poboación, impacto no PIB da crise sanitaria e niveis de desempregados dos países receptores; un fondo de recuperación que ten que servir para impulsar a recuperación da economía española e propiciar a transformación do seu modelo produtivo.

Este acordo supuxo unha gran noticia para o Estado español e, polo tanto, unha gran noticia para Galicia. Mais, non obstante, unha vez que foi pechado este acordo, tivemos que ver con asombro como se iniciou unha pugna entre algunhas comunidades autónomas pola repartición dos ditos fondos, fundamentalmente por aquelas comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular, e asombrámonos novamente ante as declaracións do presidente da Xunta de Galicia. O presidente Feijóo exixía coñecer a cifra exacta e as condicións para recibir os fondos, sen explicar que parámetros defendía para a súa repartición e ignorando que estes fondos non consisten en repartir fondos entre as comunidades autónomas, senón en acordar plans nacionais entre todos para reclamar o financiamento. É dicir, unha vez máis, o presidente da Xunta de Galicia perde o tempo en enredar, no canto de aproveitalo en traballar para sacar canto antes Galicia desta crise para que ninguén quede atrás.

Por certo, debemos recordarlle ao presidente Feijóo que, se vemos a execución dos fondos europeos estruturais e de investimento que xa ten adxudicados Galicia neste momento —e falo de datos do 18 de setembro deste ano, é dicir, de hai uns días—, resulta que Galicia non chega nin a un 48 % de execución destes fondos.

Pois ben, mentres algunhas comunidades gobernadas polo Partido Popular, entre elas Galicia, voltaban poñer paus nas rodas, o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, emprazaba os presidentes das comunidades autónomas á XV Conferencia de Presidentes autonómicos, que se teñen desenvolvido dende o inicio do estado de alarma, e nesta solicitaba aos líderes autonómicos acometer a tarefa con unidade. Canta máis unidade haxa, máis rápido e máis fortes sairemos desta emerxencia sanitaria, económica e social.

Anunciábase tamén nesta conferencia o procedemento que se ía seguir para a distribución dos fondos, creando unha comisión interministerial, presidida polo propio presidente do Goberno, unha conferencia sectorial da ministra de Facenda e os seus homólogos nas comunidades autónomas, nas que se lles daría por primeira vez voz ás entidades locais, e unha unidade de seguimento do fondo de recuperación. É dicir, fronte á crispación de Feijóo e do seu xefe, o señor Casado, o señor Pedro Sánchez traballa e crea procesos de cogobernanza con todas as administracións públicas.



Para a liberación dos fondos para cada Estado membro, deberán solicitálos presentando plans de investimento e de reformas orientados a impulsar o potencial de crecemento, a creación de emprego e a resiliencia económica e social, e tendo en conta as prioridades establecidas para a distribución dos cartos, como son a transición dixital e a ecolóxica, a cohesión social e a igualdade de xénero.

Este fondo de recuperación é unha oportunidade única para o noso país, unha oportunidade que Galicia non pode deixar pasar. Temos que dotarnos das ferramentas máis poderosas para poder optar a estes fondos e contribuír dunha vez por todas a revertir a sangría demográfica que levamos padecendo durante os once anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Señores e señoras, nunha década levamos perdidos máis de 96.000 habitantes no noso país. Temos que minimizar os importantes desequilibrios socioeconómicos que xa existían no noso país. Mirade, no primeiro trimestre de 2020, 75.200 fogares sen ingresos, sen ningún ingreso no noso país, e temos que aproveitar para contrarrestar a dinámica de atonía económica da última década gobernada polo señor Núñez Feijóo. Once anos sen política industrial e cunhas políticas de emprego erradas e pouco ambiciosas, como demostra o feito de que no cuarto trimestre de 2019 temos 46.200 persoas ocupadas menos do que había hai dez anos, no cuarto trimestre de 2009.

Esta pandemia ten contribuído a agrandar e agravar estas diferenzas, estas dificultades que xa existían en Galicia. Xa que logo, os fondos de recuperación teñen que servir para aproveitar o noso rico e dinámico tecido produtivo en campos cruciais para a transición ecolóxica e dixital, como son as enerxías renovables, a construción naval ou a mobilidade sustentable.

Galicia ten que elaborar un plan global, co obxectivo non só de combater as consecuencias negativas da pandemia, senón para reconstruír un novo modelo produtivo capaz de facer fronte ás revolucións ecolóxica e dixital dende a xustiza social.

A nosa pregunta é, señores e señoras do Partido Popular: ¿está Galicia preparada para rendibilizar a nova senda económica europea? Porque, sen ela, non haberá reconstrución e teremos perdido novamente unha oportunidade única na senda do crecemento.

Os socialistas queremos emprazar dende aquí os grupos parlamentarios galegos, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, para traballar conxuntamente. Non é o momento de poñer en dúbida a nosa unión como país. Non é o momento de buscar liortas partidistas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ... —remato xa, señor presidente—, é o momento de unirmos e loitar xuntos contra esta pandemia que está a afectar a vida dos homes e das mulleres do noso país e de minimizar os efectos económicos e sociais derivados desta crise sanitaria provocada pola covid-19.

Solicitámoslle ao presidente Feijóo que se dirixa ao seu xefe, ao señor Casado,...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e emprace os seus compañeiros no Congreso para que apoiem os orzamentos xerais do Estado para 2021, para poder recibir e canalizar estes 140.000 millóns de euros para España, e, polo tanto,... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Señora Rodríguez Rumbo, xa rematou o seu tempo. Moitas grazas. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo, xa rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Puy Fraga.

**O señor PUY FRAGA:** *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* ...basicamente, que é a procura dun consenso sobre que proxectos presentar para canalizar as axudas europeas a Galicia, se faga a través dunha ponencia. Isto é o que pide. Non obstante, ten a virtualidade de que abre un debate que creo que é moi importante, moi transcendente, desde logo moito máis que o de poñerse medallas un a si mesmo, que é o debate de como valorar e como tratar a axuda inxente que está a tramitar a Unión Europea, certamente a facelo a través dos Estados, que son os que teñen que presentar o plan xeral, sobre o que despois as comunidades autónomas, os concellos e mesmo a empresa privada —porque hai financiamento tamén para a colaboración público-privada— colgan dese plan un proxecto xeral.

Tamén, o debate sobre as formas de como podemos poñernos de acordo.

E, finalmente, eu quixera facer tamén unha pequena valoración política, pero o importante, o principal, creo que é o tema europeo. Eu a verdade é que sentín ata un pouco de... non sei como dicilo, pero chamoume a atención o enfoque que lle deu a portavoz do Bloque —que eu lle agradezo, porque foi na procura dun acordo, cousa que sería interesante nesta sesión—, o enfoque que lle deu a que, segundo a opinión que teñamos cada un da Unión Europea, pois o importante agora é aproveitar os fondos. Ben, iso é un recoñecemento de algo, é o recoñecemento de que a Unión Europea está funcionando e está funcionando ben.

Se un le a exposición de motivos desta proposición non de lei, pois é que un queda ata certo punto abraiado. Empréganse vocábulos como que a Unión Europea está a ser insolidaria ou que esta é unha crise que a propia Unión Europea, en vez de axudar a resolver, está contribuíndo a reforzar —e vostede asente, ¿non? —

Ben, pois, ¡home!, eu creo que iso non é así. A Unión Europea activou xa en marzo a cláusula xeral de salvagarda do marco orzamentario para este ano. En setembro, ademais, comunicou que o mantén para o ano que vén. O mesmo mes de marzo —estou falando de marzo— apro-



bou os dous paquetes de flexibilización dos investimentos con fondos europeos como medida de choque fronte á pandemia, presentou o marco orzamentario plurianual 2021-2027, que mantén o esforzo nas políticas de cohesión; as políticas de cohesión mantéñense máis ou menos no mesmo nivel, non así a PAC —sobre o que despois lle direi tamén algo—.

E, finalmente, como indican na súa propia proposición non de lei, un plan de choque que é histórico, con 750.000 millóns de euros, que van dirixidos directamente para contrarrestar a pandemia, especialmente nos países que teñen dificultades financeiras para facelo por si mesmos; cuestión que tamén é moi relevante.

Pois ben, cremos que a resposta da Unión Europea foi exemplar. Non se mencionou aquí xa nin sequera a política monetaria. O Banco Central Europeo —ao que o Bloque sempre se opuxo e fixo ademais campaña para que España non se unira a el— ten feito unha política que conseguiu manter a estabilidade dos mercados financeiros e, polo tanto, facer sostible a débeda española e, ademais, facilitar a capacidade de gasto para recuperar os efectos da propia pandemia en todos os sectores económicos e manter, ao mesmo tempo, a estabilidade de prezos.

As operacións de liquidez que está a facer o Banco Central —estamos a falar de que os bancos comerciais, coa obriga de prestalo aos empresarios e ás persoas que demanden crédito, está dando tipos de xuro negativos do -1 %; polo tanto, está directamente regalando os cartos— están permitindo que, efectivamente, as crises de liquidez poidan ser solventadas por moitos pequenos e medianos empresarios. A compra de activos que está a facer —dicía o outro día Borrell no Foro La Toja, que tivo lugar na illa da Toxa—, efectivamente, que os bancos centrais están comprando todo, todo o que se pon por diante. Ben, pois, efectivamente, é que o Banco Central Europeo ten un programa de compra de emerxencia pola pandemia que supera o 1.350.000 millóns de euros, e, ademais, con compromiso de manter ese programa como pouco ata xuño de 2021, e, en todo caso, ata que o propio Consello Europeo diga que da pandemia xa pasou o peor e pasaron os seus efectos.

Efectivamente, o apoio do Banco Central Europeo que está permitindo... ¿Saben canta débeda está comprando o Banco Central Europeo nestes momentos de España? O 90 % da nova débeda que está a emitir o Goberno de España estaa adquirindo o Banco Central Europeo a uns tipos de xuro que realmente facilitan que se poida financiar a economía. O Banco Central Europeo ten mercado o 56 % do PIB en débeda da Unión Europea; a FED, a americana, o Banco Central dos Estados Unidos, só ten o 36 %. Ben, isto dános a idea da importancia da política monetaria europea.

E se falamos do que é o tema dos fondos, porque a política monetaria o que está facendo é precisamente reforzar o bo efecto que poden ter estes fondos extraordinarios, podemos dicir algunhas cuestións. Primeiro —como dicía—, que van fundamentalmente —por iso España ten o 20 % do total dos 750.000 millóns de euros— explicitamente para reforzar os países que teñen dificultades financeiras. ¿Por que? Porque outros tiñan un déficit moito menor, tiñan as contas máis axustadas e España no ano 2019 non só se apartou da senda do déficit en 8.000 millóns pactados coa Unión Europea, senón que ademais engadiu 10.000, chegando, polo tanto, a ter... ¡Vamos!, se non chega a ser polo apoio europeo, estaría o país claramente en creba e as dificultades serían moito peores.



Efectivamente, estamos a falar duns mecanismos de financiamento extraordinarios. Eu quero dicir que todo isto que se coñece como Plan Next Generation EU, 750.000 millóns, nin sequera son todos os fondos comunitarios dos que imos desfrutar. Efectivamente, debe haber un recorte nalgunhas partidas orzamentarias. Os orzamentos europeos baixaron a 1,08 billóns de euros, pero se lle sumamos o que significa o Next Generation EU —que é como se chama o novo apoio— estamos falando de 1,82 billóns de euros, que é o maior da historia da Unión Europea, que mantén a política de cohesión. E a PAC diminúe nun 10 %, pero tamén pode acceder ás axudas que o propio fondo Next Generation propón. Porque eu entendo que o rural de Galicia terá algún proxecto que se poderá financiar. Xa vimos os proxectos tractores que se presentaron durante o peor da crise polo comité de expertos de Galicia, pero seguro que tamén poderán acceder a isto.

España vai recibir 152.000 millóns de euros. Por certo, Galicia xestiona bastante ben os fondos europeos. Ao peche do exercicio de 2019, tendo en conta o gasto certificado, a execución do plan operativo para Galicia quedaba no 37 %, mentres que o plurirrexional —que é o que nos dá a media de España— está no 22 %. E precisamente por iso pensamos que, efectivamente, é importante que Galicia teña capacidade de xestión.

Pero todo isto é sen ter en conta outros instrumentos. O SURE, por exemplo. Cerca de 22.000 millóns de euros nos deu Europa..., perdón, exactamente, por ser precisos, 21.300 millóns de euros nos deu Europa para pagar os ERTE, e o Estado levaba gastado en ERTE 22.000 millóns. É dicir, o custo dos ERTE realmente quen o asumiu foi Europa a través do programa SURE.

Ben, pois con todos estes antecedentes, evidentemente, nós o único que podemos facer é valorar ben o que fixo a Unión Europea, apreciar unhas decisións que reforzaron a integración económica, que ademais se basean na solidariedade porque apoian os países que teñen máis dificultades, e que ademais nos van permitir evolucionar cara a unha nova economía máis innovadora, máis verde, que xere emprego de calidade e que nos permita non perder comba nun mundo que está evolucionando a pasos axigantados.

Polo tanto, nós certamente estamos de acordo con iso. O saldo é positivo para España en todos os sentidos e non podemos compartir esa visión negativa do que está a facer Europa.

Si que hai un problema coa distribución dos fondos. O que dixo o presidente Sánchez —e tamén apuntou algo a propoñente— é que aínda non se sabe nin sequera como vai artellar ben todo isto Europa. O presidente Sánchez anunciou que mañá vai dar as liñas mestras e que na Conferencia de Presidentes do 26 de outubro anunciará exactamente como pensa facer o plan español, no que se deben de colgar todas as comunidades autónomas.

Evidentemente, queremos que as comunidades autónomas estean aí. Iso é fundamental, primeiro, polas competencias; estamos a falar de emprego, políticas activas, estamos a falar de cuestións como a mobilidade, medio ambiente, etc., que son ámbitos autonómicos. En segundo lugar, temos os antecedentes de cando o Goberno de España decidiu centralizadamente, pola súa conta, como se distribuían algúns dos fondos que se puxeron en marcha no confinamento, que Galicia saía claramente prexudicada, por exemplo, na educación ou, por





exemplo, en sanidade; cousas das que, por certo, pois nós nos queixamos, pero parece que iso é poñer paus nas rodas. Ben, en fin, seguiremos igual.

Con eses antecedentes é fundamental que participen as comunidades autónomas, pero ¿como? Vostedes piden bilateralidade na súa proposición non de lei. Ben, nós cremos que o foro correcto é o que é, o Consello de Política Fiscal e Financeira e a Conferencia de Presidentes, eses órganos multilaterais. A propia Unión Europea é un foro multilateral; non se imaxina ninguén a España negociando os fondos Next Generation exclusivamente para España, senón no contexto de todos os Estados que participan na Unión Europea.

Creo que aquí o BNG segue sen entender o que é a gobernanza multinivel, onde se toman decisións conxuntamente, o que facilita a transparencia e a adopción de criterios que todos podemos coñecer e, polo tanto, que se minimicen os riscos dun trato discriminatorio, que foi o que vimos precisamente cando se repartiron os fondos durante a pandemia.

Por iso, entendemos, en definitiva —e conclúo—, que, tendo en conta, primeiro, que non existe tal cousa como ponencia no Regulamento do Parlamento de Galicia —as únicas ponencias que hai son as lexislativas—...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...e que temos creada unha Comisión para a reactivación económica, social e cultural de Galicia, non ten moito sentido sacar do debate os proxectos aos que Galicia aspira obter financiamento dos fondos europeos canalizados a través do programa que España presentará á Unión Europea. Entendemos que non é o máis conveniente separalo, desde logo, dese debate.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PUY FRAGA:** E a reflexión política é: se xa temos constituída esta comisión —que é o lugar onde pactamos abordar a crise do coronavirus—, pois, ¡home!, seguiremos debatendo todas as comisións que vostedes queiran. Eu son máis partidario —o xoves constitúese— de que nos poñamos a facer un plan de traballo que incorpore tamén, como as residencias, os proxectos aos que arela Galicia obter cos fondos Next Generation EU...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PUY FRAGA:** ...e, polo tanto, que aí queremos traballar.

Nese sentido é a nosa emenda, que é simplemente seguir abrindo, ofrecendo a nosa man e o noso espírito de pacto nesa comisión para todos os ámbitos...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PUY FRAGA:** ...que trate, incluído, o dos fondos europeos.



Grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde.

Como primeira cuestión —por se lle quedaba algunha dúbida, señor Puy Fraga—, o Bloque Nacionalista Galego reafirmase na súa lectura crítica do que é a Unión Europea ao servizo dunha axenda claramente neoliberal que nós combatemos. Tamén combatemos o oligopolio eléctrico e cando fai frío poñemos a calefacción, (*Aplausos.*) cousas da nosa vida. Polo tanto, non imos renunciar a dar o debate sobre que papel ten que ter Galiza neste contexto. E poderíamos profundalo nesta cuestión, pero creo que todos e todas estabamos confinadas e vimos o espectáculo do debate dos coronabonos, que nos podía valer de exemplo, ou vimos —xa citei na miña intervención anterior— como a ultradereita de Hungría —un país que persegue, por exemplo, cuestións como a homosexualidade ou a migración— están condicionando agora tamén este debate, ao mesmo tempo que están participando dese modelo da Unión Europea. Desde logo, ata eu, que son atea, dígolle que xa a estas alturas ata o Papa está cuestionando o fracaso do neoliberalismo (*Aplausos.*). Quizais estamos máis cerca nós de gañar esta batalla dialéctica.

En todo caso, indo ao central deste debate —aínda que hai cuestións nas que discrepamos, como esa lectura conformista do que é a xestión por parte da Xunta de Galiza dos fondos europeos—, eu citaba brevemente a cuestión do PDR. Poño un exemplo: medida 8, referente á cuestión tan importante como os lumes forestais —do que tanto debatemos no pleno pasado—, é algo que ten aproximadamente a metade da execución do que debera. Pero, en todo caso, isto quedará para outros debates.

Quería facer unha breve mención ás cuestións que puña enriba da mesa a voceira socialista. Decía que era unha gran nova para Galiza que teñamos estes fondos teoricamente enriba da mesa. Verémolo. Veremos se somos capaces como país de ter unha parte deses fondos para as nosas necesidades. Desde logo, nós non concordamos con que eses fondos non consisten en repartir por parcelas; supoño que non consiste niso se non es Euskadi, non tes un grupo parlamentario que condicione a política no Estado agora mesmo ou se non tes outras oportunidades. Pero, desde logo, o que estamos a ver é que houbo quen fixo os deberes e houbo quen non, porque a Xunta de Galiza pataleou un pouco pero vese que non o suficiente, porque non hai enriba da mesa ningunha folla de ruta, ou iso parece entender.

E, desde logo, nós discrepamos con ese concepto que parece que une Partido Popular e Partido Socialista de cogobernanza. Porque, claro, aquí cando se fala de cogobernanza estase falando de que mañá Pedro Sánchez di cales son as directrices e despois, se iso, nós xestio- namos un pouco. Iso non é a cogobernanza á que nós aspiramos. Nós aspiramos a que este país teña dereito a decidir sobre que nos corresponde e sobre para que queremos empregalo, (*Aplausos.*) non o que decida outro e despois nós teñamos que facelo.



E, desde logo, fixo un retrato vostede de Feijóo defendendo esta cuestión que, se fora fidedigno, eu creo que lle pedía un autógrafo mañá, pero, desafortunadamente, o que vimos máis ben foi un presidente apático neste debate. Hai quince días tiña esa oportunidade que lle brindou a nosa voceira nacional de sentarse e chegar a un acordo e nin sequera se dignou a entrar no debate dese aspecto. E non é a primeira vez que o Bloque Nacionalista Galego pon esta cuestión enriba da mesa. Eu creo recordar que tamén se fixo no debate de investidura, no primeiro gran debate que tivemos neste comezo de lexislatura, hai un mes e pico. Diferente sería o panorama se tiveramos unha proposta de país para dicirlle mañá ao señor presidente do Goberno ou para levar a esa cita do 26 de outubro que non tela, sería moi diferente.

Fala o señor Puy Fraga da bilateralidade. Eu, pola súa emenda, pensei que case o convencera, porque fala de que nesa comisión cheguemos a un acordo para trasladar ao Estado. Desde logo, nós seguimos pensando que, mentres outros nos dan o exemplo de que son capaces de conseguir negociacións para o seu país, xa que o señor Feijóo imita tanto o señor Urkullu, pois podía pegárselle un pouquiño máis tamén niso.

Pero, ben, quería centrarme na cuestión fundamental, porque, aínda que os dous voceiros non se centraron demasiado niso, hai un elefante rosa nestas dúas emendas que basicamente o que din é: levemos este debate á Comisión de reactivación económica. E, desde logo, a nosa vontade por falar de vagar tamén das cuestións dos fondos europeos nesa comisión é toda, pero non nos fagamos trampas ao solitario: hai algo que urxe, que é ter unha posición sobre os criterios e as cuestións mínimas a exixir. Mañá a axenda do debate —antes de que votemos esta PNL— vai estar marcada xa polas directrices do Estado. O día 26, en apenas vinte días, vai haber unha Conferencia de Presidentes. Desde logo, non será polo esforzo que vai poñer o Bloque Nacionalista Galego nesa comisión en acelerar os prazos, en poder ter un plan de traballo canto antes. Pero cremos que non é realista, que non hai que ir a subterfuxios de que o Regulamento di isto ou di aquilo. Se fai falta, incluso retiramos esta PNL, pero que nos sentemos a falar e a acordar unha proposta. Temos exemplos doutras ocasións nas que o fixemos; por exemplo, nesa Comisión non permanente de Igualdade, da lexislatura pasada, para trasladar ao Senado cuestións respecto do pacto de violencia machista, e temos exemplos tamén doutras ocasións.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Aquí do que se trata —e remato con esta cuestión, señor presidente— é de se aproveitamos os últimos tempos, os últimos días, para dar este debate como país ou se esperamos a que decidan por nós. Realmente cremos que a vía non é postergar este debate á Comisión de Reactivación para que morra aí, para que se ralentice e para que non se concrete. Cremos que nesta Cámara hai capacidade de facer outra cousa, temos un día por diante...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e podemos chegar a algún tipo de transacción. Pero, desde logo, tal e como están redactadas as emendas, a nós parécenos que é unha fuxida cara a adiante para evitar que uns dean o debate sobre o que non está facendo a Xunta de Galiza...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e que outros non dean o debate sobre o que está facendo o Estado e prexudica a este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Comisión Europea en relación co impacto para a frota pesqueira de Galicia da decisión de inserir o marraxo dientuso no apéndice II da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas da fauna e flora silvestres, CITES**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, e para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Boas tardes.

Grazas, presidente.

«O palangre lanza un SOS pola inacción de Pesca co marraxo e a caída de prezos». «O palangre de superficie en alerta vermella ao non poder vender. Considera que o Ministerio de Transición Ecolóxica non é o competente para a xestión pesqueira». «Coa quenlla a 0,30 e sen vender marraxo, os espadeiros afúndense». «Frota e industria do palangre xóganse case tres mil empregos na peor crise do sector». «A OPP de Burela alerta da caída de ingresos no marraxo e na quenlla».

Xa ven, señores e señoras deputadas, unha chamada de socorro, unha advertencia grave, unha crise xerada soamente por unha decisión dun ministerio, do Miteco, do famoso Ministerio de Transición Ecolóxica, que cada vez que toma unha decisión lle dá un batacazo directamente a Galicia e lle dá un batacazo directamente ao sector pesqueiro. Polo tanto, nós sabemos que o marraxo supón o 10 % das capturas anuais da frota palangreira, son case tres mil toneladas ao ano —traducidas en volume e facturación económica, son 10 millóns de euros ao ano—. Polo tanto, é un batacazo absoluto á frota palangreira e aos espadeiros de Galicia.

A frota galega de palangre de superficie son 135 barcos e máis ou menos serían 941 tripulantes en Galicia. Polo tanto, vostedes xa viron, eu empecei con titulares de prensa, que son noticias que saen directamente do sector. O Ministerio de Pesca, neste caso, deixa pescar. O Ministerio de Transición Ecolóxica, da señora Teresa Ribera, chega e manda parar, e solicita un certificado CITES, un certificado da Secretaría Xeral de Comercio, que non aparece. Polo tanto, acumúlanse e almacénanse toneladas de marraxo sen poder comercializarse. ¿A vos-



tedes isto parécelles serio? Porque o Ministerio de Pesca neste caso ponse de perfil, e o Goberno socialista, a ministra de Transición Ecolóxica e a Secretaría de Comercio aquí non responden. E, mentres, temos unha frota palangreira esmorecendo absolutamente, un sector pesqueiro en Galicia totalmente afectado por trámites burocráticos e decisións entre tres ministerios que non son capaces de poñerse de acordo.

Miren, ¿que pasou?, ¿que pasou?, ¿por que estamos neste punto? A inclusión o pasado mes de agosto do marraxo no apéndice II da CITES, da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres, provocou que os cargamentos deste escualo, como dixen antes, permanezan almacenados desde o pasado mes de novembro, reitados, porque non chega ese certificado de Comercio. A situación agravouse, ademais, en xaneiro, no porto de Leixões. Compañeiros da frota palangreira portuguesa chegan con cargamento de marraxo e poden comercializalo. A frota galega chega co marraxo e non pode comercializalo, ten que almacenalo. Polo tanto, isto é unha espera dun certificado —que nunca chega— que ten que emitir a Secretaría de Estado de Comercio, e que non existe, que non existe e non hai resposta. Polo tanto, é unha incerteza absoluta por parte do sector, porque poderían estar esperando algo pero non saben a que esperan, porque aquí ninguén toma ningunha decisión.

Este bloqueo administrativo, este bloqueo democrático, como digo, afecta directamente o sector palangreiro de superficie galego, xa que aínda que a captura non se realiza, como saben vostedes, na costa galega, a maioría dos buques con capturas desta especie teñen a súa base en portos galegos. Recentemente, as principais organizacións pesqueiras, que son as de Burela (Lugo), Vigo, Marín e A Garda, lanzaron ao Goberno central unha chamada de auxilio, como xa viron e xa puideron —imaxino— ler na prensa nos últimos días, debido aos problemas que dende hai un ano se veñen producindo para comercializar ese marraxo dientuso como consecuencia da inclusión desta especie no apéndice II.

Dende Galicia ¿que se fixo? Porque dende Galicia non se permanece para nada quietos neste tema. A Xunta de Galicia, a propia conselleira do Mar, o propio presidente da Xunta, intentaron intervir para que isto se poida solucionar. E hoxe esta iniciativa, esta proposición non de lei, ten que ser un impulso de todos os grupos políticos de Galicia para que en Madrid, no Goberno de España, se tomen decisións e se poida dar saída a ese marraxo, a esa venda, e non deixar esmorecer a frota palangreira. Polo tanto, entre as medidas que se tomaron a principios de febreiro de 2020, como continuidade doutras xestións realizadas xa en decembro de 2019, a conselleira do Mar demandou de Segepesca a axilización da emisión de certificados CITES. Non houbo resposta. En xullo a conselleira volveu demandar outra vez a emisión deste certificado. Non houbo resposta. En setembro o presidente da Xunta remitiu unha carta á vicepresidenta cuarta e ministra de Transición Ecolóxica, e non houbo resposta.

Estamos nunha situación límite —insisto—. Eu creo que, ademais, a forza que temos que facer dende Galicia ao poñernos de parte do sector ten que ser crucial, e temos que deixarnos aquí de temas partidistas. Porque —insisto— estes son temas burocráticos e decisións dun ministerio, decisións moi políticas e moi ideolóxicas. E non vaia ser que deixarnos levar polo ecoloxismo faga que nos carguemos un sector tan importante para Galicia como é a pesca. Porque a liña é moi fina pero poden convivir. Nós temos que defender aquí a sustentabilidade





da pesca e como pescamos e como facemos as cousas en Galicia, respectando o medio ambiente, porque é o medio que nos dá despois de comer a través da pesca.

Aínda por riba a frota palangreira ten alta dependencia doutras especies, como pode ser a quenlla, que representa o 75 % das súas capturas e o 60 % dos seus ingresos. E na actualidade os prezos tamén caeron brutalmente. Un 0,3 % o quilo no pasado mes de agosto fixo que os ingresos desta frota palangreira foran moi escasos e moi reducidos, moi por debaixo das súas previsións. Polo tanto, póñense en risco tres mil empregos. Podemos falar así, quizais non entenda a ministra de Transición Ecolóxica o que significa este sector para Galicia. Quizais estea mirando sempre para outras comunidades autónomas e nunca estea pendente de Galicia, porque —insisto— cada vez que toma unha decisión é un batacazo ao sector industrial galego, ao sector pesqueiro de Galicia.

Temos, aínda por riba, a covid-19, que tamén afectou. E o Ministerio non tomou ningunha medida para axudar. ¿Que fixo a Xunta de Galicia, principal defensora, tanto a Xunta de Galicia como a conselleira do Mar —anfitriña en Europa e, ademais, defensora da pesca galega e, atrévome a dicir aquí, que da pesca en España, porque é a cara visible que defende sempre o sector pesqueiro e o xeito que temos de pescar—? ¿Que fixo respecto da covid-19, que tamén tivo un forte impacto no palangre? Puxo en marcha tres medidas.

A primeira foi trasladar ás embaixadas españolas en terceiros países a súa preocupación polas dificultades da frota para que contribúan a manter a súa operatividade na mobilidade das tripulacións, nos pertrechos. Todo ese movemento coa covid foi moi complicado, e tivo que interceder porque o Ministerio non fixo nada. Está analizando as posibilidades de articulación de medidas de axuda para unha frota que non se puido beneficiar das axudas do Goberno central, porque, ao permanecer activas boa parte das súas capturas, non se puido acoller a esas axudas por almacenamento. É dicir, eles provocan o problema e ademais son a causa de que non poidan recibir tampouco as axudas. E puxo á disposición das pemes de transformación de produtos do mar axudas para contribuír á mellora da capacidade de almacenamento frigorífico das capturas deste sector, que ameazaba colapsar.

Eu insisto, a frota do palangre leva tempo así, por decisións deste Ministerio de Transición Ecolóxica —ou de «intransición» ecolóxica, xa non sei como chamalo como voceira de pesca e como galega, e sabendo ademais a importancia que ten este sector en Galicia—, porque tamén sufriu menoscabo coa regulación da prohibición do *finning* que vén de Europa. Pero aquí, dende Madrid, dende o Ministerio de Pesca, dende o Ministerio de Transición Ecolóxica, ninguén defendeu que as frotas de palangre non practicaban o *finning*, tal e como se plantexaba, á diferenza doutros barcos e doutras frotas doutros países asiáticos.

Polo tanto, é un agravio, é un menoscabo, é un desprezo —insisto— a este sector. E nós, que falamos de Europa e acabamos de falar dunha posibilidade de acollernos a determinados fondos, jollo cos extremos e ollo co ecoloxismo, como digo, en Europa e con pasar de todo! Porque pouco a pouco con este tipo de decisións estanse cargando a pesca en Galicia.

Polo tanto, nós insistimos. Eu creo que é importante que hoxe todos os grupos apoiemos esta iniciativa, porque esta iniciativa é unha forza de Galicia, é a defensa dun sector, dun



sector, á marxe da política, que sabemos que é moi importante para moitas familias, para moitas comarcas. E ademais é unha forma de sustento que temos que defender —insisto— en Madrid e en Europa.

Espero que vostedes teñan en conta as demandas do sector, que nós apoiamos absolutamente dende o Grupo Parlamentario Popular e dende a Xunta de Galicia. Pero estas non son demandas do Grupo Parlamentario Popular, estas son demandas dun sector e son dunha importancia crucial para —insisto— preto de tres mil postos de traballo, 135 barcos da frota palangreira e máis de novecentos —cerca de mil— tripulantes da frota palangreira. Polo tanto, espero que teñan en conta esta iniciativa e saia de aquí coa unanimidade de todos os grupos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Egerique.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A verdade é que, señora Egerique, non nos sorprende que o Grupo Parlamentario Popular rexistre iniciativas e, cando a algún dos seus deputados ou deputadas lle toca defender esa iniciativa, meta outros temas polo medio creando confrontación e debate. Porque dicir tamén que dende o propio Ministerio de Pesca non se defendeu o tema do *finning* é fallar á realidade, porque ben sabemos que os nosos barcos non o practican, non fan esta práctica. Polo tanto, non veñan con mentiras.

Xa lle adianto que o Grupo Parlamentario Socialista, que tamén entende as reivindicacións e comparte as reivindicacións do sector, así como a propia Secretaría Xeral de Pesca, do Ministerio de Pesca, imos apoiar a iniciativa que hoxe trae o Grupo Parlamentario Popular.

Pero a verdade é que, cando vostede defende esta iniciativa, está a mezclar temas. Porque, por unha parte, na súa parte resolutive o que piden, e no que nós concordamos, son esas medidas de protección para o marraxo dientuso pero que non lle supoñan prexuízos económicos ao sector. Pero, por outro lado, mete temas de problemas de comercialización. O tema non ten que ver co que vostedes piden na súa parte resolutive.

Pero centrándonos tamén na iniciativa que hoxe traen a este Pleno, nós cremos que hai que ter un equilibrio entre ter medidas para protexer o marraxo dientuso e que estas —coincidimos con vostede— non influan negativamente na frota palangreira do noso país, que é tan importante no noso sector económico. E queremos facer unha serie de puntualizacións.



A Comisión Internacional para a Conservación do Atún do Atlántico, que é a organización rexional da pesca responsable do manexo e conservación do atún e especies afíns no océano Atlántico, ten establecida unha exixente norma de conservación para o caso do marraxo; norma de conservación que é cumprida de maneira escrupulosa por toda a frota da Unión Europea, por toda a frota española e, dende logo, pola frota galega en particular. A norma da ICCAT baséase nos estudos científicos do seu comité —que este non ten por que ser a biblia absoluta—.

Puntualizo que non se dixo aquí, pero que creo que é importante dicir, que non existe pesca dirixida do marraxo dientuso, senón que se trata dunha pesqueira accidental que ocorre en determinadas pesqueiras, como, por exemplo, a do peixe espada. Non é, polo tanto, unha pesqueira obxecto de TAC, non é, polo tanto, unha pesqueira obxecto de cota. E, polo tanto, non podemos falar de sobrepasamento. Trátase, como dicía anteriormente, dun problema de comercialización do marraxo, do que falaba a señora Egerique no principio da súa exposición. Pero hai que incidir en que todos os exemplares de marraxo que no transcurso das gunhas destas pesqueiras chegan vivos aos nosos buques son devoltos ao mar tal e como establece a norma da ICCAT. E aqueles exemplares que veñen mortos e que chegan mortos ás embarcacións poden ser retidos a bordo. Esta sistemática é plenamente coherente coa filosofía que establece a normativa de descartes fixada pola Unión Europea. Certo é que coas medidas establecidas pola ICCAT se conseguiu unha redución do 51 % entre 2017 e 2019 das capturas accidentais de marraxo dientuso que chegan mortos aos buques.

Cabe recordar e incidir outra vez en que a nosa frota palangreira de superficie cumpre escrupulosamente a norma de conservación da ICCAT, a nosa frota realiza unha pesca sostible e respectuosa co medio ambiente. De feito, o propio sector pesqueiro evita faenar en áreas de concentración do marraxo dientuso e cumpre coa obrigación tamén introducida pola ICCAT relativa ao embarque de observadores que anoten todos os incidentes relacionados co marraxo dientuso.

A Secretaría Xeral de Pesca considera que, a través dunha adecuada xestión e dunha responsable xestión tamén das pesqueiras polas ORP e as autoridades pesqueiras dos gobernos, se pode conseguir a recuperación das especies sen necesidade de cesar a actividade pesqueira —cos conseguíntes prexuízos económicos e tamén socioeconómicos que isto supón—. E así se ten demostrado nos últimos anos en pesqueiras emblemáticas, como é o caso, por exemplo, do atún vermello.

Polo tanto, señorías do Partido Popular, estamos de acordo coa iniciativa que hoxe traen aquí. É unha iniciativa, dende logo, do propio sector, do sector do palangre da nosa comunidade autónoma e tamén do resto de España. Entendemos que a través desa xestión responsable que xa se está a facer por parte das nosas pesqueiras non sería necesario adoptar ningunha medida a maiores que poida supoñer un grave prexuízo económico para o noso sector; porque, ademais, como dicía anteriormente, tense demostrado con outras pesqueiras emblemáticas. Polo tanto, nós imos apoiar a proposición que hoxe trae o Partido Popular.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, boa noite xa.

Quero comezar aclarando —por se hai persoas aquí que o descoñezan— que a frota galega palangreira de superficie, da que estamos a falar a raíz da iniciativa que vén de presentar o Partido Popular, é unha frota que cumpre co marco normativo europeo, co marco normativo estatal e co marco normativo das organizacións rexionais de pesca. É dicir, non son piratas. Estamos a falar dunha frota que conta con licenzas de pesca, que está sometida a estritos controis e que ademais colabora coa comunidade científica, dentro do programa de observadores a bordo, nin máis nin menos que dende os anos oitenta. E todo isto son datos que avalan esa propia frota. Penso que é de xustiza deixalo ben claro porque non todos os países poden fachendear do mesmo, nin todos os países, ou as frotas deses países, actúan igual que a frota galega. (Aplausos.)

Sobre a *quasi* prohibición da práctica da pesca do marraxo temos informes para todos os gustos, dende os que propoñen a prohibición total ata aqueles que non concordan coa inclusión do marraxo no anexo II da CITES, que se fixo a mediados do ano pasado; como, por exemplo, nesta liña, o informe do grupo de expertos da FAO ou o informe dun dos maiores expertos mundiais en especies migratorias, que o temos no IEO da Coruña, o señor don Jaime Mejuto.

Ben, informes, como digo, hainos, efectivamente, para todos os gustos. Pero o que chama a atención é que todo o que se lle exige á frota galega non o teñan que cumprir os barcos —os superbarcos, diríamos nós en moitos casos— doutros países que foron clave precisamente para que as distintas especies de tiburón fosen incluídas nas limitacións impostas pola CITES. E mentres se lle exigen todos os cumprimentos e todos os requisitos á frota galega, tamén se lle poñen cada vez máis trabas, máis impedimentos, mentres as frotas incumplidoras seguen campando ás súas anchas. Cabería preguntarse aquí, igual que noutros moitos temas —acabamos de falar dos fondos europeos—, onde está a Unión Europea e a súa política pesqueira, que é incapaz de poñerlle, xa non obstáculos, senón sequera dificultades ás superfrotas extracomunitarias que arrasan literalmente con todo, sobre pescando e sobre explotando os recursos. (Aplausos.)

Ben, a inclusión do marraxo no anexo II da CITES impón aínda máis controis sobre o seu comercio. Tan pronto como se aprobou a inclusión a mediados do ano pasado, do ano 2019, o sector dirixiuse á Administración estatal para saber que consecuencias ía traer esa catalogación. E foi a propia Administración estatal, xa daquela, a que dixo e a que asegurou que simplemente se trataba de emitir un certificado, que podían ficar tranquilos. E ¡tan tranquilos!, xa o vemos. Pois ese simple certificado e todo o posicionamento político e ideolóxico que hai detrás dese certificado é o que nos trae hoxe ata aquí, un simple certificado que lle está custando ben caro á frota galega de palangre de superficie.



O marraxo, como xa se dixo, non ten oficialmente TAC, non ten imposición de TAC nin ten tampouco imposición de cotas. O que ten son determinadas limitacións e certos obstáculos, precisamente, de transaccións comerciais, nin TAC nin cotas. Aínda así só se autoriza a comercialización de 350 toneladas. É dicir, o Ministerio de Transición Ecolóxica —porque como a señora deputada do PSOE falou do Ministerio de Pesca longo e tendido, imos falar agora un pouquiño do Ministerio de Transición Ecolóxica— a pesar de non ter TAC nin ter cotas, ese ministerio, impuxo un cupo de 350 toneladas ás 940 toneladas de marraxo que permite capturar o Ministerio de Pesca. Por certo, o Ministerio de Pesca permite capturalas, permite pescalas, seguindo precisamente as prescricións da ICCAT. É dicir, o Ministerio de Pesca permite pescar 940 toneladas e o Ministerio de Transición Ecolóxica permite comercializar 350 desas 940. Claro, nin o propio Valle-Inclán sería quen de crear semellante esperpento, semellante absurdo. *(Aplausos.)*

Deste xeito a frota palangreira da Garda, de Marín, de Vigo e de Burela teñen retidas, por non dicir secuestradas, centos de toneladas de marraxo nos conxeladores e nas propias adegas dos buques; centos de toneladas de marraxo que foron pescadas de xeito legal pero que agora mesmo non se permite comercializalas.

E entón o tema agora mesmo é, ¿que facemos con elas, con eses centos de toneladas que están aí acumuladas, que están aí almacenadas? Ben, non só non están xerando beneficios neste momento, senón que están xerando importantes gastos polo seu almacenamento.

O BNG xa se dirixiu ao Goberno estatal e presentou tamén nesta Cámara iniciativas que trasladan a indignación e a desesperación de mariñeiros, de armadores e de comercializadores. Agardamos que hoxe o Goberno do Estado atenda o acordo — polo que vexo unánime— deste Parlamento, xa que aos palangreiros nin os recibe, nin os recibe.

Adiantamos, creo que queda claro, que a nosa posición e o noso voto vai ser favorable á iniciativa. Pero non quero rematar, señora deputada do Partido Popular, sen dicirlle precisamente ao seu partido que chega tarde, chega tarde, que se lembra tarde de que a Xunta inste a Comisión Europea para que tome medidas que combinen a protección do marraxo co mantemento da frota galega de palangre de superficie. E digo que se lembran tarde porque foi a propia Unión Europea —precisamente en contra dos expertos da FAO—, foi a propia Unión Europea, non os ecoloxistas, señora deputada, e en contra dos informes da FAO e da propia Secretaría da CITES, quen non só apoiou senón que tamén patrocinou a proposta de inclusión no anexo II. Foi a Unión Europea a que non tivo en conta e obviou o criterio de equilibrio que debe existir entre unha pesqueira sostíbel e os aspectos económicos na súa pesca.

Seguro, señores e señoras deputadas —sobre todo, señores e señoras deputadas do Partido Popular—, que sería un exercicio interesante, aínda que non seguramente moi edificante, saber que grupos promoveron dentro da Unión Europea esa decisión da propia Unión Europea. E, claro, señora deputada do Partido Popular, daqueles pos, estes lodos.

O que agardamos agora da Xunta de Galicia é que, ademais de instar, de advertir, de trasladar, etcétera, etcétera, etcétera, poña en marcha esas medidas que xa anunciou, que articule





os mecanismos que son necesarios neste momento para salvar a frota palangreira galega da situación na que está, que é —e nunca mellor dito— coa auga ao pescozo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pérez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Ben, alégrome moito —non só eu persoalmente nin o grupo parlamentario, senón que seguramente o sector palangreiro— do apoio unánime.

Señora Pérez, vostede dixo claramente que o sector do palangre, a frota palangreira de superficie de Galicia, cumpriu todo, que non incumpriu ningunha lei, non fixo nada malo. É dicir, a señora Otero dicíame que eu falaba de comercio mesturando temas. É que realmente quen meteu o palangre neste problema... O Ministerio de Pesca dille «pesque vostede o que queira», pero o Ministerio de Transición Ecolóxica e a propia Secretaría de Comercio, que é a que ten que emitir ese certificado, non emite o certificado e prohíbelle vender a totalidade do que pesca. Por tanto, quen meteu neste lío a frota do palangre, quen ten ese marraxo almacenado sen que poida comercializarse, son os tres ministerios do Goberno de España, que non se poñen de acordo. Pero é que non se poñen de acordo, é que miran para outro lado, non reciben o sector palangreiro, non contestan. O ministro de Pesca di: «Si, si, pesquen, pesquen». Chegan a porto e non poden comercializar o produto. Entón, non me diga aquí vostede que eu estou mesturando temas, cando vostede se pon aquí a falar do atún roxo e fala de descartes, fala vostede doutros tantos temas, para cubrir o seu tempo porque non me dá unha solución.

Vai apoiar esta iniciativa. Estamos moi alegres nós neste momento de que vostedes apoiem esta iniciativa. Pero queremos solucións, queremos que reaccione o ministro de Pesca, se ten algo que dicir, e a ministra de Transición Ecolóxica, que parece que é a que toma todas as decisións do goberno de Sánchez. Parece que son os que teñen que reaccionar.

Nós alegrámonos moito desta iniciativa e, por suposto, desas tres medidas da Xunta de Galicia e todas as medidas que propuxo pola covid-19, que son favorecedoras para este sector. E entre todas as medidas que tomou, como dixen antes, dende xa finais do ano pasado, debido á inclusión desta especie no anexo II, advertiu de que os cupos nacionais non eran apropiados para esta frota. Polo tanto, non permaneceu tampouco impasible a Xunta de Galicia, senón que, cando foi o establecemento de cupos nacionais do marraxo xa a finais do 2019, Galicia advertiu dos prexuízos de establecer esas decisións.

Polo tanto, si que se está traballando, e —insisto— Galicia, a Xunta de Galicia e a conselleira de Pesca —que defende os intereses de Galicia e do sector pesqueiro, non os do Partido Popular—, é a embaixadora e a que ten que estar en Europa loitando e defendendo a frota pesqueira.



Eu insisto en que esta situación de desamparo —que ademais non é máis que unha descoordinación e un desentendemento absoluto de ministerios do Goberno de España, e un descoñecemento total, ademais, da realidade da pesca de Galicia— ten que solucionarse tamén por parte dos tres ministerios. É tomar unha decisión, e darlle saída a ese marraxo. E, ademais, o que dicía eu non era que os ecoloxistas tomaran unha decisión, —expreseime mal—. O que dicía é que ¡ollo con ese ecoloxismo tan excesivo!, que ás veces o que fai é cargarse a pesca de Galicia. Polo tanto, temos que ter en conta todo iso, temos que ir coas medidas tamén sabendo como se pesca en Galicia, explicando a maneira sustentable, a importancia que ten. Ademais, o marraxo é neste caso tamén un ben de necesidade, un alimento; é dicir, comercializalo tamén é interesante, é importante. Non veñan aquí vostedes como ás veces, cando me empezan a dicir que se se pescan cartos, que se é valor económico... É valor económico para familias, para frotas. Entón eu insisto en que isto é todo transversalidade, pero aquí ao que estamos é a que o Goberno de España, o goberno de Sánchez, tres ministerios —que están cada un a ver quen manda máis e quen emite máis ordes para prexudicar a frota—, se poñan de acordo e dean saída a isto. Porque isto é máis que trámites burocráticos, creo que aquí hai ideoloxía en profundidade no Ministerio de Transición Ecolóxica. Pero aquí o Ministerio de Pesca non pinta nada e non defende o sector palangreiro.

Polo tanto, o que pedimos desde aquí con esta iniciativa é que se defenda o sector do palangre, que a forza que temos neste Parlamento todos os grupos políticos teña resultado e que poidamos dar saída a esta frota e poidamos ademais ofrecerlle certezas e futuro, porque agora está nun momento de incerteza e ademais cuns gastos que non pode afrontar porque xa non ten nin espazo para almacenar máis marraxo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Egerique.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas e boa noite a todos.

*Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta minutos do serán.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

